



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 147

Sesión plenaria
8 de novembro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.6 61463 (11/PNP-004972)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe demandar ao Goberno central en relación co estado de conservación da A-6

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 585, do 25.10.2023

Punto 5. Interpelacións

5.1 52097 (11/INT-002501)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a contratación do servizo de transporte público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

5.2 59152 (11/INT-002751)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a atención á saúde mental no Sistema público de saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 561, do 13.09.2023

5.3 60841 (11/INT-002823)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o funcionamento dos servizos de transporte escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 11.10.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 61660 (11/POPX-000121)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o importe que foi executado polo Goberno galego desde a iniciación do plan de recuperación posto en marcha polo Goberno de España

Publicación da iniciativa, BOPG nº 588, do 02.11.2023



6.2 61661 (11/POPX-000122)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a avaliación que fai do cumprimento dos compromisos da Xunta de Galicia en materia de infraestruturas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 588, do 02.11.2023

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 60340 (11/POP-009444)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Murillo Solís, María Guadalupe e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración do impacto que terá nas familias galegas o impulso do bono deportivo anunciado polo Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 570, do 27.09.2023

7.2 61311 (11/POP-009554)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre a renovación do convenio da Unidade da Policía Nacional Adscrita

Publicación da iniciativa, BOPG nº 585, do 25.10.2023

7.3 57156 (11/POP-008945)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre a modernización e a urxente renovación da frota da rede ferroviaria de ancho métrico que opera en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 548, do 22.08.2023

7.4 61652 (11/PUP-000369)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre a valoración da Xunta verbo dos recentes informes do Consello de Contas relativos á eficiencia da colaboración público-privada nas autovías galegas e á ordenación e inspección do transporte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 588, do 02.11.2023

7.5 61647 (11/PUP-000368)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes**

Sobre a situación que se produce no CEIP María Barbeito, da Coruña, en relación coa oferta de prazas de comedor escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 588, do 02.11.2023



7.6 61195 (11/POP-009537)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre o criterio que ten a Xunta de Galicia acerca da reapertura do consultorio médico de Goián, en Tomiño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 585, do 25.10.2023

7.7 60749 (11/POP-009492)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante o anuncio da venda do pazo de Montesacro, en Cambados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 11.10.2023

7.8 60957 (11/POP-009515)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a oportunidade de que a Xunta adquira o pazo de Montesacro, en Cambados, para que siga prestando, baixo xestión pública, funcións de asistencia social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

7.9 61662 (11/PUP-000371)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e seis deputados/as máis**

Sobre a información facilitada polo Goberno central ás comunidades autónomas respecto do proceso de acollida das persoas chegadas ás Canarias na presente crise migratoria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 588, do 02.11.2023



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o importe que foi executado polo Goberno galego desde a iniciación do plan de recuperación posto en marcha polo Goberno de España. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 11.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 13.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 14.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a avaliación que fai do cumprimento dos compromisos da Xunta de Galicia en materia de infraestruturas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 17.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 19.)

Proposición non de lei do G. P Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que o Goberno galego debe demandar ao Goberno central en relación co estado de conservación da A-6. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 21.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 22.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 24.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 27.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 29.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para atender as peticións da Asociación Dereito a Morrir Dignamente de Galicia no sentido de materializar os dereitos que regula a nova normativa referida á etapa final da vida, así como a converter o 12 de xaneiro no Día da Morte Digna: *rexeitada por 28 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 31.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe



levar a cabo o Goberno galego para darlle impulso á política de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) na nosa comunidade: *rexeitada por 28 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 31.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Sol Díaz Mouteira e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central relativas ás novas exigencias de inclusión no réxime da Seguridade Social do alumnado de FP e universitario durante os períodos de prácticas en empresas: *aprobada por 56 votos a favor, 13 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 32.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Eduardo Ojea Arias e D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre a demanda ao Goberno galego dunha estratexia específica de erradicación do chabolismo e da infravivenda: *rexeitada por 28 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 32.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre determinadas actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo relativas aos canons e gravames de Augas de Galicia pola xestión de depuradoras e de redes de colectores: *rexeitada por 28 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx.) 32.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que o Goberno galego debe demandar ao Goberno central en relación co estado de conservación da A-6: *aprobada por 68 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica un cambio na formulación das interpelacións referido á anticipación da que figura en segundo lugar na orde do día. (Páx. 33.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a atención á saúde mental no Sistema público de saúde. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 33.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 37.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 40.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 42.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica outra alteración da orde do día coa anticipación dunha pregunta ao Goberno, que formulará o señor Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Pax. 44.)



Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o criterio que ten a Xunta de Galicia acerca da reapertura do consultorio médico de Goián, en Tomiño. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 45.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 46.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 46.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 47.)

Interpelación de D. Paulo Ríos Santomé e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a contratación do servizo de transporte público. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 49.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 52.)

Réplica do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 55.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 56.)

Interpelación de D^a Noelia Otero Lago e de D^a Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o funcionamento dos servizos de transporte escolar. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 58.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 61.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 65.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 66.)

Pregunta de D^a María Guadalupe Murillo Solís e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do impacto que terá nas familias galegas o impulso do bono deportivo anunciado polo Goberno galego. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Murillo Solís (P)*. (Páx. 68.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 69.)

Réplica da autora: *Sra. Murillo Solís (P)*. (Páx. 71.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 71.)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e D. Pablo Arangüena Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a renovación do convenio da Unidade da Policía Nacional Adscrita. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 72.)



Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 73.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 75.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a modernización e a urxente renovación da frota da rede ferroviaria de ancho métrico que opera en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 76.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 77.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 79.)

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Xunta verbo dos recentes informes do Consello de Contas relativos á eficiencia da colaboración público-privada nas autovías galegas e á ordenación e inspección do transporte. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 80.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 81.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 82.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 83.)

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación que se produce no CEIP María Barbeito, da Coruña, en relación coa oferta de prazas de comedor escolar. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 85.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 85.)

Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 86.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 87.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia a acumulación de dúas preguntas para a súa formulación conxunta. (Páx. 89.)



Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia ante o anuncio da venda do pazo de Montesacro, en Cambados. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a oportunidade de que a Xunta adquira o pazo de Montesacro, en Cambados, para que siga prestando, baixo xestión pública, funcións de asistencia social. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 89.) e Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 90.)*

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez). (Páx. 91.)*

Réplica dos autores: *Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 92.) e Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 93.)*

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez). (Páx. 94.)*

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información facilitada polo Goberno central ás comunidades autónomas respecto do proceso de acollida das persoas chegadas ás Canarias na presente crise migratoria. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 96.)*

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez). (Páx. 97.)*

Réplica do autor: *Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 98.)*

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez). (Páx. 99.)*

Remata a sesión ás tres e oito minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Retomamos a sesión co punto sexto da orde do día, de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o importe que foi executado polo Goberno galego desde a iniciación do plan de recuperación posto en marcha polo Goberno de España

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Bo día.

Señor presidente, estaremos de acordo en que o Plan de recuperación, transformación e resiliencia é un instrumento excepcional de recuperación para facer fronte ás consecuencias sanitarias, económicas e sociais da pandemia provocada pola covid-19, que permitiu despregar o maior paquete de medidas e recursos para que as economías europeas puidesen recuperarse o antes posible da crise, para atender as persoas e os sectores produtivos sen que ninguén quedase atrás.

Tamén estaremos de acordo en que este plan se artella a través de dous instrumentos básicos: os fondos React-EU —dos que a Xunta de Galicia xa recibiu 440,86 millóns de euros—, para fortalecer o Estado do benestar, blindar os servizos públicos e reactivar a economía, e os fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia —dos que a Xunta de Galicia tamén recibiu 1.421,4 millóns de euros—, fondos xestionados e conseguidos polo goberno socialista de Pedro Sánchez.

Señor Rueda, tamén estaremos de acordo —posto que é o contido do informe de execución elaborado pola Xunta de Galicia correspondente ao terceiro trimestre de 2023— en que no ano 2022 o seu goberno só foi capaz de executar un terzo do asignado, e que o mesmo acontece no que vai de 2023.

Así que, estando de acordo con todos estes datos, a nosa pregunta é clara e concisa: ¿como está a executar o seu goberno os máis de 1.400 millóns de euros que lle transferiu o goberno de Pedro Sánchez para a súa xestión directa?

A resposta é fácil, aínda que quizais para vostede sexa máis ben comprometida pola incompetencia que está a demostrar a Xunta de Galicia para xestionar estes fondos, que xa o señor Feijóo intentou boicotear en Europa. Son 1.421 millóns de euros, dos que xa dispón Galicia grazas ao goberno socialista de Pedro Sánchez, que non sabemos como está executando o Goberno galego. Isto demostra unha clara falla de transparencia, de compromiso e de lealdade institucional do seu goberno; unha falla de lealdade institucional máis que preocupante —que tamén se está a demostrar ante os ataques ás sedes socialistas, así como ante as



ameazas e os insultos que este Partido Socialista está a sufrir—. ¿Está vostede de acordo con estes feitos? ¿Si ou non? Volva ao camiño da sensatez e deixe de liderar esta campaña de crispación, que vai en contra da propia democracia.

¿De verdade está vostede a favor dos que se plantan diante das sedes socialistas con proclamas fascistas? A resposta neste caso tamén é sinxela. ¿Si ou non? Se condenan estes feitos, aproben a proposta de declaración institucional que lles achegamos onte aos grupos da Cámara. (*Aplausos.*) ¿Está vostede de acordo con isto, señor Rueda? Se non está de acordo, por favor, condéneo explicitamente.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Bos días, señora Rodríguez Rumbo.

Ben, ¿cal é a pregunta? ¿A que me fixo ao final, o recado que traía ou a pregunta é sobre fondos europeos? Eu pódolle contestar ás dúas, eh! Empezo pola segunda.

Por suposto que condenamos calquera agresión a calquera partido político, a calquera, e a calquera político. (*Aplausos.*) Polo tanto, é difícil entender por que vostedes non quixeron —e falo da declaración institucional— condenar tamén o vandalismo, o acto vandálico que sufriu un alcalde do Partido Popular no seu coche a semana pasada ou o escrache con ameazas que sufriu unha concelleira do Partido Popular. Non, non, a vostedes só lles interesa que se diga que os ataques que hai que condenar son os ataques ao Partido Socialista.

¡É a todos os partidos e a todos os políticos, señora Rodríguez Rumbo! (*Aplausos.*)

E despois, esa solidariedade coas forzas e corpos de seguridade do Estado que se corta cando se di que hai que negarlles medidas de gracia aos que os agrediron e están condenados por iso colócaos a vostedes nunha situación de incoherencia intolerable, inadmisible e indescribible, señora Rodríguez Rumbo.

E agora imos á primeira pregunta, que era a que formulou e claramente a que menos lle importaba. Mire —primeira cousa—, non son os fondos de Pedro Sánchez, non son os fondos do goberno socialista, son os fondos dos impostos que pagan os europeos para que Europa se recupere —polo tanto, tamén Galicia—, que os ten que distribuír o Partido Socialista no Goberno. E así nos vai, así están a maioría retidos ata o día de hoxe, sen movelos e sen saber que facer. Xa nos gustaría que houbera outro tipo de distribución máis áxil, máis efectiva,



para que chegasen realmente os cartos. Porque, claro, con esa obsesión de que son os cartos de Pedro Sánchez, os que lles deron a Pedro Sánchez para que o señor Pedro Sánchez os distribuíse ao seu libre albedrío, ¡así nos vai, señora Rodríguez Rumbo! Pero estea tranquila, Galicia executa ben os fondos europeos. Os React-EU este ano —dentro do prazo— estarán ao cen por cento certificados e executados.

Pero vaíamos co MRR, respecto do que xa me gustaría dicir o mesmo. Mire, vostede quere datos, e crin que era unha pregunta concreta. Non sabía que ía ir polas ramas como foi. Pero eu voulle dar datos concretos.

¿Sabe canto recibiu Galicia? Recibiu 1.421 millóns de euros —non todos transferidos, eh!—. É o 5,8 por cento e correspondíanos máis, case medio punto máis. Pero, claro, a nós o goberno socialista sempre nos ten que dar menos. É doce veces menos do que lle vai dar directamente a unha comunidade autónoma, do que imos ter que pagar unha parte importante os galegos. Eses 16.300 millóns de euros son case doce veces máis que os 1.421 que lle van corresponder a Galicia. Xa lle digo: nin sequera todo transferido. Agora, o que nos transferiron estámolo executando.

Ten vostede, de todas maneiras, información cada tres meses. Levamos absoluta transparencia, o contrario á opacidade que vostedes están observando. Elevamos un informe ao Consello da Xunta de Galicia. Aí ten todos os datos. Pódeos consultar.

Por se acaso, aproveito a ocasión. Mire: o 40 por cento dos fondos para actuacións de transformación verde e transporte sustentable; 27 por cento para protección social e educación; 15 por cento para dixitalización; 12 por cento para turismo, tratamento de residuos e comercio; 6 por cento para ciencia e saúde. Todo, todo, o 70 por cento, xa está adxudicado, e a maioría xa en execución. E temos aínda, en moitos casos, dous anos para facelo.

Están transferidos, iso si, con condicións ás veces absurdas do Goberno central. Como Pedro Sánchez cre que os cartos son seus, pois entón ás veces pon condicións que non só criticamos nós, é que as critican todas as comunidades autónomas. Pero temos que adxudicalos, evidentemente; polo tanto, temos que facelo.

¿Sabe cal é o nivel de execución dos fondos que retivo Pedro Sánchez —eses si que son fondos de Pedro Sánchez—? Non chega ao 30 por cento. O 70 por cento executado por nós —algúns transferidos hai pouco tempo—, e o Goberno central, señora Rodríguez Rumbo —o malo é que son os fondos industriais—, o 30 por cento.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

¿Gustaríanos investir máis? Por suposto. ¿Temos capacidade para investir máis? Por suposto.

Polo tanto, dígalle vostede ao señor Sánchez que, cando acabe de pactar ese acordo pola investidura —que retira tantos cartos e xa sabemos para que—, Galicia está disposta a recibir máis cartos europeos e executalos moi ben.



Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señor presidente, reconece isto, ¿non?, ¿reconece este documento? *(A señora Rodríguez Rumbo amosa un documento.)* Amósolle a gráfica, a que poñen vostedes. Executado o 35 por cento. Son datos que matan relatos. *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, se vostede realmente condena estes feitos, e son os feitos que están acontecendo nestes momentos, nestes días, entón dígalle á Presidencia que lle dea lectura á nosa proposta e que sexa, polo tanto, unha declaración institucional. *(Aplausos.)*

E repita comigo, repita comigo, señor presidente: Punto número 1: «Condenar os ataques contra as sedes socialistas, así como as ameazas, insultos e ataques aos seus membros» *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¡Nada máis e nada menos! ¡Apróbeo, condéneo, e que o señor presidente o asuma como unha declaración institucional!

O que nos queda claro, señor presidente, é que vostedes van seguir facendo seguidismo de Vox, quédanos claro que seguen con esa lúa de mel nese matrimonio con Vox.

Señor Rueda, os e as socialistas estamos moi orgullosos do acordo ao que chegamos por e para Galicia. Sete deputados do PSdeG lograron máis para este país có seu goberno durante catorce anos. *(Aplausos.)*

¡Por fin nos imos liberar das peaxes que vostedes impuxeron aos galegos na AP-9 e na AP-53 durante cincuenta e setenta e cinco anos! Ademais, logramos un mecanismo para beneficiar as arcas da Xunta. Quero que me responda, señor Rueda. ¿Vai vostede acollerse á condonación da débeda pactada de forma simétrica para todas as comunidades ou vai pregar ao mandato da señora Ayuso, que xa dixo que non? ¿Vai renunciar vostede a acadar quiñentos millóns de euros adicionais para os galegos e as galegas? ¿Vai renunciar ás medidas compensatorias ás que Galicia podería ter dereito en virtude destes acordos? ¿A tanto chega o sectarismo do Partido Popular? Responda, por favor. Exerza dunha vez por todas como presidente de Galicia e non como soldado do Partido Popular.

Mire, señor Rueda, cando máis cerca estivo Cataluña de romper co resto de España foi cando o Partido Popular estivo no Goberno do Estado, que renunciou a calquera tipo de diálogo e de entendemento. *(Aplausos.)*

Fronte á política de confrontación do Partido Popular, o goberno de Pedro Sánchez aposta pola desescalada no conflito, por sacar o problema das rúas e por volver á política, á vida parlamentaria e a achar solucións.



A vostedes fastídialles que sexa este goberno quen consegue que o independentismo deixe de ser un problema en Cataluña e en España; e, en vez de felicitarnos todos por iso, vostedes prefiren seguir botándolle leña ao lume.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señor presidente.

Por sorte, en breve, señor Rueda, haberá novamente un goberno no Estado encabezado por Pedro Sánchez. E aquí, cando vostede convoque eleccións, tamén haberá un cambio —tan necesario para Galicia— con José Ramón Gómez Besteiro, que liderará un goberno socialista na Xunta de Galicia e que si será un exemplo de transparencia, compromiso e lealdade institucional...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ... recuperará o diálogo, a moderación e traballará de verdade por e para todos os galegos e galegas. Non se poñan tan nerviosos ante a realidade e ante as evidencias. (*Fortes murmurios.*)

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Señora Rodríguez Rumbo, vaia encarguño que lle fixeron, jeh! (*Risos.*) Agora, serve para unha cousa: para demostrar que a vostedes eses fondos europeos non lles importan absolutamente nada, ¡nada, nada! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Si, si, si, ¿de cando é esa gráfica? Mire, esta é a máis actual, o 88 por cento. (*O señor presidente da Xunta amosa un documento.*) Se é o 30 por cento é o nivel de execución que teñen vostedes. Si, si... (*A señora Rodríguez Rumbo: ¡É a súa!*) (*Fortes murmurios e interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

¡Calma! ¡Calma! Aínda queda moito por traballar. ¡Calma!

¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): No 30 por cento está o seu goberno, por desgraza. Por iso eu teño tanto interese en falar de fondos europeos. Gustaríame que vostedes falasen en serio e que mandasen o recado a Madrid de que así non podemos seguir. Non podemos seguir, non poden seguir os fondos europeos embalsados como están, non poden seguir case 27.000 millóns de euros parados como o primeiro día e sen saber o que facer con eles. Iso é o que está pasando. Xa lle dei as cifras. En global o 70 por cento está licitado e a maioría en execución, e quedan dous anos. Este ano, o 88 por cento. E non podemos facer máis porque nos colocan unhas condicións case imposibles.



Mire, vostede fala de Vox, fala do seu candidato. Eu voulle falar do que lle importa a Galicia, que son os fondos europeos e que é polo que vostede me preguntaba. Non lle gusta saber eses datos, ten esa gráfica aí... Cando queira, confirmámosllo. Xa me gustaría poder executar moitos máis fondos. Xa lle dixen, déalle o recado a Pedro Sánchez de que, se lle queda algo despois de pagar a factura da investidura ao independentismo, aquí podemos executar eses fondos sen ningún problema; que lle volvo dicir que non son de Pedro Sánchez, non son do Partido Socialista, son dos europeos e para que os países avancen despois da pandemia.

Dicía: 1.339 millóns de euros recibidos —menos do que nos anunciaron—, faltan euros por transferir e non sabemos por que. Estarán reservándose para algo. ¿Sabem en que se traduciron? En 185 licitacións e 160 convocatorias de subvencións. E, dito iso, ao final dá máis do 70 por cento licitado e a maioría en execución. Beneficiarios: máis de 50.000 —eses si que son beneficiarios reais—. ¿Quere máis desglose deses 50.000? Son 37.000 persoas físicas, eses galegos aos que lles dixo o señor Pedro Sánchez que a vida lles ía cambiar cos fondos europeos que el, por suposto, conseguiu, con eses aplausos que lle deron. Ao final os únicos que están recibindo son os que reciben a través da Xunta de Galicia —ás veces con condicións absurdas—. Hai 7.500 autónomos empregadores beneficiándose dos fondos europeos que veñen a través da Xunta de Galicia, 3.900 empresas e 200 entidades locais.

Datos máis concretos —hai moitos—: mire, iso serviu para que xa haxa 1.000 prazas novas en residencias ou centros de día; 10.000 dispositivos dixitais nos centros de ensino público; 10.000 novas prazas de FP; 200 órganos xudiciais dixitalizados; 80.000 metros cadrados de edificios públicos renovados e convertidos en eficientes enerxeticamente; 5.000 beneficiarios do programa Moves III para a compra de vehículos eléctricos; máis de 3.000 prazas hostaleiras totalmente renovadas e con eficiencia enerxética; máis de 50 aparellos de última tecnoloxía nos hospitais da rede sanitaria galega pública. E podería seguir.

E todo isto págano os contribuíntes, non Pedro Sánchez. Xa sabemos o que pasaría se o tivese que decidir Pedro Sánchez sen ningunha cortapisa, xa o sabemos. Irían onde están indo eses 16.300 millóns, que son moito máis do que... Mire o que se pode facer con menos de 1.400 millóns de euros e o que se podería facer con todo iso. Pero van ir onde van ir.

Mire, mentres hai empresas como Altri, vostedes nunca falan de Altri —2.500 postos de traballo—, como Stellantis, como Resonac, como Sentury Tire, todo o naval galego, toda a cadea mar-industria, que están esperando as súas promesas de recibir eses fondos embalsados, sen mover dende o primeiro día, que non lle aproveitan a ninguén.

Polo tanto, miren, vostedes sigan aceptando chantaxes, que siga o seu candidato sendo parte do pago desa chantaxe, que nós imos seguir traballando e opoñéndonos tamén a esa factura. Por agora estamos —temo que só é o principio— con 400 euros que vai ter que pagar cada galego, todo o mundo, desde o gran empresario ata o parado, o chaval máis cativo, o xubilado, todos, todos van ter que pagar iso. Niso si que vostedes conseguiron a igualdade, todos os galegos temos que pagar o mesmo fronte ao independentismo. Polo tanto, faremos o posible para que os fondos cheguen a Galicia e que iso non sexa unha realidade ao final.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a avaliación que fai do cumprimento dos compromisos da Xunta de Galicia en materia de infraestruturas

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Señor Rueda, ao seu goberno sóbralle propaganda e fáltanlle feitos. O Plan Move é un deses anuncios, deses anuncios estrela do Partido Popular, no que dixo que todos os galegos e galegas, o 80 por cento dos galegos e das galegas, ían estar a menos de dez minutos dunha vía de altas prestacións. Esta foi a propaganda. Vexamos cal é a realidade.

Variante de Carballo —prazo de remate, 2013—, está aínda sen iniciar; Vía Ártabra, conexión da AP-9 coa Nacional VI —prazo de remate, 2013—, sen rematar; autovía Brión-Noia —prazo de remate, 2015—, sen iniciar; autovía Baio-Berdoias —prazo de remate, 2015— sen iniciar; enlace de Curro-Vilagarcía —prazo de remate, 2015—, sen iniciar —e ademais eliminárono da programación dos orzamentos—; vía de altas prestacións Lalín-Alto do Faro —prazo de remate, 2017—, sen iniciar; a Autovía do Baixo Miño —prazo de remate, 2015—, das catro fases previstas só hai unha executada; Autovía Costa Norte —prazo de remate, 2017—, o 80 por cento está sen executar; variante de Ribeira —prazo de remate, 2020—, sen iniciar; variante de Alba, Pontevedra —prazo de remate 2020—, sen iniciar; conexión Plisán con Portugal —prazo de remate, 2020—, sen iniciar —e ademais desapareceu da programación dos orzamentos—. E podería seguir porque a realidade é que o seu Plan Move é papel mollado, propaganda, propaganda e propaganda. *(Aplausos.)*

Pero é que, en materia de infraestruturas, ademais de incumprir o que anunciaron, o Partido Popular volve demostrar de que lado está. E aí temos o último informe do Consello de Contas, que nos di que vostedes lles van pagar 44 millóns de euros de sobrecusto ás concesionarias de autopistas. Xa vemos como goberna o Partido Popular: os *lobbys* económicos sempre por riba da xente. *(Aplausos.)*

E por todo isto, nós, desde o BNG, queremos saber como valora vostede o cumprimento do seu goberno en materia de infraestruturas. Supoño que nos virá dicir o de sempre, que a culpa é do BNG, aínda que supoño que se dá conta tamén de que isto é o recoñecemento da súa incapacidade para defender Galiza aquí e ante o Goberno do Estado. E en fronte diso o que temos é a política útil do BNG, que consegue acordos que melloran a vida dos galegos e das galegas e que é capaz de impulsar a axenda galega no Estado. Esta é a política que precisan os galegos e as galegas e non a súa propaganda e a súa submisión ao Partido Popular de Madrid.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta



O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, pero ¿en que quedamos? Eses logros históricos, a ver, ¿son dos sete deputados do Partido Socialista ou do deputado do BNG? Póñanse vostedes de acordo, porque é tan histórico que sería unha pena que discutisen ao final pola autoría.

Mire, imos falar en serio. De propaganda teñen vostedes un máster. ¿Quere que falemos de incumprimentos? Vostede remontábase a non sei cantos anos. Eu, se quere, voulle ao ano 2020, non fai falta ir máis alá. Por certo, a moitas desas obras que di vostede que non están executadas opuxéronse vostedes radicalmente a que se executasen, ¡eh! Non as querían nin de broma e agora vén aquí a reclamarmas. Algunhas xa están feitas.

Vostede, no seu batiburrillo de datos, sempre mestura todo. Mire, eu non lle vou dicir, nin moito menos, que o cen por cento do Plan Move está executado. Non, non, é un plan a moitos anos, moi ambicioso e tamén con dependencia de moitas circunstancias. E é certo que houbo algunhas infraestruturas que se substituíron por outras —ás veces tamén perdidas por concellos que gobernaba o BNG, que dicían que mellor unha infraestrutura ca outra—. Agora vostede vén a emendarlle a plana a todo o mundo e a dicir que nada diso se tiña que cambiar sen a súa autorización —desde a oposición sempre, señora Pontón—. Fale un pouco cos seus alcaldes, ¡eh! Algunhas obras non as querían, outras pediron que se cambiasen, e noutras é certo que nun plan a tantos anos a conxuntura económica vai variando.

O primeiro é que eu estou moi satisfeito —e creo que a maioría de Galicia tamén— co balance en infraestruturas da Xunta de Galicia, por moitísimas razóns. Mire, temos nestes anos un 70 por cento máis de vías de alta capacidade libres de peaxe executadas; oito de cada dez galegos viven a menos de quince minutos dunha vía de altas prestacións; 10 millóns de euros en conxelación de peaxes —¡que xa está todo inventado, señora Pontón!, que vostedes cren que descubren a pólvora e resulta que xa por segundo ano consecutivo levamos conxelando as autovías que son da Xunta de Galicia; iso si, sen tanta propaganda pero con moita máis efectividade, e a xente nótao—.

De conservación xa nin falamos. Vostedes nese pacto galáctico segundo a versión que acaban de firmar esquécense da conservación. ¡Total as infraestruturas non hai por que conservalas! E así están como están todas as vías que dependen do Estado, especialmente a A-6.

Mire, hai moitos exemplos que lle podo citar. Sobre Nadela-Sarria sabe vostede que se executou unha parte importante, e volve haber agora cartos no ano 2024 para seguir; Tui-A Garda, 60 millóns xa nos quilómetros que están en servizo —estamos a punto de inaugurar o nudo que está en Tui e volve haber consignación no 2024 para seguir—; Na Costa Norte volve haber consignación no 2024 para seguir —xa está feita a variante de Ortigueira, treito Celeiro-San Cibrao—; imos iniciar este ano —hai consignación tamén— a segunda parte da autovía Santiago-A Estrada; 5 millóns de euros outra vez na rolda leste de Lugo —non puidemos empezar este ano porque vostedes non se poñen de acordo no bipartito de Lugo—; 53 millóns, como dicía, para investir na seguridade e na conservación das estradas, que é moi importante.



¡Home!, eu creo que se poden facer moitas cousas. Vostede, por suposto, pregúntame polas infraestruturas da Xunta de Galicia, non se lle vai ocorrer en ningún caso preguntar o que opinamos das infraestruturas do Estado, porque diso xa se encarga vostede, señora Pontón. Esa autopista que nos ían transferir no ano 2020 agora xa non hai que transferila. Desa autopista que ía ter bonificacións cen por cento ata que a transferisen, nada. Agora xa hai pequenas rebaixas. Iso xa está inventado, xa o estamos facendo nós desde hai moito tempo.

Por certo, vostede fala de que se lles dá cartos ás concesionarias. E as peaxes que a vostede lle prometeron, a rebaixa —e xa veremos se o cumpren—, ¿quen cre que as vai cobrar se non as concesionarias, señora Pontón?, ¿para quen cre vostede que negociou?

¡Mire, hai tantas cousas...! No desa modernización ferroviaria, ¿saben o que poñían no ano 2020?: A Coruña-Ferrol, A Coruña-Lugo, Vigo-Fronteira Portuguesa, Feve desde Ferrol ata Xixón... Todo iso xa estaba no ano 2020 e agora volve estar outra vez, facendo un *totum revolutum*, no pacto que queren firmar este ano. ¿Sabe por que?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Porque nin o cumpriron nin o van cumprir, e así en tantas cousas. Polo tanto, en infraestruturas, señora Pontón, menos propaganda e máis realidade. Eu, dende logo, prefiro esa segunda fórmula.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, a verdade é que é moi previsible. Efectivamente, a culpa de que vostedes incumpran o Plan MOVE é do BNG. (*Aplausos.*) É unha máxima que nunca falla, forma parte tamén da súa propaganda. E, mire ¿sabe o que é galáctico —ou galáctica neste caso—? Galáctica é a súa incapacidade para defender os intereses de Galiza no Estado. Iso si que é galáctico, señor Rueda. (*Aplausos.*)

Mire, foron vostedes os que no ano 2010 dixeron que ían investir 2.600 millóns de euros para facer 600 quilómetros de vías de altas prestacións. E estamos, catorce anos despois, onde, de maneira maioritaria e dunha forma absolutamente escandalosa, incumpriron os seus compromisos con este país. (*Aplausos.*) Isto, señor Rueda, demostra a súa inutilidade e tamén demostra que o que necesita este país é a política útil do BNG, a que é capaz de defender os intereses dos galegos e das galegas sen ataduras, sen submisión. Porque é que vostede está tan submisio a Madrid que vén aquí sempre a facer de oposición. Xa me está facendo a min oposición como presidenta. En fin, está ben que se vaia situando. (*Aplausos.*)

Pero, mire, por moito que se esforce, a realidade é que o BNG acaba de lograr un acordo que consegue impulsar a axenda galega ante o Estado e que vai beneficiar a vida dos galegos e das galegas. E vostede é que isto non o pode soportar. (*Pronúncianse palabras que non se per-*



ciben.) ¡Non o pode soportar! E non o pode soportar porque deixa en evidencia a súa incapacidade de defender os intereses dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

Nós, con toda humildade, conseguimos un acordo que mellora a vida dos galegos e das galegas. ¿Que conseguiu vostede, señor Rueda? Non conseguiu nada. E é moi triste ver que hoxe hai un presidente da Xunta que é o único galego ao que lle parece mal que consigamos máis rebaixas para a AP-9 e que as estendamos á AP-53. *(Aplausos.)* É que é vostede o único galego que está enfadado porque imos ter un tren de proximidade. *(Murmurios.)* Ou é vostede o único galego que está enfadado porque conseguimos que se recoñeza que Galiza ten que ter igualdade de trato na condonación da débeda. É vostede, señor Rueda, o único que está enfadado. E ¿sabe por que? Porque o acordo do BNG é unha boa noticia para Galiza pero é unha mala noticia para o Partido Popular. Por iso está tan enfadado. *(Aplausos.)*

E o que xa é un esperpento, señor Rueda, é que vexamos o presidente da Xunta criticando que Galiza vaia ter menos débeda. Isto si que é un esperpento. Sobre todo, porque, mire, o BNG está facendo o traballo que non fai o Goberno e ademais está intentando solucionar o problema que creou o Partido Popular. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Mire, señor Rueda —e xa remato, señor presidente—, o único que lle pido é que, no tempo de desconto que lle queda, se non é capaz de axudar, polo menos non poña paus nas rodas, non prexudique os intereses dos galegos e das galegas única e exclusivamente porque lle molesta que este país avance grazas aos acordos do BNG. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

A señora PONTÓN MONDELO: Insisto, señor Rueda...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...se non é capaz de axudar, polo menos non interpoña, desde logo, obstáculos para que Galiza avance. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señora Pontón, vostedes opuxéronse a moitas obras do Plan MOVE. Aínda así, fixémoslas, ¡eh! Pero non as querían nin de broma. Agora vén vostede a pedilas aquí todas de golpe. ¡Esa mala memoria, esa mala memoria...!



Mire, non se faga ilusións. Eu diríxome a vostede como portavoz dun partido da oposición, ¡eh! Ponmo moi fácil. Leva vinte anos deixándonos practicar, polo tanto... *(Risos.) (Aplausos.)* Así seguirá durante moitísimo tempo, non se equivoque.

¿Sabe? Gobernar é moito máis serio que as cousas que vostede di, señora Pontón. Nunca tivo oportunidade de sabelo, non vai ter a oportunidade de sabelo, pero de verdade que é moito máis serio e con moita máis responsabilidade. Escóitolle a vostede dicir que eu son o único galego que se opón ao pacto galáctico que vostedes fixeron no 2020 e agora. Non. E non estou enfadado, o que estou é aburrido de ver como vostedes son un choio para o Partido Socialista, señora Pontón, un choio como unha casa. Diso si que estou aburrido. *(Aplausos.)*

Agora é que non lles deixan nin facer propaganda, agora xa ata a propaganda ten que ser mérito deles. Antes, polo menos, lles deixaban que vostedes se apuntasen os tantos vacíos propagandísticos. Agora, nin iso, nin iso, señora Pontón. E case lles fan un favor, porque de verdade que ten que ser moi difícil para vostede explicarnos por que o que ía ser un traspaso da autopista e unha rebaixa ao cen por cento das peaxes, unha liberalización, agora de repente son «rebaixiñas». Ten que ser moi difícil para vostede intentar dicirnos que conseguíu que nos modernizaran a rede ferroviaria de cercanías cando o que pon no seu pacto é «sopesar», «sopesar», señora Pontón. ¡si, sopesar! *(Murmurios.)* Ten que ser moi difícil falarnos do milagre económico que vostede consegue para Galicia cando a Cataluña se lle fixan, para empezar, 16.300 millóns de euros e a vostedes se lles negan a poñerlles ningunha cifra e din que é un tratamento análogo, ¡análogo, señora Pontón! Pero ¿non se dá conta vostede?! Vostede cre que os galegos son moito máis parvos do que son, do que somos, realmente.

E non estamos enfadados, porque non cremos en absoluto que isto vaia a ningunha parte. ¡Pero se nolo contou todo con moitísima máis forza hai catro anos! Vostede non se acorda pero eu si, e moitos galegos tamén. Todo se ía cumprir e non se cumpriu nada, absolutamente nada. E agora vén contarnos o mesmo pero rebaixado, o mesmo pero de garrafón. *(Risos.)* ¿Dáse conta vostede, señora Pontón? *(Aplausos.)*

Xa se olvidaron e sacaron do pacto vostedes todo o futuro industrial de Galicia. ¡Que máis dá, se iso a vostedes lles dá exactamente igual! Xa sacaron do pacto todo o que ten que ver coa recepción de fondos europeos que estamos esperando para proxectos moi potentes. ¡Que máis dá, se iso a vostedes non lles importa absolutamente nada! Se tivesen que gobernar, importaríalles. Pero, como saben que van seguir na oposición, iso dálles exactamente igual, señora Pontón. Pero a min impórtame moitísimo, e en todas esas cesións, ese choio que vostedes fixeron, ese empeño en querer meternos no traxe á medida que Pedro Sánchez lles está facendo ao independentismo catalán e vasco, nós aí nin cabemos nin queremos caber. Nós non temos o desastre económico e de xestión doutras comunidades autónomas ás que vostedes son submisos. Polo tanto, interésannos outras cousas. E vostede o que está facendo é lexitimar o que está facendo Pedro Sánchez en Cataluña e vai facer no País Vasco sen pensar en Galicia en absoluto. E aí non lle quero dicir unha palabra para que non se me ofenda, coma sempre. Pero hai unha palabra que define todo iso: poña o que queira e mais “útiles”. Útiles é o que están sendo, señora Pontón.



E, polo tanto, mire, non pretenda, de verdade, tomarlle o pelo aos galegos. Non pretenda facernos crer que conseguiu o que non foi capaz de conseguir cando si eran decisivos. E agora non o son en absoluto. ¡Pero se os ningunearon durante todo o proceso! ¡Pero se apareceron a última hora e lles meteron o candidato do Partido Socialista na foto e vostedes o sacaron e volveron estar alí vendo ese xogo de empuxóns, señora Pontón! ¡Por Dios! (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Mire —e remato xa, señor presidente—, hai unha cousa que a vostedes non lles nego. Vostede di que conseguiron moito máis do que fixo o PP en catorce anos. Si, si, vostedes conseguiron ao segundo intento —espero que non sexa o definitivo— acelerar a desigualdade entre todas as comunidades autónomas de España e, polo tanto, tamén de Galicia; e facer patente a súa absoluta submisión ao independentismo catalán e vasco —que eses si que cortan o bacallau, vostedes non fan absolutamente nada, señora Pontón—. Conseguiron que a dignidade de ter igualdade de dereitos empece a ser unha entelequia para moita xente, pero nós imos defender que iso non sexa así.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Mire, imos seguir traballando sen ataduras, sen hipotecas, sen máis interese que defender Galicia. E, mentres, vostedes, coa complicidade absoluta, necesaria e interesada da sucursal do Partido Socialista que teñen aquí en Galicia, pois están facendo o que están facendo. Nós imos seguir traballando —este grupo e este Goberno— por ter unha España de iguais onde Galicia non sexa menos ca ninguén.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos coa orde do día. Volvemos ao punto cuarto, que é de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que o Goberno galego debe demandar ao Goberno central en relación co estado de conservación da A-6

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 61463).*)

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 4, que terá o seguinte contido:

4. Establecer un cronograma específico relativo á solución definitiva acordada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade tralo afundimento ocorrido o 20 de marzo de 2022 na principal vía de



acceso ao Courel e acometer con celeridade as obras de reconstrución da LU-651 entre Folgoso do Courel e Quiroga.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Balseiro

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, mentres asistimos a unha subasta pública da gobernabilidade en España, a un novo agravio contra Galicia en materia de financiamento, os galegos vémonos forzados a asumir, por imposición unilateral de Sánchez, unha débeda que non é nosa. Só Galicia terá que facer fronte a máis de 1.200 millóns de euros da débeda de Cataluña, unha factura que nós aquí non xeramos e que equivale ao custo de soste todos os servizos sociais durante un ano na nosa comunidade autónoma. Esta desigualdade de trato da que é protagonista o goberno de Pedro Sánchez non se limita á distribución dos fondos de financiamento, senón que ten o seu reflexo tamén na desatención e no esquecemento das infraestruturas estatais na nosa comunidade.

Desde que Sánchez está na Moncloa, co inestimable apoio do Bloque Nacionalista Galego, Galicia sempre sae perdendo. Galicia perde con Sánchez cando a obra nova non avanza, como pasa coa autovía Lugo-Santiago e coas autovías Vigo-O Porriño ou Lugo-Ourense. Galicia perde con Sánchez cando se nos priva de recursos e das infraestruturas comprometidas, con continuos atrasos na chegada dos trens AVRIL, que deixan sen AVE a maioría das cidades galegas; ou cando deixan sen financiamento o corredor Atlántico. Galicia sempre perde con Sánchez ante a máis que evidente e lamentable situación na que manteñen a maior parte das estradas de competencia estatal na nosa comunidade.

Desde que o Ministerio de Transportes decidira eliminar dos seus orzamentos as partidas de conservación integral, por desgraza o que sobran son exemplos do que estou a dicir. Debatémolos a diario nesta Cámara, señorías, porque a lista xa é demasiado longa. E como vostedes saben, é especialmente negativa na provincia de Lugo. A N-120, a N-540, son unha fochanca continua. A N-642, despois de case dez meses en obras, segue co socavón e sen previsión de apertura.

Con todo, o exemplo máis significativo e sintomático do que estamos a denunciar atopámolo co que acontece coa Autovía do Noroeste, coa lamentable situación da A-6. Non exaxero cando afirmo que saír ou entrar en Galicia pola Autovía do Noroeste é hoxe unha aventura perigosa. Se non fose suficiente co corte provocado polo derrubamento dos viadutos do Castro nas proximidades de Pedrafita en xullo do ano pasado, que mantén pechada a vía neste punto desde hai dezaseis meses sen previsión ningunha sobre a data de recuperación completa da circulación por esta vía, a realidade é que os problemas na A-6 non deixan de acumularse. O pasado 19 de outubro produciuse o derrubamento dun noiro, dun talud, concretamente en Becerreá, no punto quilométrico 450 en dirección á Coruña. O sinistro —que milagrosa e afortunadamente non causou danos persoais a pesar de levar por diante un vehículo— provocou un atasco maiúsculo e o desvío do tráfico pola antiga nacional. Desde ese punto, os vehículos tiveron que circular uns 16 quilómetros pola estrada N-6 antiga. Ademais, un novo accidente protagonizado por un camión no chapuceiro desvío



habilitado para sortear o peche dos viadutos dificultou o xa difícil tránsito de vehículos por esta zona. Tampouco foi esta unha situación puntual. No que vai de 2023 producíronse sete accidentes na zona do desvío.

O caos na N-6 non é un cúmulo de coincidencias desafortunadas, senón que é a constatación dun desastre anunciado. Os populares galegos e a Xunta de Galicia levamos meses denunciando esta situación, denunciando a lentitude na execución das obras de reconstrución dos viadutos, pese á súa consideración como de emerxencia, e un desvío provisional moi controvertido, feitos aos que, ademais, agora debemos unir a falla de mantemento da estrada, cun firme moi deficiente en moitos puntos —especialmente na calzada de dirección a Madrid— e que provoca un aluvión de problemas de seguridade viaria, como demostran os accidentes rexistrados neste punto. Nas últimas semanas varios vehículos viron como rebentaban as súas rodas e sufrían outras avarías mecánicas, logo de caer nun gran bache no treito da autovía que segue aberto. E lonxe de reducirse a nosa preocupación, a proximidade do inverno e a abundancia de precipitacións fai temer que esta situación non mellorará.

Ante esta realidade innegable, desde este Parlamento non podemos máis que reiterar a petición —xa trasladada en moitas ocasións ao Goberno de España, e hai unhas semanas pola propia conselleira ante o secretario de Estado— para que o Goberno active urxentemente na N-6 un plan extraordinario de mantemento e conservación que poña fin aos graves e constantes incidentes que acumula esta vía de comunicación. É urxente que o Goberno de España estableza un cronograma específico para o remate das obras de reconstrución que se están a acometer nos dous viadutos do Castro, co fin de restablecer o antes posible a circulación. E segue a ser imprescindible, porque non se está cumprindo, que o Goberno informe puntualmente os concellos afectados e a Xunta de Galicia das decisións que se vaian adoptar e do avance das obras; con información tamén sobre as obras que se programen no futuro para resolver os graves problemas de conservación que presenta o firme desta autovía. Os galegos, non queremos máis parches nin máis remendos, merecémonos unha autovía de primeira que non arrincone o noroeste peninsular.

Señorías, non votar a favor desta demanda é prolongar unha situación inxusta e inxustificable no principal acceso a Galicia pola Meseta. Non se trata só de poñer deberes a un goberno —ao de Sánchez— que parece obsesionado en castigar a Galicia, senón de que a voz de todas e de todos os galegos se escoite con total claridade, porque a situación da principal arteria de comunicación e porta de entrada a Galicia desde a Meseta é hoxe insostible. Teñan a valentía de defender con máis forza ca nunca a dignidade de Galicia.

E no referido ao pacto de hai catro anos —que, como dixo o presidente da Xunta, é o mesmo conto pero máis recortado—, teño que dicir que sobre esta estrada o que fan —e rectificome no que dixen onte de que o pacto é unha estafa— por suposto que é unha estafa e é unha tomadura de pelo, unha tomadura de pelo. ¿Saben o que vostedes prometen neste pacto? Acabar a obra. ¡Só faltaría! Só faltaría que non acabasen a obra, só faltaría que non acabasen esa obra. ¡Nin unha novidade nin ningún avance! Axilizar o remate da obra e construír os viadutos de xeito simultáneo xa é o que tiñan prometido hai máis dun ano. Polo cal, o que venden vostedes, señorías, é fume.



Aquí teño unha boa mostra. Hoxe falamos da A-6, aínda que podíamos falar practicamente de todas as estradas de titularidade estatal na nosa comunidade autónoma, porque están todas igual. Pero é unha vergoña para Galicia, e debería ser unha vergoña para o Goberno de España, debería ser unha vergoña para o Partido Socialista e debería ser unha vergoña para o Bloque Nacionalista Galego, que os apoia, que teñamos unha vía de entrada e saída de Galicia, como é a A-6, intransitable, rebentando as rodas dos coches todos os días, con accidentes no desvío e que vostedes sigan aplaudindo a Pedro Sánchez.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días.

Pois, a verdade, señor Balseiro, como acostuma dicirse, rectificar é de sabios, e vostede acaba de dicir hoxe aquí en sede parlamentaria que rectificaba as súas declaracións de onte no relativo a ese acordo de investidura acadado entre o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista. Porque, claro, rectificar é de sabios, señor Balseiro. Benvido á cordura. Ese acordo de investidura vai a prol de todos e de todas as galegas. *(Aplausos.)*

Mire, señor Balseiro, falaba vostede, ao principio da súa intervención, do mantra do que teñen que falar hoxe neste pleno, que é esa mentira sobre esa condonación da débeda a Cataluña. Traballen, en vez de estar lanzando mentiras, traballen dende o Goberno galego para que tamén esa condonación da débeda poida vir aquí para Galicia. Porque está aberta a posibilidade. Non sigan mentindo, traballen a prol desa posibilidade en vez de seguir mentindo e dando datos que non son verdade.

Claro, falaba o señor Balseiro tamén dese trato discriminatorio de Pedro Sánchez con Galicia, dese trato discriminatorio de Pedro Sánchez cos galegos e coas galegas. Mire, o maior trato discriminatorio foi o que fixo o Partido Popular con esa amnistía fiscal. ¿A quen favorecía? Aos que defraudaban. ¿A quen favorecía? Aos que máis tiñan. Ese foi o maior trato desigual que fixo o Partido Popular. Polo tanto, señor Balseiro, para vir aquí a esta Cámara e, antes de falar da A-6, empezar a falar doutros mantras que ten hoxe en día o Partido Popular, pois a verdade é que hai que ter bastante rostro.

Dicía o señor Balseiro que circular pola A-6 é unha aventura perigosa. Eu creo que a aventura perigosa é o clima de crispación que vostedes están alentando hoxe, que recorda épocas pasadas, señor Balseiro. Se realmente vostedes condenan os ataques que estamos a sufrir nas nosas sedes, nas sedes do Partido Socialista, pois aprobe esa declaración institucional que presentamos dende o Grupo Socialista; se non, todo quedará en papel mollado e en palabras pola boca pequena. Porque eu de verdade que aínda non vin o señor Feijóo condenar claramente os ataques que estamos a sufrir os socialistas *(Aplausos.)* ¡Está tardando o señor Feijóo,



ese que ía de moderado cara a Madrid! Ía cara a Madrid e alí quedou, porque a presidente do Goberno non chegou.

E, miren, claro, é que non podo pasar por alto algunhas declaracións das que fixo hoxe o presidente da Xunta de Galicia relativas ás infraestruturas. Ademais, dixo: «Estou moi satisfeito co balance das infraestruturas nesta lexislatura». ¡Pois é para sacar peito, é para sacar peito o que fixo o Partido Popular xa non só nesta lexislatura senón dende que chegou no ano 2009 á Xunta de Galicia!

Falaba antes a voceira do Bloque Nacionalista Galego dese incumprimento do Plan MOVE. É que non poden rebater o que está aí. Ou sexa, é que vemos que nalgunhas das infraestruturas nin sequera empezaron a facer un só centímetro. Falaba o presidente da Xunta de Nabela-Sarria. Pero deixan 500.000 euros nestes orzamentos. ¿Que desdoblamento van facer con 500.000 euros? Dígamo despois, señor Balseiro. É que chegou a dicir: «É que xa está executado o tramo de Celeiro da variante de Xove». ¡Home, manda truco! ¡Manda truco na Habana! Dunha obra que quedou licitada xa no ano 2009 —nese tramo— fala o presidente da Xunta de Galicia de que case está a piques de rematar no ano 2023, de que está feito ese tramo. ¡E saca peito!, cando non fixeron nada na Autovía Costa Norte. Os dous tramos abertos foron licitados xa polo goberno do presidente Touriño. E sacaba incluso a colación a rolda leste, que incluso nestes orzamentos baixa un millón con respecto ao que deixaron orzado o ano pasado nos orzamentos do 2023. Baixamos de seis millóns a cinco millóns. E xa lles dicimos: non van executar tampouco este ano nin un céntimo, porque o que fixeron o ano pasado foi poñer eses seis millóns de euros aí para que a candidata do Partido Popular puidese presentarse ante a veciñanza de Lugo con algo no seu *curriculum vitae*. Xa vemos de que lle serviu, porque segue a gobernar o Partido Socialista

E despois falaba o presidente da Xunta de Galicia desas «rebaixiñas» nas peaxes da AP-9 nese acordo de investidura entre o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista. Chámalle «rebaixiñas» a unhas bonificacións do 75 por cento. Entón ¿de que falamos? ¿Como catalogamos as bonificacións nas autovías de competencia do Goberno galego, nesa AG-55 ou na Autovía do Val Miñor? Porque non chegan a ese 75 por cento. (*Aplausos*.) ¿Como o denominamos? Entón é que, claro, a verdade é que aquí non medimos sempre polo mesmo raiseiro.

E, miren, independentemente de que estamos de acordo en que hai que mellorar esa infraestructura da A-6, do firme da A-6, recordo que as infraestructuras non teñen un declive dun ano para outro ¡eh! Isto é porque houbo tamén unha falla de mantemento cos gobernos do Partido Popular en Madrid. Parece que agora chega Pedro Sánchez e rómpense as estradas tamén. (*Risos*.) Non, claro, é que parece que é así. Esa é a falla de mantemento dos anos anteriores.

Quero darlle datos. Mire, entre xullo de 2018 e agosto de 2023, neses cinco anos dos que vostede fala, o Ministerio executou investimentos por importe de 645,5 millóns de euros na rede de estradas do Estado en Galicia; 337,83 millóns de euros foron destinados á conservación e á reforma da seguridade viaria. Anote, señor Balseiro: 337,83, case 338 millóns, para a conservación. Porque vostedes din que o goberno de Pedro Sánchez non destina cartos á



conservación das estradas de titularidade estatal. Falou aquí tamén do viaduto do Castro. Vostedes saben cales son as datas que se barallan: a de sentido Madrid estará concluída xa neste ano e a de sentido A Coruña xa está tamén en execución.

Pero falaba tamén o señor Balseiro moito da provincia de Lugo. Eu voulle dar tamén datos, datos de mantemento e mellora nas estradas estatais na nosa provincia. Só no último Consello de Ministros de xullo, 53,3 millóns de euros, o maior investimento que se fixo nunca nas vías de comunicación da nosa provincia, que mellorarán as condicións de circulación para os usuarios desta estrada. Actuarán na N-634, na N-640, tamén nesa N-642, señor Balseiro, e tamén na A-8.

E vostede, que falaba coma se non se está a facer nada na A-6, sabe que desa reforma integral do firme da A-6 entre Lugo e Villafranca del Bierzo, ou sexa, o de saída de Galicia, as obras xa están en execución. Son unhas obras que rondan os 8,1 millóns de euros e que teñen un prazo de execución de nove meses. E cando rematen estas obras empezarán as obras que van no sentido de entrada a Galicia. E iso coñéceno vostedes, señor Balseiro. Polo tanto, non mintan. É certo que hai que mellorar o firme desta estrada. Nós non dicimos que non sexa necesario, pero xa se está traballando no firme no sentido de saída de Galicia e empezárase a actuar no de entrada no momento en que se remate, porque, se non, habería que pechar esa autovía; ou díganos cal é a solución.

Polo tanto, estamos de acordo en que hai que realizar esas actuacións, e estanse a realizar. Polo tanto, nós estamos de acordo co que vostedes piden na súa iniciativa pero hai que puntualizar que non é certo que non se estea facendo nada, porque se está a traballar nela. Claro, o que lle pedimos —e nese sentido vai a nosa emenda, que non é de substitución, que é unha emenda para engadir un punto novo— é que o mesmo que lle piden ao Goberno central llo pidamos tamén á Xunta de Galicia. Creo que non haberá ningún problema en que o cronograma que lle pedimos ao Goberno central para a A-6 pois llo pidamos á Xunta de Galicia para esa LU-651 de Folgoso do Courel e que tamén axilicen esas obras. Porque ría o señor Balseiro pero vaimos comparar.

Sobre o derrubamento dun viaduto ou o que está a acontecer na A-6 eu voulles poñer en contexto. Na LU-651 en marzo do ano 2022 derrubáronse 200 metros de estrada. Estamos a falar de marzo do ano 2022. ¿Que fixo a Xunta de Galicia —dada esa axilidade que lle pide a Xunta de Galicia ao Goberno central coas infraestruturas da súa competencia—? Pois tardou corenta e catro días en licitar o proxecto dunha obra de emerxencia e tardaron catro meses e medio en abrir un desvío alternativo. Da solución definitiva para esta estrada nada sabemos, porque, ademais, segundo dixo a conselleira alí en marzo do ano 2022, en entre doce e dezaioito meses estaría lista esa restitución da estrada que se derrubara. Polo tanto, segundo os datos que deu a conselleira, hoxe xa tería que estar rematada esa infraestrutura LU-651 entre Folgoso do Courel e Quiroga. E ¿que acontece? Que no día de hoxe non hai nada. Pero ¿que é o peor? Que, se miramos os orzamentos que presenta o propio Goberno galego, esa infraestrutura non será unha realidade antes do ano 2026 sendo moi optimistas —catro anos ou máis de catro anos, porque, sendo moi optimistas, estará no ano 2026 para arranxar 200 metros nunha estrada autonómica que caeu en marzo de 2022—. Pero, entón, ¡que axilidade lle pedimos ao Goberno central se a Xunta de Galicia non é capaz, ao ritmo



que executan vostedes, con esta estrada de Folgoso do Courel!, que digo que son 200 metros. ¿Canto tardarían vostedes en reconstruír o viaduto do Castro? É que poderíamos poñer dez, quince ou vinte anos ao ritmo que leva a Xunta de Galicia.

Polo tanto, nós, estando de acordo co que vostedes piden, o que pedimos é a mesma coherencia para esta infraestrutura, tamén fundamental na nosa provincia e que vemos que a están metendo nun caixón, porque xa digo que cos orzamentos que vostedes presentan non será unha realidade antes de 2026 ou 2027. Vostede criticaba moito ¿non? E tamén é certo que agora, co tema das choivas, hai problemas en moitas estradas. Pero recorden tamén os problemas que hai na LU-160 en Mondoñedo, ou, polo menos, póñanse tamén a traballar un pouquiño e mellorar esa autovía do Morrazo. O outro día houbo na fin de semana un gran desprendemento que pechou parte desa autovía. Pero non é un caso puntual. Se tiramos de hemeroteca, isto aconteceu no ano 2014, no ano 2016, no ano 2017 ou no ano 2018. Non é un problema puntual, señor Balseiro, porque se vén detectando xa dende o primeiro ano en que se inaugurou esa autovía.

Polo tanto, o que lles pedimos é un pouquiño de coherencia. ¿Queremos un pacto e traballar a prol das infraestruturas da nosa provincia? Aquí está a man tendida do PSdeG. Apoiemos pedir a mellora da A-6 pero pidamos tamén un pouquiño de celeridade nesa infraestrutura autonómica entre Folgoso do Courel e Quiroga. ¿Ou os veciños desa comarca non precisan esa infraestrutura? Polo tanto, a ver, volvan ao sentidiño, ese que tanto lles gusta pregoar, e acepten tamén a nosa emenda. Creo que é un gran pacto polas infraestruturas na nosa provincia.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Ás veces tamén, dependendo dos temas, se fai interesante ver como avanza a incidencia dentro de cada un dos partidos —e a importancia que se lle dá— dun tema ou outro. No caso do PP xeralmente isto ocorre dependendo de como estean as cousas en Génova. Lembro como o derrubamento do viaduto da A-6 levantou as alarmas no Partido Popular cando caera, e nada máis caer decidíronse a actuar. Tal foi a prexa que tardaron dez días en pasar por aí. Pero non pasa nada, relaxación. Logo, xórdenos a pregunta, evidentemente, de se pasarían por alí máis rápido se este viaduto estivese na M-30, de se acudirían a el *raudos y veloces* como certo senador ourensán. Pero non, para isto tamén houbo un pouco de relaxación ¿verdade?

Logo, co paso do tempo e coas actuacións e unhas previsións por parte do Estado totalmente deleznable —isto é realidade—, absolutamente pésimas, decidiron que este tema lles viña



ben para chocar co Estado. Moi ben, política, como se adoita dicir. Pero de novo chocaban coa realidade. E agora gústalles moito a aldraxe, si, pero logo, para votar a favor dunha comisión de investigación no Congreso e saber o que ocorreu e depurar responsabilidades, aí votaban en contra, non lles interesaba tanto o que ocorrera no viaduto da A-6.

Pero ben, hoxe presentan esta iniciativa. E ¿que lles imos dicir? Que si, que teñen a razón, que estamos de acordo co que din e que, por suposto, imos votar a favor. Pero volve ser curioso, cando menos, como cada vez lles vai xurdindo no PP un caso —por dicilo dalgunha maneira—, unha doenza, que eu chamaría «aldraxe intermitente». E esta é unha doenza que adoitan sufrir máis os partidos de obediencia madrileña pero que se basea en que ás veces senten aldraxe con grandes dores punzantes na espalda causada sempre polo Estado opresor español que nos maltrata. Pero logo, ás veces, esa aldraxe desaparece casualmente cando gobernan, e aí o Goberno español é como un gran sanador que resolve todos os problemas.

Pero non se preocupen, porque, para esta doenza da aldraxe intermitente, que sempre a teñen cando non gobernan, pois hai unha receita bastante boa. E é unha receita de medicina de vangarda, e poderíamos dicirlles que é a receita do nacionalismo. Porque co nacionalismo reclámaselle ao Estado goberne quen goberne, reclamáselle ao Estado o que necesita este país sempre. Co nacionalismo este país deféndese sempre. (*Aplausos.*)

E co BNG, a defensa deste país no que ten que ver coa A-6 estivo tamén desde o primeiro día no Parlamento galego, evidentemente, e tamén no Congreso dos e das Deputadas; e desde hai uns días —creo que o notaron— con este acordo ao que tanta referencia fixeron, con este acordo tan bonito que eu creo que xa o teñen enmarcado nas súas casas. E é que parece que lles doe moitísimo, e eu non o entendo. Porque, ademais, é difícil de entender que entre toda a grande marabunta de deputados e deputadas, de senadores e senadoras, que ten o Partido Popular no Congreso —que parece que hai que poñer un Congreso para eles—, e, que non me esqueza, co expresidente da Xunta, deputado e agora tamén madrileño de corazón e de censo tamén —ese presidente que estivo trece anos gobernando este país— pois non conseguiran unha mínima mellora para este país. E tanto é así que ata o expresou o propio expresidente da Xunta, que despois de gobernar este país trece anos non tivo nin un momentíño para ter un mínimo compromiso con Galiza nesa sesión de investidura fallida. Pero xa o dixemos: tranquilos e tranquilas que, con só un deputado, o BNG sacou adiante este acordo que vai mellorar a vida dos galegos e das galegas e tamén daqueles e daquelas que empregan a A-6. Cito literalmente: «Axilizaranse as execucións dos traballos no tramo sentido Madrid do viaduto do Castro na A-6, que quedará finalizado este ano, e no tramo sentido A Coruña, que se porá en funcionamento antes de que termine o ano 2024». Pero, ademais, mencionou vostede, señor Balseiro, certas nacionais. Pero é que tamén se inclúen melloras na conservación da N-6 e na N-120, ¡faltaría máis!, evidentemente.

Pero tamén nos temos que facer unha pregunta, por moita razón que teña esta iniciativa do Partido Popular e porque as reclamacións son xustas. Podemos ir á hemeroteca e ver o que ocorría cando gobernaba o Partido Popular coas estradas na provincia de Lugo. Por exemplo, ¿que facían coa N-540? Poñíanlles un sinal aí, nos baches —«Reduza a velocidade»—, e que se amañen. Pero máis interesante —porque ten que ver máis co tema—: ¿que pasaba



coa A-6 cando gobernaron? E vou citar un titular de comezos do 2018 do máis coñecido xornal lucense: «*La autovía se deshace en Lugo*». Desfacíase a comezos de 2018. Non sei, aí non había esa aldraxe, a de «o Estado español nos maltrata e non mellora as condicións da A-6». Aí non lle reclamaban tanto ao Goberno. *(Aplausos.)*

Pero o máis curioso é o que vemos agora cando traemos este pacto, este pacto que vai mellorar a vida dos galegos. Eu o que vin foron dous tipos de reaccións —que xa se viron tamén hoxe na pregunta ao presidente—. Un tipo de reacción do Partido Popular foi a de: Non, é mentira, o que di o pacto é mentira. É mentira ¿por que? Porque o digo eu, é mentira. Pero esta, que era un pelín máis cutre, evolucionou agora a outra —que xa lles vin na prensa, que se viu que este pacto os fixo reaccionar—, e é a de que este pacto é verdade pero non trae todo o que necesita este país, tiña que traer melloras aquí e acolá, non contempla este punto, non contempla outro.

Eu dígolles unha cousa: no BNG temos forza, temos empeño, temos valentía, conseguimos melloras, conseguimos investimentos, pero, iso si, non somos os seus Reis Magos. O Partido Popular non pode mandarlle unha carta aos Reis Magos, unha carta ao BNG: ¡Oían!, señores e señoras do BNG consíganme isto, porque eu, que levo gobernando catorce anos este país, son incapaz de conseguir nada. *(Aplausos.)*

Pero, máis aló da brincadeira, que desgraciadamente ten bastante pouco de brincadeira, esta conduta o que mostra é unha realidade máis ben triste, unha realidade na que o goberno dos catorce anos e cero competencias ao final soamente se pode dedicar a pedirlle cousas ao BNG. Porque este goberno, estes deputados e deputadas, senadores e senadoras —tantos que son— non foron capaces de conseguir nin unha soa mellora para este país. E iso que contan co goberno, contan coas competencias, contan, por contar, ata cunha televisión case propia. Pero ¡nin así, nin así conseguiron absolutamente nada!

Pero, como aquí temos un talante diferente, non lles vou responder como quizais responderían vostedes se esta iniciativa a presentásemos nós; porque seguramente dirían —témolo vivido moitas veces nesta lexislatura—: Non podemos, non podemos votar a favor desta iniciativa porque xa o estamos facendo, entón non se pode votar a favor.

Pero, como xa lles dixen antes, a receita do nacionalismo fai que teñamos que defender este país sempre. E, se iso significa ter que volver a acordar o que acordamos e se vai realizar, pois farémolo, porque o que move ao BNG —levámolo no ADN— é este país e non quen se sente na Moncloa en cada lexislatura.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas señor Castro.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.



Teño que recoñecer, señor Castro, que a vostede a verdade lle perdín un pouco o fío, porque dixó tantas cousas que ao final... Dixó poucas pero dixó dúas moi importantes. Vostede quizais foi —fíxese ben—, dos setenta e cinco deputados, nese pacto, o vendedor de fume máis grande que houbo. E voulle explicar por que. Vostede, que é da Mariña, coma min —e sabe que eu non teño nada en contra de vostede—, o primeiro día que chegou a esta casa subiu aquí a esta mesa e puxo a chaqueta de Alcoa. E nese pacto de hai catro anos, do ano 2020, tiñan dúas medidas que eran as dúas medidas estrela: o traspaso da AP-9 a Galicia e un estatuto electrointensivo para as empresas grandes consumidoras de enerxía —entre elas, Alcoa—. Naquel momento Alcoa estaba producindo ao cen por cento. Hoxe Alcoa ten as cubas pechadas na planta de aluminio e ten un problema grande na planta de alumina. E vostedes firman un novo pacto e iso desaparece. ¿Que lles vai dicir vostede aos traballadores de Alcoa? ¿Que lles vai dicir vostede aos veciños da Mariña? ¿Que lles vai dicir vostede aos veciños do seu concello, de Ribadeo —que unha boa parte deles traballan nesa factoría—? Que vostede chegou con moita forza o primeiro día pero que vostede os enganou e agora retrocedeu. E non lle vou dicir como din na Mariña: «Hai que...» Xa me entenden, ¿non? Hai que... Xa me entende

Pero vostede di que defende o pacto, que defendeu o pacto. Dixó que o pacto ía solucionar todo. E dixó vostede: «Receta nacionalista». Pois, mire, a receita nacionalista voulla dar eu. A ver se lle soa isto (*O señor Balseiro Orol le un documento*): «*Por dignidad y coherencia pensamos que no podemos apoyar un nuevo gobierno del Partido Socialista, apoyar la investidura del presidente socialista en funciones, Pedro Sánchez, debido al incumplimiento del Partido Socialista con respecto a la mayor parte del acuerdo de la legislatura pasada*». «*Además, esta formación del Bloque apunta que el gobierno de Pedro Sánchez y Podemos defraudó buena parte de las expectativas generadas e incumplió sus promesas. Apunta que lo mínimo exigible, por una cuestión de dignidad, sería el cumplimiento de lo ya acordado*». É dicir, o que dixó o presidente da Xunta: É o mesmo de hai catro anos recortado.

Vostedes, aínda encima, son uns malos negociadores porque, como mínimo, vostedes... ¡Home!, custar non lles custou nada o de hai catro anos. Nada fixeron: cero quilómetros en obras, cero adxudicacións, cero licitacións, cero proxectos, cero servizos, cero de todo. Pero isto, ¿sabe quen o di? Pois dío unha formación separatista, o Bloque Nacionalista Galego, que pide non investir a Pedro Sánchez. Dío a mellor presidenta de comisión que hai das comisións que preside o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos*.) (*O señor Balseiro Orol amosa un recorte de prensa*.) Isto é o que di —pódeo ler aquí—. Vóullelo poñer aquí.

E, entón claro, non me estraña que vostedes non poidan convencer a poboación. É que vostedes non se convencen nin a vostedes mesmos. (*Risos*.) Non se convencen nin a vostedes mesmos. E despois vén vostede recitarnos a nosoutros medicina nacionalista. ¡Non, home, non! ¡Ata aí poderíamos chegar! Vostedes o que fan é enganar os galegos e as galegas. Vostedes o que fan é vender Galicia. E eu temo que o señor Rueda non vai ter competidor nas próximas eleccións. Eu temo que o meu veciño de Lugo e a señora líder do Bloque Nacionalista Galego non se van presentar en Galicia, porque vostedes non están facendo méritos para Galicia. Probablemente vostedes queiran presidir a Generalitat de Cataluña. (*Aplausos*.) Porque vostedes, para Cataluña, apoian mandar 15.000 millóns, dos cales nos rouban aos galegos —si, si, porque é



unha débeda de Cataluña e témola que pagar os galegos— 1.200 millóns de euros. Si, róban-nolos, e o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego apóiano. Nós, encantados de que vostedes vaian facer campaña a Cataluña. Para Cataluña van 15.000 millóns de euros e para Galicia, fume. Encantados, porque, ademais, farían un gran favor —tanto o señor Besteiro como a líder do Bloque Nacionalista Galego— que se presentasen en Cataluña e deixasen vía a outras persoas moito máis responsables en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Acepta a emenda do PSOE?

O señor BALSEIRO OROL: Señor presidente, a emenda non a imos aceptar porque, con todo o respecto para os veciños do Courel, comparar unha estrada do Courel coa autovía A-6, xa me dirán vostedes... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Teñen vostedes ocasión, como grupo, de presentar unha iniciativa que (...) (Inintelixible.) (Fortes murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate das proposicións non de lei, comezamos as votacións.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para atender as peticións da Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galicia no sentido de materializar os dereitos que regula a nova normativa referida á etapa final da vida, así como a converter o 12 de xaneiro no Día da Morte Digna.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona María Leticia Gallego.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para darlle impulso á política de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) na nosa comunidade.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa de dona Marisol Díaz Mouteira. Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Sol Díaz Mouteira e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central relativas ás novas exixencias de inclusión no réxime da Seguridade Social do alumnado de FP e universitario durante os períodos de prácticas en empresas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 56; votos en contra, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Eduardo Ojea.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Eduardo Ojea Arias e D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre a demanda ao Goberno galego dunha estratexia específica de erradicación do chabolismo e da infravivenda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego —non sei quen levou esta iniciativa—. ¿Quen a levou? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Foi por iniciativa do señor Bará.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre determinadas actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo relativas aos canons e gravames de Augas de Galicia pola xestión de depuradoras e de redes de colectores.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de don José Manuel Balseiro. Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que o Goberno galego debe demandar ao Goberno central en relación co estado de conservación da A-6.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E agora pasamos ao punto quinto, que son as interpelacións.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Debatenos en primeiro lugar a que figura como segunda.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a atención á saúde mental no Sistema público de saúde

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Torrado. *(O señor presidente fai indicacións para que entre no salón o señor conselleiro de Sanidade.)*

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

O conselleiro estaba na porta correctamente esperando porque durante as votacións non se pode entrar. ¿Ou cre vostede que isto é a votación da universidade privada de Abanca? *(Risos.)* ¡Por favor!, isto é unha votación seria, non o outro.

En fin, imos falar sobre unha cuestión importante, non sobre Cataluña. Aquí veu o señor Josep Manel Balseiro Orol falar de *Catalunya (Aplausos.)*, e non deu un dato acertado nin por equivocación. Parece o PP de Cataluña. Pero, en todo caso, vamos falar de saúde mental.

Señor conselleiro, sabe vostede que a saúde mental é unha cuestión que a nós sempre nos pareceu un tema moi relevante e que consideramos, ademais, que historicamente é un servizo que non estivo ben tratado dentro do sistema, no sentido de que foi moitas veces agochado, minusvalorado na súa capacidade e incluso ás veces afastado fisicamente dentro dos espazos que teñen os centros sanitarios —nomeadamente, ademais, os hospitalarios—. E isto provoca, entre outras cousas, que sexa un sistema que provoca certo tabú sobre a saúde mental. Isto non é propio unicamente de Galicia, pero si que é certo que isto tampouco contribúe a que os servizos de saúde mental teñan a difusión, a capacidade e a potencia reso-



lutiva que deberían ter. Temos grandísimos profesionais pero temos uns servizos aínda infradotados e non de todo estruturados; e, polo tanto, nós seguimos crendo que merecemos servizos mellores.

Como digo, non ten que ver unicamente con esa especie de tabú —pero si con moitas das cuestións sobre a infradotación que lles dá o sistema— que hoxe teñamos unha situación problemática. Non é, como digo, unicamente propio de Galicia, pero é certo que aquí existe un feito diferencial. En Galicia temos dos peores datos que podemos comparar —en termos de problema asistencial— no problema da saúde mental. Por dar algúns, eu, ao contrario que este goberno, vou citar as fontes.

A Sociedade Española de Saúde Pública e Administración Sanitaria, SESPAS, no seu último informe —do ano pasado—, fala dalgúns cuestións interesantes. En primeiro lugar, en saúde mental autopercibida cítase que entre o 40 por cento dos homes e o 50 por cento das mulleres —a saúde mental ten unha especificación de feminización dos problemas tamén interesante pola preocupación que supón— apuntan sufrir o ter sufrido algún problema de saúde mental ao longo da súa vida. E cítase habitualmente entre os especialistas que unha de cada catro persoas ten, terá ou o tivo nalgún momento da súa vida en global un problema de saúde mental —datos que aquí, en temas de saúde mental autopercibida, se elevan—. En consumo de psicofármacos en Galicia —especificamente, tranquilizantes ou antidepressivos— temos a peor taxa de consumo de toda España. Esta é unha situación moi grave. Sabe, ademais, que existen outros datos tamén moi preocupantes, como é a situación tristemente destacada de Galicia entre as comunidades onde se rexistrou a maior taxa de suicidios. Non é a que máis pero si unha das que máis —no último dato, a segunda—. E todos estes datos levan á preocupación por un problema: se, ademais, baixamos a idade e nos achegamos á saúde infantoxuvenil, a Organización Mundial da Saúde apunta que aproximadamente un de cada tres menores de idade nos países desenvolvidos —no que malamente chamamos o primeiro mundo— sofre problemas de saúde mental ao longo da súa idade ata ser adultos. Save the Children cita que dende a situación prepandemia se multiplicaron por tres os problemas de saúde mental na idade infantoxuvenil. A Sociedade Española de Pediatría de Atención Primaria sinala —ou fainos reflexionar sobre iso— un dato durísimo: a multiplicación por dous do número de suicidios en menores de 16 anos en España. Hoxe, entre os 15 e os 30 anos o suicidio é a segunda causa de morte en España, soamente superada polos accidentes de tráfico. E isto é unha situación gravísima.

¿Como afrontamos en Galicia esta situación? Temos un triplo problema: recursos humanos, modelo asistencial e infraestruturas. E en ningún deles imos todo o avanzados que deberíamos. En recursos humanos, a pesar destes datos, a media de consultas —citan os profesionais dos servizos de saúde mental de Galicia— está nun contorno de catro meses. Os datos oficiais apuntan «soamente» —permítanmo entrecomiñar— a algo máis de dous meses para unha primeira consulta, que é a todas luces insuficiente. Os profesionais advirten de que isto está en realidade máis alá dos catro meses, en xeral polo sistema de cómputo das citas do sistema, que son tramposas. Pero, máis alá deste debate —que é outro—, fosen dous meses ou fosen os catro —que son realistas—, é absolutamente insoportable. Isto explica, ademais, que se eleve a taxa de consumo de psicofármacos, porque a solución que se dá en primaria antes de que as persoas pasen polas consultas de saúde mental —que logo



ao final algunhas, bastantes delas, acaban por non ir— é a solución a través da terapia farmacolóxica e non da psicoterapia ou doutras cuestións ou doutras solucións que ofrezan os profesionais.

¿Por que? Porque Galicia ten unha das peores ratios de profesionais en saúde mental de toda España. E levamos así durante moito tempo, non é unha cuestión deste ano. Cabe sinalar, ademais —para cando se dan algúns debates falaces, e incluso ás veces vergonzantes para os que coñecemos os datos, e vostede tamén os coñece, sobre a reclamación de máis MIR—, que en Galicia aínda non ocorreu que houbera un ano en que se convocasen todas as prazas de saúde mental da oferta formativa. Galicia sempre deixa prazas sen convocar, debe ser que lles sobran profesionais. Pero logo temos das peores ratios de profesionais por comunidades autónomas de toda España. E isto fai que o sistema non sexa o suficientemente accesible. Hoxe, se calquera de nós ou algunha persoa que coñecemos temos que ir, ou fala de ir, a unha consulta dun psicólogo ou dunha psicóloga, pensariamos sempre na sanidade privada, porque na sanidade pública non é accesible, porque non é real, porque unha consulta a catro meses vista non é real e non soluciona nada. Hoxe hai un problema gravísimo de accesibilidade ao sistema que non permite que poidamos defender que hai un acceso real que garanta a asistencia. E isto é un problema.

Temos, ademais, un problema de modelo asistencial. Durante anos en Galicia pecháronse centros psiquiátricos, case entre aplausos, para acabar concentrando o problema dos crónicos practicamente nun gran centro en Galicia. E isto ten varios problemas. O primeiro é que a acumulación non é a solución. Necesitamos un modelo —ou iso é o que nós defendemos— que expanda os centros, que estean máis achegados ao territorio, máis pegados á realidade, que permitan mellor inserción, que permitan ás persoas a capacidade de estar en contacto cos seus, coas súas contornas sociais, o cal permite moitísimo máis grao de inserción e non illalos nun gran centro en Galicia —que ten, ademais, numerosos problemas que vostedes non resolven á vontade—. E ademais diso, ademais diso, é que non somos capaces de dar unha solución real á terceira vía, que son os agudos. ¿Por que? Porque hai un déficit de infraestruturas.

¿Cantas camas reais existen hoxe, hoxe en día, hoxe mércores, dispoñibles para a atención aos agudos en hospitalización infantoxuvenil en Galicia? Prometidas hai trescentos millóns; reais, sete, e todas ubicadas no mesmo lugar. E esta é a realidade, porque a realidade é que non temos capacidade nin infraestruturas porque non se investiu o suficiente. Nin temos capacidade de modelo asistencial porque se foi abandonando, porque se consideraba que pechar centros para crónicos era bo, sen ter unha alternativa asistencial, e porque non se dotou de recursos humanos suficientes. E, por tanto, tendo unha boa potencialidade, sobre todo en profesionais —que Galicia adiante, pero, sobre todo, España adiante, e incluso a nivel internacional, vostede coñece que son tremendamente recoñecidos en moitos dos casos—, non temos a capacidade de darlles os recursos para que poidan atender.

Nós trouxemos dende hai moitos anos a esta Cámara varias propostas. É certo que nos custou, pero chegamos ao que para nós era unha boa solución e un bo acordo, a un acordo parlamentario en marzo de 2021. Nós tivemos que renunciar a algunhas das peticións para poder chegar a un acordo, pero isto é a política natural. Nós renunciámos a algunhas das partes que solicitábamos



e o Goberno conseguiu entender a necesidade e asinou o acordo —o seu partido—. Era vostede xa conselleiro. Entendo que vostede estaba de acordo con aquel acordo, porque, aínda non sendo deputado e non votando, entendo que estaba de acordo. E o Grupo Popular votou a favor.

Permítame relatar aquel acordo de marzo de 2021 acadado por unanimidade neste Parlamento.

En termos de persoal comprometía aquel acordo a convocar 120 prazas, 120 prazas específicas en saúde mental nese ano, e a chegar en 2024 á media do resto das comunidades autónomas de España. Non se convocaron 120 naquel ano, non se chegou a esa convocatoria. E o ano que vén non imos estar na media —non imos estar na media nin de lonxe nalgunhas das categorías—. Incumprido.

Comprometíase a acabar 2021 coa apertura da Unidade de Hospitalización Infantoxuvenil en Vigo. Nós plantexabamos como obxectivo que concretásemos prazos realistas para que todas as áreas sanitarias tivesen unha área de hospitalización infantoxuvenil —non de hospital de día, que está ben, senón de hospitalización de agudos infantoxuvenil—, e por agora só está en previsión a de Vigo. Pero, lembre, era 2021 e xa se comprometeran a acabala. Incumprido.

Unidade de Psicoxeriatría en Ourense, que sabemos que ten problemas e que hai perspectivas clínicas distintas. É a provincia máis envellecida de España. Votaron a favor. Incumprido.

Votaron a favor de que se mellorarían as situacións difíciles en Conxo. Informes sucesivos despois viñeron dicir que vostedes non fixeron nada, que dixeron que facían, que se comprometeron a que farían, pero que non fixeron nada. E, ademais, comprometéronse a absorber servizos municipalizados, porque existe, ademais, un problema na atención aos consumos, orixinalmente creados pola drogodependencia pero hoxe con máis capacidade para afrontar outros problemas sobre os comportamentos adictivos, que hoxe, sorprendentemente —e isto non hai cabeza que o entenda—, sendo un servizo claramente sanitario non xestiona o Sergas. O Sergas aproveita a súa vinculación, aproveita os profesionais para asumilos como propios nos cómputos nos que di que temos máis profesionais, pero páganos os concellos, e son as unidades —UCA, UMAD ou como se chamen en cada concello— que non están absorbidas polo Sergas. E debería de facelo xa porque son servizos clínicos pero están financiándoas os concellos, con infradotación. A Xunta de Galicia dá cada ano un diñeiro que non chega para nada, para nada, do que corresponde no seu financiamento. E se vostede me di que si chega, pois é moi fácil: se chega, absórbaas e pague vostede. ¡Se é moi fácil, é facilísimo! Estarán todos os concellos encantados. Non ten sentido que plantillas dos concellos estean financiando sanitarios con convenios distintos, con condicións distintas, con dificultades vinculadas distintas sobre os procesos do Sergas. E non ten ningún sentido que esteamos dando un servizo clínico máis que pola explicación de que vostedes queren, como non lles gusta...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...non lles dá noticias, apartar ese servizo. E iso crea situacións moi difíciles. Tamén foi un acordo absorbelo con inmediatez, e dende o ano 2021 nada se fixo.



Por tanto, nós preguntámonos: se nada se fixo dende entón, ¿que fiabilidade teñen vostedes para poder chegar a novos acordos? E ¿cando van pretender cumprir, polo menos, o que comprometeron hai dous anos e que non cumpriron —pero que xa sería un avance—: a media de recursos humanos como en toda España, as áreas sanitarias con dotación de unidades de hospitalización infantoxuvenís e que vostedes absorban por completo os servizos de saúde mental que hoxe en Galicia, polos déficits da súa xestión, non teñen a posibilidade de ter garantida para toda a cidadanía, realmente, a súa accesibilidade

Polo de agora, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señor Torrado, eu teño que dicir que non podo estar de acordo co plantexamento que fai sobre a situación da saúde mental en Galicia no día de hoxe. Agradezo, e por suposto comparto, o diagnóstico previo que vostede facía. Estou totalmente de acordo, creo que todo o sistema sanitario nacional non lle deu a importancia axeitada á saúde mental; non desde hai catro anos nin dez, probablemente desde que o Sistema Nacional de Saúde é así. Tamén, probablemente, pola situación da enfermidade mental, do estigma, e por moitas cousas das que vostede, ademais, sabe moito. É certo que Galicia fixo un esforzo grande. Eu creo que incluso podería dicir que da man de vostedes, en particular, e de vostede, concretamente.

Vou comezar cuns datos —que vou repetir varias veces, ademais—. A ratio de psiquiatras en Galicia, antes de comezar a traballar de xeito específico neste tema dentro do Plan de saúde mental de Galicia 2021-2024, era de 7,4 psiquiatras por 100.000 habitantes. Hoxe estamos en 8,6, e a media nacional que se fixou ao principio do plan era 8,5, co cal teño que dicir en sede parlamentaria que a ratio de psiquiatras en Galicia no día de hoxe está por riba da media de cando se iniciou o plan. Isto a vostede pode parecerlle moi ben, mal ou regular, pero isto é unha realidade. E imos deixar de dicir xa dunha vez que Galicia ten a peor ratio de psiquiatras do Estado, porque non é certo. Acabo de dicilo: 8,5 era a media nacional cando fixemos o plan; 8,6 no día de hoxe.

E o mesmo poderíamos dicir cos psicólogos clínicos: cando empezamos o plan, eran 3,6; no día de hoxe están en 5,4; e a media do Estado é 5 —é dicir, estamos catro décimas por riba da media—.

Isto é un principio fundamental de todo o que imos comentar agora, pero —insisto— dígoo ao principio, vouno dicir no medio e vouno dicir ao final, para que a ver se, dicíndoo tres veces, queda claro.

Decía que vostede sabe mellor ca ninguén que levamos anos traballando arreo para mellorar neste eido, especialmente, efectivamente, despois da covid-19. No eido asistencial, Galicia



foi unha das primeiras comunidades autónomas, se non a primeira, en definir unha folla de ruta para abordar o problema da saúde mental, que, evidentemente, se incrementou despois da pandemia. Este instrumento de planificación, que todo o mundo coñece, está reflectido nese Plan de saúde mental de Galicia 2021-2024, que ademais ten o apelido de «poscovid». É un plan que conta cunha memoria asistencial perfectamente detallada e cunha dotación de 83 millóns de euros para o desenvolvemento do plan nos catro anos; dos cales, 36 están consignados especificamente para recursos humanos. E iso tradúcese en crear 241 prazas no ámbito da saúde mental.

Desde a posta en marcha do plan, os orzamentos da Xunta foron creando —e digo «creando», señor Torrado— esas novas prazas no eido da saúde mental. Creáronse entre o ano 2020 e o ano 2022 —prazas creadas no orzamento— máis do 60 por cento das prazas recollidas no plan —concretamente 163—. Esta incorporación de profesionais permitiu poñer en marcha, loxicamente, novos dispositivos no Servizo Galego de Saúde, implicou a habilitación de espazos e a adquisición de novos equipamentos.

É certo que, grazas a este plan —como dicía—, demos saltos en moitos aspectos —vostede xa o comentaba, e agradezo o comentario—: en hospitais de día de saúde mental infanto-xuvenil había cero antes do plan e hoxe temos sete, unha por área sanitaria. Temos funcionando o de Vigo, o de Santiago, o de Lugo, o de Ourense e o de Ferrol. Este ano 2023 empezará a funcionar o da Coruña; e no 2024 empezará a funcionar o de Pontevedra. Con isto completamos o de un por cada área sanitaria. Evidentemente, estes hospitais de día infanto-xuvenís permiten facer terapias intensivas en réxime ambulatorio e, polo tanto, evitar ingresos de rapaces e rapazas con problemas de saúde mental.

No que respecta a unidades de hospitalización psiquiátrica infanto-xuvenil é certo que imos máis atrasados do que nos gustaría no caso de Vigo. Tamén supoño que coñece que quedou deserto un primeiro concurso e houbo que volver convocar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, podemos asinalo a dedo e entón imos máis rápido. Pero non, miren, nós facemos as cousas como hai que facelas e licitamos a obra. Por certo, a obra está xa entregada —1,3 millóns de euros nesa obra— e no mes de decembro, é dicir, en poucas semanas, esa unidade estará a funcionar de entrada coas seis camas que tiñamos plantexadas, que poden, probablemente, aumentar.

Eu quero dicir que, afortunadamente, no servizo de saúde mental de todo o país, de toda Galicia, hai nenos ingresados, ¡faltaría máis! Practicamente en todos os servizos hai camas —ben sexa levadas de forma conxunta con pediatría, ben de forma específica— en saúde mental. Pero vou transmitirille á poboación unha mensaxe de tranquilidade: se un neno ten que ingresar nun servizo de saúde mental, ingresase. Non hai só as seis camas de Santiago, afortunadamente. É certo, e por iso as facemos, que son unidades específicas orientadas a un perfil de pacientes con moitas singularidades e que fai, por exemplo, moi difícil ubicalas nos centros asistenciais agora mesmo, pero que están aí.

En referencia ao acordo de 2021, nese ano —dicía— creáronse —señor Torrado, creáronse, non hai que convocalas porque temos listas de contratación— 120 novas prazas. Polo tanto, si que se cumpriu iso que figuraba nese acordo. Creáronse as prazas, e antes de rematar o 2021 contratá-



ronse o 90 por cento —91 por cento, para ser máis exactos— dos profesionais para as prazas que estaban creadas. Polo tanto, o punto 1 do acordo ao que vostede fai referencia está cumprido, señor Torrado. No 2021 creáronse as 120 prazas e ademais cubriuse o 91 por cento desas prazas.

Como dicía, grazas a esas prazas que incorporamos e ás que foron seguindo despois, na actualidade a ratio de profesionais de psicoloxía por 100.000 habitantes é de 5,4 —1,8 veces máis do que tiñamos ao inicio do plan, que era de 3,6—. Como dicía, estamos en 5,4 cando o valor de referencia que había naquel momento era de 5; polo tanto, creo que na parte de psicólogos clínicos ese obxectivo está cumprido.

E o mesmo diría na de psiquiatras. Partiamos dun número baixo, de 7,4, e chegamos a 8,6. Como digo, por riba do nivel de referencia naquel momento, que era 8,5. Non o vou enganar, evidentemente dende o ano 2021 ao día de hoxe —precisamente, en parte, polas incorporacións de Galicia e por outras incorporacións— esa media subiu. ¿Canto subiu? Pois, mire, non estamos moi lonxe desa media, non tanto como para que vostede diga que somos os peores de España. Se a media no ano 2020 era de 8,5 psiquiatras, agora está en 9, e nós estamos agora en 8,6. Non estamos moi lonxe. E, se a media de psicólogos clínicos era de 5 a nivel nacional, hoxe é 6, e nós estamos en 5,4. Polo tanto, como digo, e sen facer trampas, a media nacional subiu e nós estamos moi preto desa media. Pero, en todo caso, o obxectivo do plan era acadar o valor da media que había cando empezamos o plan.

Nós seguimos traballando na incorporación de profesionais da saúde mental. Na comparación de orzamentos xa lle comuniquéi que para o ano 2024 imos incorporar as 17 últimas prazas que faltan dese plan, e con base neste documento —como digo— temos creadas xa esas 240 prazas. Se vemos os presupostos do ano 2024, as 240 prazas comprometidas no plan galego están creadas, señor Torrado, creadas absolutamente todas. E grazas a esas prazas podemos poñer en marcha unidades de saúde mental como a de Tui, como a de Ordes, como a de Oleiros ou como a de Ponteareas, ou asignar no 2024 —como lle dicía— un incremento de 17 millóns de euros para completar esas novas prazas.

Con isto, efectivamente, o vindeiro ano completaremos a cobertura desas prazas en boa medida grazas a unha oferta preferente, mediante concurso de méritos, de 175 desas prazas que faltaban; e grazas a una lei impulsada por este Parlamento, que teño que agradecer, por suposto, se ben é certo que non contando co seu apoio. Fixemos unha lei para dotarnos, por concurso de méritos, dos profesionais da saúde mental que nos faltan e o Partido Socialista votou en contra. É un proceso extraordinario que se vai resolver este ano —de feito xa están publicadas as listas provisionais de seleccionados— e que vai permitirnos contratar máis psicólogos e psicólogas clínicas, enfermeiras especialistas en saúde mental e psiquiatras; e, como digo, todo por concurso de méritos. En total, serán 175 prazas para incorporación xa inmediata, espero que antes de rematar o ano ou primeiros do ano que vén —44 psiquiatras, 37 psicólogos e 94 prazas de enfermaría especialista—.

Son novos profesionais grazas aos que se están creando novos equipos e aumentando esas novas unidades; por exemplo, esas unidades de saúde mental do adulto, como dicíamos antes, eses hospitais de día infantoxuvenís nas catro provincias galegas ou tamén, neste caso, toda a colaboración co sector da saúde mental que temos en Galicia.



Señoría, sen lugar a dúbidas, o Plan de saúde mental 2020-2024 é un documento ambicioso, aínda que durante este tempo houbo veces que lle pareceu a vostede insuficiente —como, de feito, acaba de dicir agora mesmo—. Nestes cinco anos fomos quen de incrementar esas 241 prazas, unidades e infraestrutura, algo totalmente distinto ao que vostedes tiñan no seu plan de saúde mental do 2006, que falaba de incrementar 43 millóns de euros en seis anos e 155 novas prazas; nós, 83 millóns e 240 prazas, que ademais están aí.

Deixarei para a réplica falar da formación sanitaria especializada, no que afortunadamente lle podo adiantar que estamos no cen por cento, señor Torrado. Espero que iso para vostede sexa unha boa noticia.

Coas prazas de formación sanitaria especializada, como vostede sabe, estamos no debate de sempre. As condicións fíxaas o Ministerio, as comunidades optan a elas, fináncianas, e o Ministerio finalmente acredita. Nós non temos o problema que temos en medicina familiar e comunitaria. En saúde mental temos, como digo, o cen por cento das prazas agora mesmo xa convocadas. E esperemos que en maio se cubran todas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica do señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, atopamos algún punto de acordo —non foi moito pero sempre é un avance— e algunhas discrepancias. Non me falou vostede do modelo asistencial. Entendo que comparte basicamente a idea. Ou fará como co do MIR, que me vai contestar cando non haxa réplica porque así pode contar a súa versión da historia sen ser certa.

Di vostede que para o ano que vén convocarán o cen por cento das prazas. ¡Ímolo ver, ímolo ver! Pero lembre o dato que lle dei: ata o de agora nunca o fixeron, ¡nunca! Nunca, nunca convocaron. Houbo anos en que en formación especializada en Galicia a convocatoria para psicoloxía clínica foi cero. Alguén non viu que isto era importante. Se empezan a velo agora, ¡máis vale tarde ca nunca! Xa o ano que vén haberá outro goberno, pero, polo menos, deixen o último ano encamiñado, que está ben.

Sobre persoal dá vostede algúns datos. Pero vostede dá datos pero non di de onde. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, son seus. Está ben, porque o último día, na comparecencia de orzamentos —esta é moi bonita, agardo que me atendan— díxome vostede que eu tiña a teima de fiarme do anexo de persoal do Sergas e que iso non valía. E non valía porque o dato bo era —creo recordar— o censo das eleccións sindicais, ¡o censo! O anexo de persoal da Xunta —¡que pena que non está o conselleiro de Sanidade!— non valía, ¡non valía! ¡O censo das eleccións sindicais! —no que, por certo, se hai un médico de baixa, vota o que está de baixa e o novo, e por iso dá máis, claro—. O anexo de persoal da Xunta non vale, pero agora vostede estame dando o dato e dime que é do anexo de persoal. ¡Isto é...!



¡Vostede cambia de opinión que é unha marabilla! Escolla un criterio, pero escolla un só. Non vaia ser que me escolla un pola mañá e outro pola tarde.

Incluso con ese, vostede cita que temos unha ratio de 8,6 por cada 100.000 habitantes en psiquiatras. Bueno, eu voulle dar datos —que fan esa mesma recompilación— da Sociedade Española de Psiquiatría e Saúde Mental, que eu diría que son datos fiables, ¿non? Di vostede que, bueno, que non se sabe. No seu informe anual din que son datos proporcionados polas comunidades autónomas. A ver se vai ser que son todas menos Galicia. Pois rebaixa ese dato que di vostede. Pero, por se houbese algunha cuestión aí que vostede puidese dubidar, a Confederación de Saúde Mental de España, que recompila moitísimas asociacións profesionais, de pacientes e de familiares, tamén rebaixa ese dato. ¿Por que? Porque explica o dato do 8,6. Vostedes —díxenllo xa na primeira intervención, pero vexo que non me colleu a ironía previa— inclúen aqueles profesionais que traballan nas unidades municipais —que paga outra administración—. ¡Isto é fabuloso! Por iso non serve o anexo de persoal do Sergas. Xa nos estaba vostede advertindo de que vai trampear os datos. E seguimos por debaixo da media española, que está en 9,27 en psiquiatría, en 9,27. O Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, que eu diría que vostede tamén se fía deles, supoño —eu si, porque ao final son compañeiros, en todo caso—, tamén os sinala por debaixo da media española. Eu dixen «unha das peores». E somos unha das peores.

Vostede discute cousas que eu non digo. Se vostede me escoitase máis, chegaríamos a máis acordos. ¡Mire como vostede e mais eu podemos entender que si, que existiu un problema acumulado durante anos, e ao que non lle puxen color, porque todos teñen, temos, tivemos, culpa en minusvalorar un servizo! ¡Claro que si! ¡Se ninguén di o contrario!

Citoume vostede outra vez que dentro dunhas semanas estará xa a Unidade de Hospitalización Infantoxuvenil de Vigo. Creo que é a novena vez que lle escoito dicilo. ¡A novena, eh! Bueno, a novena é tan boa como calquera outra —canto antes mellor— para que se cumpra. Permítanme un dato moi curioso: hai quince anos —catorce e medio— que nesta mesma tribuna se reclamaba a inmediata necesidade da Unidade de Hospitalización Infantoxuvenil en Vigo. Facíaa un deputado descoñecido, Miguel Santalices. Non sei o que foi del, pero seguramente tivo boa carreira, porque reclamaba algo que era xusto. Reclamaba ao goberno do señor Touriño a inmediata posta en marcha da Unidade de Hospitalización Infantoxuvenil en Vigo. Non lle conto o que dicía do que nos pasaría se non a tiñamos. ¡Catorce anos e medio!, e tiña razón. Non volveu reclamala, tamén llo digo, ¡eh!

Claro, vostede dime: Non, é que nós convocamos as prazas pero non se cobren. Boa reflexión. ¿Por que non se cobren as prazas cando vostedes as convocan?, estaría ben sabelo. ¿Por que vostedes din que convocan prazas e non se cobren? Pero, permítame: no 2021 convocaron 100, non 120. Polo menos, ese dato que teño eu foi dito por vostede aquí, 100. Salvo que agora me diga... Claro, se non vale o anexo de persoal e xa non valen as declaracións do conselleiro, ¿que vai valer aquí? ¡Se eu me fío de vostede máis ca vostede, pero, claro, se non me permite...!

E, por último, tamén coincidimos nalgunha cousa. Nós cremos que é necesario vincular os servizos completos de saúde mental á atención primaria, non desagregar servizos, non di-



vidir o servizo e implementar unha atención primaria de maneira desvinculada e desagregada entre si, como a incorporación só duns profesionais e non doutros.

Tan interesante é isto que eu percibín o outro día na comparecencia sobre orzamentos que vostede tamén está de acordo, tamén está de acordo. Pois entre vostede e mais eu a ver se somos capaces de facer unha cousa. Hai un señor que se senta aí, que se chama Alfonso Rueda, que anunciou psicólogos en atención primaria. Vamos ver se entre os dous —ten vostede todo o meu apoio, e, se podo facer algo, conte comigo— podemos convencelo de que iso non é saúde mental completa, de que a saúde mental é un servizo completo que necesita estar vinculado pero ter un funcionamento común, porque hai problemas que tratan os psicólogos, os psiquiatras, e non lle vou contar nada, que vostede xa o sabe perfectamente. A ver se entre os dous somos capaces, porque, se a vostede non lle vale o seu anexo de persoal, non lle valen as súas declaracións e non lle vale o que fai o señor Rueda, vostede vai acabar votando o PSOE, jeh! *(Risos.)* Vai acabar votando o PSOE, xa llo digo eu. Non llo diga moito á xente, pero vai acabar votando o PSOE. Porque, ao final, a ver se vai ser que os dous estamos de acordo e resulta que co que non estamos de acordo é co señor Comesaña, que, en vez de falar aquí, despois toma decisións ou lle fan tomar decisións.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Porque, se é iso, resolvémolo e poderíamos ir a un avance. Como vostede sabe, nós levamos —e vostede recoñéceo, e eu agradézollo— estas cuestións de saúde mental con moito ímpeto, con moito interese neste Parlamento. Chegamos a acordos e estamos dispostos a seguir chegando. E, como temos cousas en común, a ver se somos capaces de chegar a acordos e que logo o señor que está aí non nolas tire pola borda nin a vostede nin a min. Se é así, seremos bos políticos.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación polo conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Señor Torrado, vou continuar onde quedei polo tempo, polo tempo.

Dicía que fixemos un esforzo grande na formación sanitaria especializada, e, como digo, nestes últimos anos traballouse arreo para, efectivamente, primeiro, ter máis prazas acreditadas —cuestión importante— e, sobre todo, ofrecelas. E podo darlle os datos seguintes, que son públicos.

Prazas de psiquiatría ofertadas no ano 2008–2009: 13 prazas de psiquiatría. Prazas de psiquiatría que se van ofertar no 2023–2024: 18. Fago unha pequena trampa: aquí meto a de infantoxuvenil. Pero, se quere, son 17 de adultos e 1. E, por certo, é a comunidade autónoma que colle —en primeiro lugar— a opción de formar en psiquiatría infantil. Psicología clínica:



7 no ano 2008-2009, 14 no ano 2023-2024 —un incremento do cen por cento—. Enfermaría de saúde mental: 2 prazas de enfermaría de saúde mental no ano 2008-2009, 20 prazas na convocatoria 2023-2024. Incrementamos un 136 por cento a oferta de prazas de formación sanitaria especializada, creo que, ademais, na liña do que hai que facer. E seguramente aquí vostede tamén estará de acordo. Polo tanto, imos traballar para dotar estas prazas, que se cubran e logo que teñamos capacidade de poder ofertalas.

Mire, señor Torrado, vostede dicía na primeira intervención que cando a xente quere coller unha cita para saúde mental na pública, como tardamos moito, vai á privada. Bueno, teño que dicirlle —non sei se vostede o sabe— que a privada ten incluso máis lista de espera que a pública no ámbito da saúde mental. A saúde mental é un problema xeral. Agradezo que vostede diga que non ten cores, pero non ten nin sequera garantés. Non é nin de pública nin de privada, é un problema importante que está a verse neste tempo.

Falaba vostede —e por suposto non podemos estar máis de acordo— do tema do suicidio. Non vou detallar todo o que o Plan de saúde mental está facendo en suicidio, porque, igual que fixemos sete hospitais de día infantoxuvenís, fixemos seis unidades de suicidio, que creo que o están facendo moi ben. Collemos o modelo de Ourense que había no ano 2018 e estendémolo ao resto de áreas. Estamos traballando en educación con ese programa pioneiro YAM, que está moi ben para traballar nese ámbito. En fin, evidentemente temos que estar todos na liña de atallar o problema do suicidio, que en Galicia é especialmente importante. E non só en Galicia, senón que eu diría no norte en xeral. Vostede falaba de que somos a segunda comunidade autónoma; a primeira é outra tamén próxima a nós e coa que compartimos moitas cousas, que probablemente teñen que ver con moitos factores. Entón, insisto, temos que traballar nisto. Pero, como digo, non é un problema de público-privada.

Precisamente por esa falta de profesionais foi polo que na lei de comarcais decidimos engadir a saúde mental para intentar facer atractivas esas prazas e captar xente doutras comunidades autónomas; que a captamos, afortunadamente. Esas prazas, esas cento setenta e cinco prazas que sacamos por concurso de méritos, temos candidatos para cubrilas todas. Agora confiemos en que dándolles a praza en propiedade veñan máis. Non é doado que a xente veña traballar a certos sitios, máis alá de Madrid e Barcelona. Por iso tivemos que recorrer a ese sistema de ofertar unha praza en propiedade para toda a vida por concurso de méritos. E, insisto, vostedes non nos axudaron neste tema. Igual teñen outra fórmula mellor para conseguir profesionais.

En todo caso, nós imos seguir tratando de completar o plan. O plan, señor Torrado... As prazas están creadas. Non sei se sabe que, para dotalas, para que teñamos un psiquiatra ou un psicólogo, afortunadamente en Galicia temos listas de contratación. Cando a praza se crea, cando se toma a decisión de crealas e están no orzamento, automaticamente tírase da lista e contrátase. Outra cousa diferente é que sexan prazas en propiedade, que unha interinidade se converta en praza en propiedade. Pero as prazas están creadas. Insisto, se a vostede lle preocupa o tema do acordo do 2021, estea tranquilo. As cento vinte prazas comprometidas no acordo están creadas. E non só esas cento vinte; están creadas as duascentas corenta. No presuposto do 2024 créanse as prazas que faltaban. Polo tanto, as duascentas corenta prazas do Plan de saúde mental están creadas. ¿Todas cubertas? Non,



todas cubertas non. Unha parte importante, si. No 2021, o noventa e un por cento cubertas. Pero o acordo era crealas, non vou entrar nesa discusión. O acordo era crealas. Creáronse e estaban cubertas o noventa e un por cento. *(Aplausos.)* Pero imos cubrilas, incluso sen a axuda do Partido Socialista.

Dito isto, dúas unidades de drogodependencia, señor Torrado. Claro que asumimos que é unha competencia nosa. Claro que o financiamos, ao noventa por cento, porque aquí parece que... Ao noventa por cento, financiamos. E temos moitos profesionais, pero tamén precisamente vostede sabe seguro que entre eses profesionais —fala vostede de competencias— hai psicólogos que non o son, que non son clínicos, ou hai psiquiatras que non son psiquiatras. En fin, é un proceso complicado. En todo caso, está na man da Fegamp e da Xunta. Hai un convenio para traballar nesa integración e cando a Fegamp e a Xunta acorden cales son as competencias propias e impropias dos concellos, porque ao mellor temos que... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Iso si, clarísimo. Pero está nun paquete, señor Torrado. A ver se resolvemos o paquete. Sen ningún problema, xa o resolveremos.

En definitiva, señor Torrado, estea tranquilo. Galicia está na media dos ratios de psicólogos clínicos e psiquiatras, máis alá do que vostede queira dicir. Eu cóllolle o guante dese acordo. Imos acordar primeiro quen está e quen non está e facemos as contas. Totalmente disposto a iso. E imos seguir traballando para dotarnos de máis recursos, como estamos a facer.

A unidade de saúde infanto-xuvenil estará aberta no mes de decembro, como dicía, e seguiremos traballando para atender estes nenos, que evidentemente non queremos que teñan problemas. E, por iso, insisto, desenvolvemos os hospitais de día infanto xuvenil, que nos parecen unha alternativa moitísimo mellor que estar ingresados. Pero os que teñen que estar ingresados, dicía antes, estea tranquilo que están a ingresar nas súas unidades de saúde mental; incluso en Vigo, dende que o pedía o doutor Santalices ningún neno quedou sen ingresar onde había que ingresalo. Agora están ingresados nunha unidade moitísimo mellor que, insisto, é un orgullo poder tela en marcha e estará en decembro.

En definitiva, quero agradecer, se me permiten, o traballo que están a facer os profesionais da saúde mental, todos eles. En particular, quero agradecerllelo ás persoas que nos servizos centrais desenvolveron este plan, que está cumprido ao cen por cento, especialmente á responsable do Servizo de Saúde Mental, que fixo un traballo espectacular. Ela sabe por que eu llo agradezo hoxe aquí. E tamén ás persoas do gabinete que traballan no ámbito da saúde mental, que tamén elas saben por que llelo agradezo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Alteración na orde do día

O señor PRESIDENTE: Hai outra alteración da orde do día. É unha pregunta ao Goberno do señor Bará Torres, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o criterio que ten a Xunta de Galicia acerca da reapertura do consultorio médico de Goián, en Tomiño

O señor BARÁ TORRES: Non, non lle vou preguntar a vostede, señora Ethel Vázquez.

(O señor Bará Torres amósalles unha fotografía aos membros da Cámara.) Señor conselleiro, señor Comesaña, fíxese nesta fotografía. É o flamante novo centro de saúde de Goián, que leva sete meses coas persianas baixadas. ¿Sabe por que leva sete meses coas persianas baixadas? Porque vostedes non puxeron o persoal sanitario necesario, señor Comesaña; non cumpriron a súa parte. Vostedes pecharon no ano 2020 o centro de saúde de Goián —e parécenos lóxico e razoable no medio dunha pandemia, porque non cumpría os requisitos dos protocolos—, pero no ano 2022 o Concello pediulles de maneira reiterada a reapertura dun novo centro de saúde. Vostedes puxéronlle condicións, pediron un local que cumprise todos os requisitos. Pedírono o 30 de decembro de 2022 e o Concello puxo á disposición do Sergas o 1 de abril un local de douscentos metros cadrados con todas as garantías, que está perfectamente equipado e que leva sete meses pechado.

O concello leva pagado ata este momento máis de vinte mil euros de alugueiro dese local. Está pechado. E ¿sabe porque está pechado? Porque vostedes non cumpriron a súa parte, señor Comesaña; non puxeron o persoal necesario. Diante desta situación, o Concello dirixiulle cartas ao xerente da área sanitaria e a vostede, en reiteradas ocasións. Non tiveron resposta. Nos meses de abril, de xuño e de xullo. E no mes de agosto aprobouse no Pleno unha moción por unanimidade que dicía tres cousas moi claras: pedían a reapertura deste novo centro de Goián; pedían tamén que a Xunta pagase todo o diñeiro que o concello levaba pagado por esa cuestión sen ter aberto o centro; E, terceiro, pedían a mellora da calidade sanitaria no centro de Tomiño, onde hai unha evidente deficiencia de persoal, señor conselleiro.

Fíxese a deficiencia que hai que hai dúas semanas a Plataforma da Sanidade Pública de Tomiño denunciaba que dos oito médicos do centro de Tomiño só estaban cubrindo a súa praza tres, normalmente catro. ¿Sabe canto tardan os veciños de Tomiño en recibir una cita sanitaria habitualmente, ou polo menos o que denuncia esta plataforma hai dúas semanas? Vinte e un días, señor conselleiro. ¿A vostede parécelle normal agardar vinte e un días para unha cita sanitaria? Desde logo, ao BNG non nos parece normal.

Polo tanto, pedímoslle, señor conselleiro, que nos diga aquí, de maneira absolutamente clara e rotunda, dúas cousas. Primeira: ¿cando van abrir o centro de saúde de Goián? Datas, señor conselleiro. ¿Cando o van abrir? E, segunda: ¿cando van cubrir as prazas do centro de saúde de Tomiño que está nesta situación de absoluta precariedade, coa metade da plantilla que debería ter?

Grazas, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Resposta do conselleiro de Sanidade.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña). Moitas grazas, presidente.

Señor Bará, eu supoño —xa teño dúbidas— que vostede saberá o que está pasando no conxunto das comunidades autónomas; e diría que no conxunto de países do mundo occidental, especialmente no ámbito da medicina familiar e comunitaria. Digo que o saiba con detalle porque ao mellor se o soubese o seu partido non tería votado en contra de todas as iniciativas que presentamos para arranxar esta situación. *(Aplausos.)* E digo, por exemplo, cando o ano pasado no Congreso dos Deputados en España presentamos unha iniciativa para incrementar en mil as prazas MIR de medicina familiar e comunitaria e votou en contra o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. Supoño que non se enteraron aínda de que nos faltan médicos.

Mire, eu non sei a súa dúbida por que é; se polos cartos que gasta o Concello de Tomiño nese centro, que por suposto agradecemos, ou se de verdade está preocupado pola asistencia. Se está preocupado pola asistencia teño que dicirlle que estea tranquilo. O Servizo Galego de Saúde non ten ningunha intención de deixar de dar servizo no consultorio —que non centro de saúde— de Goián. Ningunha intención. Isto quero deixalo clarísimo. Entón, se a pregunta é esta, a resposta é clarísima: non hai ningunha intención de pechar ese consultorio.

Vostede supoño que sabe que o profesional asignado a ese centro colleu unha baixa, colleu unha IT. E, como non hai médicos substitutos, non puidemos cubrila. É tan sinxelo e tan dramático como iso. Cando teñamos un médico para cubrila, cubrirémola.

Ademais diso —e enlace xa con Tomiño— nós temos o mal costume de coidar os nosos profesionais e ofrecerlles sempre as mellores condicións laborais, incluído o concurso aberto e permanente de traslados cada ano. Cada ano os nosos médicos, os que teñen praza en propiedade, deciden onde queren estar e resulta que o facultativo asignado a Goián decidiu marchar para Vigo. É unha decisión que toma el e que non podemos impedirle. Seguramente vostedes impediríanllo, pero nós non llo impedimos. Marchou para o Rosalía de Castro, concretamente. ¿A que estamos esperando? A que se incorpore un substituto. Temos unha persoa que probablemente quere vivir nesa zona que vai ocupar esa praza. Agora mesmo está cubrindo unha IT doutro profesional e, cando poidamos poñelo aí, vai ir para aí.

Polo tanto, señor Bará, transmítolle dúas cousas. Ao concello, que agradecemos moito os gastos que están facendo aí. Entendemos que o dos gastos non é o problema. E, segundo, que vai haber un médico no consultorio de Goián en canto teñamos un dispoñible. Polo tanto, non estamos recortando nin pechando. Esa foto da verxa baixada a min tampouco me gusta. En canto teñamos un médico, estará aberta.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Comesaña, resulta que a culpa é do BNG. A culpa de que non haxa médico en Goián é do BNG, parece ser. Vostede veu aquí co argumentario de sempre.



É que a situación da sanidade pública non vén de hoxe, non vén de hai un ano; vén de hai moitos anos. Sábeno perfectamente. Sabíano no 2013 cando fixeron o Plan de recursos humanos do Sergas. Sabían a que viña e, a pesar de todo, implantaron recortes e precariedade, que fixeron que moitos médicos marchasen do país. Esa é a realidade, señor Comesaña. Si, daqueles pos, estas lameiras. E vostedes levan catorce anos gobernando e son os auténticos responsables desta desfeita, da situación de Tomiño, de Goián e de todo o Baixo Miño e de toda Galiza. Son vostedes os únicos e principais responsables, así que non lle boten a culpa aos demais.

E, se vostedes sabían que non tiñan médico ou médica, ¿por que lle urxiron ao Concello de Tomiño que puxese un local? ¿Porque había eleccións, ao mellor? Sete meses pagando vinte mil euros, á parte de quince mil euros máis de todas esas reformas que tiveron que facer. Que llas van reclamar por vía xudicial, xa llo adianto. E vostede non tivo nin a delicadeza de responderlle á alcaldesa nin chamala, que é o mínimo que debería facer, para explicarlle a situación. Balóns fóra e escusas. Vostede é o conselleiro, non é un mensaxeiro. Queremos respostas, queremos solucións, queremos prazos, queremos saber cando van repoñer ese persoal médico no centro de Tomiño. Pedímoslle respecto, señor conselleiro, para máis de dez mil persoas do Concello de Tomiño; para máis de mil persoas da parroquia de Goián, que están sen unha asistencia sanitaria digna. E vostede é o principal responsable. Vostede, o Sergas e a Xunta do Partido Popular.

Polo tanto, asuman as súas responsabilidades. Queremos solucións e non escusas. Queremos saber cando van reabrir. Déanos datas concretas de cando van reabrir ese consultorio, centro médico ou centro de saúde, como queira chamarlle...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Rematou o tempo.

O señor BARÁ TORRES: Cando van abrir, cando van cubrir as prazas... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta. Conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña). Grazas, presidente.

Vexo, señor Bará, que confunde consultorio e centro de saúde. Non ten nada que ver. Pero, en todo caso, o consultorio de Tomiño está a cinco minutos dalgunhas partes da parroquia de Goián. A cinco minutos.

Pero, en todo caso, teño todo o respecto polos profesionais e polos habitantes de Goián, absolutamente todos. O que non podo ter é respecto por vostede, neste caso, cando di que eu lle boto a culpa ao Bloque. Non, eu non dixen iso; dixen que o Bloque non se enterou de que faltan médicos en toda España e por iso vota en contra no Parlamento cando se propón unha medida para iso. Non, a culpa é do PP, a culpa é do PP do que pasa en Asturias, en Extremadura, en Andalucía, en todas as partes. A culpa é do PP; son os recortes do PP.



«Recortamos prazas». Mire, vostedes están con ese mantra. Non recortamos nin unha soa praza de atención primaria nestes anos. É máis, incrementámolas. Pero como está de moda dicir que recortamos... Incluso podemos deflactar o número de médicos que temos. Mire, temos máis médicos que nunca en atención primaria; máis vacantes que nunca. O que non temos son médicos para asumilas. Cando un médico se pon de baixa, como a profesional de Goián, non podemos facer nada. ¿Que facemos con ela? (O señor BARÁ TORRES: Fóra. Están fóra.) ¿Pero que fóra? Mire, sempre digo o mesmo: tráíame mañá un médico dos que están fóra e vouno buscar. Non están fóra, señor Bará. ¡Non hai médicos! Non hai médicos, fundamentalmente porque agora non se están a formar os que se necesitan. Xubílanse e non os hai. Isto é o que non acaban de entender no Bloque Nacionalista Galego.

En todo caso, insisto, á poboación de Goián, tranquilidade. Imos poñer o médico alí en Goián no consultorio e, mentres tanto, —isto é moi importante— non están sen asistencia médica. Non xoguemos con isto. Teñen o seu médico no consultorio de Tomiño, a cinco minutos algúns deles, e no peor dos casos a dez. O sitio de Goián máis lonxe do centro de saúde de Tomiño está a dez minutos. (O señor Bará Torres: Vinte e un días.) Teñen médico para as urxencias no centro de saúde de Tomiño. E se o concello está preocupado pola factura económica, non hai ningún problema. Xa falaremos da factura económica, iso a nós non é o que... ¡Oxalá se resolvese con cartos este problema! Que non se resolve con cartos, señor Bará. Falaremos co Concello.

Por certo, co Concello fala o xerente da área sanitaria permanentemente, sempre que o demanda a alcaldesa. Verei se ten un problema de comunicación co xerente da área sanitaria. O que lle interesa máis é dicir que o conselleiro no contesta.

Mire, alí había unha praza dunha médica que se pon de baixa e que despois pide traslados. En canto poidamos poñer un médico alí, vai estar. Insisto: non imos pechar o consultorio. E, ademais, imos facer outra cousa, imos reforzar ese consultorio coa figura dunha enfermeira especialista en saúde comunitaria. Temos un plan de saúde comunitaria importante. Imos poñer en marcha o Plan de saúde local de Tui e, por suposto, os habitantes de Goián, ademais de ter médico, van ter unha enfermeira comunitaria, para desenvolver todos os aspectos desta importante rama da enfermería familiar e comunitaria que está dando resultados noutras áreas sanitarias, dadas as características da poboación deste concello, precisamente.

Polo tanto, ningunha preocupación aos habitantes de Goián, máis alá de ter o seu médico agora en traslados e non poder cubri-lo. Pero cando teñamos ese recurso, que insisto en que está xa unha persoa que é probable que vaia para alí, porémolo. Vostede preguntame pola data. Pois mire, esa persoa está cubrindo unha baixa...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...noutro centro da zona, que en canto sexa posible irá para alí.

Grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos coas interpelacións. Agora é unha interpelación de don Paulo Ríos Santomé, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Interpelación de D. Paulo Ríos Santomé e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a contratación do servizo de transporte público

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Ríos.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, eu tiven unha vez un xefe de cociña que cando entraba polo servizo, nada máis entrar pola porta dicíame: «Aínda non empezaches e xa vas tarde». E o mesmo lle pasa a vostede: vai moi tarde para dar as explicacións pertinentes do que está acontecendo co sistema de transporte público no noso país. Vostede negouse a vir comparecer aquí a este Parlamento sobre esta cuestión para intentar impedir un debate máis amplo, un debate un pouquiño máis longo e demorado sobre o que está acontecendo. Pero hoxe ten que vostede aquí dar respostas ante esta interpelación que formula o BNG.

E é que non é a primeira vez que falamos desta cuestión. Antes do verán facíamos unha interpelación similar a esta, onde vostede ademais sacaba peito dicindo que a Xunta de Galicia non fixera absolutamente nada mal e que, ademais, en moitísimas denuncias que tivera a Xunta de Galicia sempre gañaba. Que a Xunta sempre gañaba todas estas denuncias, porque entendía que facía todo acorde á legalidade. Ben, o Tribunal Supremo ten outra opinión ao respecto, señora conselleira, porque acaba de denegar o recurso de casación presentado pola Xunta de Galiza e de demostrar tamén, ratificar, un reparto ilegal do mercado entre Monbus e Alsa en concesións do transporte público deste país.

Entón, desgranemos un pouquiño todo isto. Porque, ademais, vostede dixo o outro día en comparecencia de orzamentos que vostedes non tiña absolutamente nada que ver con esta cuestión; que a súa consellería non ten absolutamente nada que ver con esta cuestión. Non debe ser vostede a máxima responsable do que pasa co transporte público neste país.

Pero é que ademais, con este caso en concreto, señora conselleira, no medio da licitación destes contratos vostede recibiu información do que estaba acontecendo; de que isto era contrario á competencia, de que existía un reparto inxustificado, unha concorrencia en UTE inxustificada destas dúas empresas para os lotes que estaban dando e que isto era contrario á competencia. Mesmo chegaron denuncias, como esta que lle mostro da Confederación Intersindical Galega, da CIG, denunciando engano á Mesa de Contratación por parte destas empresas e unha clara colusión, un claro reparto do mercado irregular ou contrario á competencia nestes lotes.

É curioso que, despois, cando isto chega á Comisión Galega de Competencia, a Comisión díxese que non tiña que investigar esta cuestión, que non ía abrir un expediente sancionador, como agora si que lle demanda o Tribunal Supremo, baseándose no que a Mesa de Contra-



tación da súa consellería fixera. E imos ver que fixo. Cando chega esta denuncia apenas lle toma á Mesa de Contratación setenta e cinco minutos para estudar a denuncia, para ver todos os precedentes, para incluso coller dúas resolucións xudiciais que nada tiñan que ver con este caso, pero dándolle a volta para poder xustificar que non había que investigar, e para facer todas as resolucións, para que despois as utilizase a Comisión Galega da Competencia en apenas setenta e cinco minutos. Unha eficacia brutal. O que pasa é que ninguén nesa mesa de contratación, ninguén na súa consellería, se deu conta do que estaba pasando, aparentemente.

Eu, para facer unha analoxía que explique moi ben de forma gráfica e visual o que isto conleva... Eu creo que vostede, ademais, foi directora xeral da AXI e vostede, ademais, de carreira é enxeñeira, se non me equivoco. Polo tanto, coñece perfectamente todas estas cuestións. O que fixeron aceptando a concorrència e o reparto de mercado entre Monbus e Alsa é como se agora ACS e Copsa, por exemplo, se repartisen unha obra de douscentos metros de bacheado dunha estrada provincial. ¿A vostede como técnica pareceríalle normal? ¿Considera que esas dúas grandes empresas, as maiores empresas da obra pública, necesitan ir en UTE para facer ese traballo? Porque vostedes fixeron exactamente o mesmo con Alsa e como Monbus. A Alsa e a Monbus deixáronlles ir da man nestes contratos. Por exemplo, na liña 802, que había que poñer doce vehículos; unha liña que requiría doce autobuses. E vostedes entenderon e pareceulles ben, coas normas de competencia, que estas dúas macroempresas —das empresas máis importantes do servizo de transporte público non só neste país, senón no Estado español— fosen xuntas. Aquí, responsabilidades, ningunha.

E é que vostedes, señora conselleira —xa llo dixen na anterior interpelación—, estanse quedando completamente sós e soas na defensa deste plan de transporte público de Galiza. Xa llo dixen en moitas ocasións: o PP estase quedando completamente en solitario na defensa deste plan. E non llo digo só eu, non llo di só a CIG coas súas denuncias, non llo di nin sequera só o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e o Tribunal Supremo coas sentenzas, señora conselleira, senón que agora tamén llo di o Consello de Contas no seu informe de fiscalización. O Consello de Contas, no informe de fiscalización, ao que vostedes alegaron moitísimo e estaban moi enfadados e enfadadas.

Mesmo o propio director xeral, o señor Maestre, que sabe que aínda ten pendente esa denuncia por presunta prevaricación administrativa, reprobáballe en prensa ao Consello de Contas que non eloxiase o traballo da Xunta de Galicia co transporte público deste país. A min recordoume moito ese choromiqueo do director xeral ao choromiqueo de Feixóo cando lle dicía a Pedro Sánchez: «Por favor, déixame gobernar dous anos». E que é totalmente absurdo, señora conselleira. (*Aplausos.*) Estánlle pedindo que, por favor, digan que o fixeron ben, cando non fan máis que recibir paus da xustiza e paus, neste caso, do Consello de Contas. O Consello de Contas dí moi claro: están vostedes, con este plan de transporte, indo en contra das pemes, das pequenas e medianas empresas, do propio sector tradicional do transporte deste país e están favorecendo a concentración do mercado, o monopolio e o reparto do mercado en grupos como Transmonbus.

Xa non llo digo eu só, que llo levo dicindo uns cantos anos, e o BNG tamén. Ademais, demostrouse perfectamente cando o BNG facía as análises do Plan de transporte no 2017, no



2018 e 2019 o que ía pasar. E agora non só é o BNG, non só é o sindicato, non só é o sector, nin a xustiza, senón que tamén o propio Consello de Contas está avalando o que o BNG leva anos dicindo e denunciando. Vostedes, señora conselleira, quédanse sós e soas nesta xestión.

O Consello de Contas tamén lles está dando outro aviso, e é que ata que o ente fiscalizador non empezou a facer o seu traballo para este informe de fiscalización, vostedes non lles cobraron tampouco os canons de explotación a estas concesionarias. Tardaron máis dun ano en pagar eses concesionarios os canons que tiñan obrigación de pagar. E isto, ademais, salienta o Consello de Contas, que é unha vez que o ente fiscalizador empeza a traballar e empeza a pedirilles estes informes, señora conselleira. Mentres non se saiba, todo vai ben, ¿non? Mentres non haxa un sindicato, un particular ou un sector que se mova e denuncie o que está pasando, aquí non pasa absolutamente nada. Van intentando tapar as irregularidades para beneficiar os amigos do Partido Popular, neste caso o grupo Monbus. E que é así de sinxelo e así de claro. É que tampouco ten outra explicación razoable, señora conselleira... Vemos os feitos e non pode ser. Non pode ser que os seus técnicos e os seus responsables políticos da Consellería non se enterasen de que a Monbus lle faltaban case o corenta por cento dos autobuses que tiña firmados nos contratos. Non pode ser que nonoubesen que para facer unha liña, para asumir unha liña ou un lote de doce autobuses non facía falta que fosen Alsa e Monbus no mesmo contrato. ¿Como non se van poder dar conta, señora conselleira? Eu asúmollas un pouquiño máis de capacidade. O que pasa é que había que respectar certos acordos, había que tamén poñer en valor a quen había que poñer en valor, sempre en detrimento do transporte público deste país, dos usuarios e usuarias, das condicións dos traballadores e das traballadoras e tamén do propio sector que, como a alerta o propio Consello de Contas, cada vez ten unha participación menor e un peso menor nestes lotes que vostedes adxudican, señora conselleira.

Tamén outra cuestión. Por exemplo, o Consello de Contas tamén está dicindo que a Xunta de Galicia non ten un plan estratéxico no que ten que ver co control, co seguimento e coa inspección dos novos contratos. Abdican vostedes das súas responsabilidades en favor da xungla, de que as empresas fagan absolutamente o que lles dea a gana. E non só iso, senón que ademais despois todos estes servizos subcontrátanos, externalízanos a empresas privadas, señora conselleira. O raposo coidando das galiñas unha vez máis. Unha vez máis, o que pasa neste país coas tramas de amiguismo do Partido Popular.

Señora conselleira, quédase soa. Vostede quédase soa defendendo o indefendible. ¿Canto máis ten que pasar? ¿Cantos organismos máis teñen que tirarlle das orellas? ¿Cantas resolucións xudiciais, sentenzas xudiciais en contra dicíndolles o que están facendo ten que haber para que vostedes cesen neste trato de favor que esnaquiza por completo o sector, que empeora o transporte público e que empeora as condicións de traballo dos traballadores e traballadoras das empresas, señora conselleira? ¿Para quen traballan vostedes, señora conselleira? Para o pobo galego está claro que non.

E despois, como vostede vai aquí dar moitos datos... O problema é que os datos que vai dar vostede seguramente llos contesta o Consello de Contas. Non hai ningún tipo de problema cos datos que vai dar. A min chámame moito a atención, por exemplo, os datos do transporte baixo demanda, non só o que sae no informe do Consello de Contas, senón coa decla-



ración do outro día do señor Mestre na Ser. ¡Manda truco, señora conselleira! Unha cousa son os papeis e outra cousa é a realidade. Teñen que deixar dunha vez de esnaquizar o transporte público deste país en favor dos amigos do Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten a palabra a señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLERA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Señoría, xa tocaba interpelación de transportes. Porque, claro, vostedes cada tres meses queren abordar o transporte. Dende logo eu non teño inconveniente, porque ao fin e ao cabo é o buque insignia desta Consellería ofrecer cada vez un mellor un servizo público de transporte público e cada vez temos mellores datos para trasladar aquí, no Parlamento de Galicia. Novidades para destacar e poñer en valor o Plan de transporte público que está en marcha en Galicia. Esta vez non vai ser unha excepción.

O certo é que en materia de transporte público, dende logo, o incremento en número de viaxeiros é espectacular estes últimos meses. E, ademais dese incremento espectacular de viaxeiros, que significa que o transporte público funciona en Galicia, imos engadir unha medida social pioneira en toda España, que é a gratuidade aos maiores de sesenta e cinco anos.

Eu podo admitirlle que discrepe en materia de mobilidade dende o punto de vista ideolóxico, pero o certo é que dar leccións, case insultos, non llo podo aceptar. Sobre todo, porque o BNG creo que non saíu da teoría. A teoría toda a conta vostede, pero da súa teoría non teñen nada co que dar exemplo. E, por iso, dende logo, non lle admito que tente vir aquí cuestionar todo o que fixemos.

Ademais mentindo, porque é mentira que a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia cuestione o procedemento. É mentira. E menos aínda que atribúa á Xunta de Galicia, a esta consellería, unha responsabilidade. Repito: o auto xudicial non fai referencia ao proceso de contratación da Consellería, senón ás prácticas de dúas empresas. (*Murmurios.*) E ten o exemplo similar das obras do AVE. Nas obras do AVE cuestiona dúas construtoras a Comisión Nacional da Competencia, que alteran o proceso de contratación, pero non ten nada que ver coa afectación ás obras de alta velocidade. Eu insisto: o que cuestiona a sentenza do Alto Tribunal é unha resolución da Comisión Galega da Competencia, que non sei se no organigrama depende desta consellería, que abriu un expediente sancionador. Polo tanto, é mentira —e volvo insistir— que se detectasen malas prácticas no desenvolvemento do Plan de transporte de Galicia.

Fomos especialmente escrupulosos e transparentes e avalou o Tribunal de Contratación de Galicia —o Tacgal— a práctica totalidade dos recursos que se presentaron. De sesenta recursos ganamos cincuenta e oito, e os outros dous son cuestións pequenas de facer unha simple corrección nos pregos e unha revisión de documentación. Pero dígolle máis,



todos os contenciosos presentados contra o Plan de transporte público de Galicia resolvéronse a favor da Xunta de Galicia. Corenta contenciosos presentados; corenta ganados. *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade amósalles un documento aos membros da Cámara.)* Este é o aval da Xunta de Galicia facendo ben o Plan de transporte público. *(Aplausos.)* Un, dous, tres... ata corenta contenciosos favorables. Todos, todos. Este é o aval da xestión da Xunta de Galicia no transporte público. Déixollos aquí á presidenta para que teña información correcta do aval da xustiza ao Plan de transporte público da Xunta de Galicia.

E tamén é mentira que o Plan de transporte público supoña un peor servizo, señoría. É mentira. É mentira porque, ¿vostede non sabe o que había antes e o que hai agora? Iso de «o antes e o despois». *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade amósalles dous mapas aos membros da Cámara.)* O antes, creo que se pode ver. Teño que dicir Bipartito; non o vou dicir, vou dicir «antes». Creo que se ve aí facilmente: novecentas liñas; tres mil cincocentas liñas de transporte. ¿É máis ou menos? Vinte mil paradas; máis de cincuenta e seis mil paradas agora. ¿É máis ou menos? Frecuencias: millón e pico antes; agora máis de dous millóns ou tres de frecuencias. O que baixaron son as tarifas. As tarifas si que baixaron no noso Plan de transporte público, porque temos un plan de transporte máis accesible, con descontos importantes e coa gratuidade para a xente nova e, o 1 de xaneiro do 2024, para os maiores de sesenta e cinco anos. Din día tras día que Galicia está peor comunicada agora que antes. Aí están os datos. O pasado mes de setembro, por exemplo, contabilizamos máis de 3,2 millóns de viaxes. Este é o aval dos usuarios. Todos estes usuarios que no mes de setembro, por exemplo, utilizaron o transporte público. Un millón máis que no ano 2021.

E tamén é mentira que as suxestións ou queixas dos usuarios non sexan atendidas. É mentira. Nós estamos a facer un seguimento constante, exhaustivo e adaptamos en función das necesidades. Analizamos todas as cuestións que se nos trasladan e seguimos, por suposto, as recomendacións deste Parlamento de Galicia. Por iso fixemos ese buzón de incidencias e suxestións na web Bus.gal. Escoitamos, analizamos e melloramos, señoría. Vostedes critican moitísimo a páxina Bus.gal, pero aí están os datos e o aval dos usuarios. Nun mes, a media mensual de consultas para facilitar a vida da xente son cento cincuenta mil consultas para poder utilizar o transporte público. Un vinte e seis por cento máis. Porque a xente utiliza máis o transporte público, e por iso a consulta para ir dun sitio a outro. E as suxestións dende logo que son de vital importancia. É un plan vivo que imos adaptando.

É mentira que favorezamos algunha empresa. ¡Mentira! ¡Mentira totalmente! O valor da participación de Monbus no Plan de transporte público é do trinta e tres por cento. Pero, pregúntome, no transporte de Lugo, ¿quen está a facer o servizo? ¿En Santiago quen está a facer o servizo? Non sei o que vostede me está a trasladar aquí e a acusar, cando vemos como se está a facer e quen está a facer o servizo de transporte público en Santiago e en Lugo. A única motivación, dende logo, é seguir traballando no transporte público.

Tamén bota man do informe do Consello de Contas. Quere terxiversalo todo. Dende logo eu agradézolle que lea as alegacións da consellería, para que se informe polo menos ben e non mesture.



O canon... Que traslada aquí o canon... ¡Pero se é en época da pandemia! En pandemia que imos estar, a saúde dos usuarios no transporte... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Home, señorías, 2020; pandemia. E veñen aquí polo canon, que había que reclamar, pola pandemia. ¿Vostedes recordan...? Claro, para atrás vostedes esquécense. Non caducan e ademais estamos falando de cento vinte e sete concesións. ¿Pero que me está dicindo vostede aquí? Que por suposto xa está actualizado, porque non caducan. E reclamamos o pago, por suposto, porque o primeiro na pandemia dende logo é a saúde dos usuarios do transporte público. Vostede vén aquí cun conto, facendo unha romaría de seis días de foguetes, gaiteros... por cuestións coma esta no transporte público, que estamos moito mellor que antes en materia de transporte público.

Fala tamén das UTE, da participación das UTE. Cento vinte e sete lotes; só trece tiñan unha participación maioritaria dos grandes grupos. Eu creo que debería predicar co exemplo. En Santiago, para o transporte urbano ¿van licitar un lote ou van licitar moitos para que se presenten as pemes? ¿Ou van licitar un contrato? Estou agardando a ver como a súa teoría a pon en práctica. E, polo tanto, do transporte público urbano a ver se podemos aprender algo na Xunta de Galicia da licitación do Concello de Santiago, onde gobernan vostedes. Supoño que non licitarán un contrato só, para que se presente a ese Monbus. Supoño que licitarán mínimo cinco contratos para que teñan unha media de dez buses, que é a media dos moitos contratos do Plan de transporte público. Eu dende logo que estou expectante por ver a licitación do Concello de Santiago, predicando a súa teoría que vén aquí trasladar. O oitenta e cinco por cento son duascenas pemes que se interesaron na participación dalgunha concesión e resultaron adxudicatarias dalgún contrato. O oitenta e cinco por cento. Cento vinte e catro adxudicatarias que pasaron a xestionar, e o corenta e seis por cento son pemes. Polo tanto, apostamos por facer eses lotes e apostamos por que as pemes poidan participar no transporte público.

Tamén cuestiona o tema ambiental. O tema ambiental do Consello de Contas soamente é polo motor, pero ademais do motor na calidade ambiental tamén está a antigüidade da frota. Temos 5,7 anos de antigüidade da flota e a media de España é de once anos. ¿Pero cal é a antigüidade da flota do Concello de Santiago, do bus urbano? Fulmina récords de antigüidade. Volven vostedes predicar coa teoría, pero a práctica dende logo non a aplican.

E tamén un seguimento e control importante co Saegal. Temos un control permanente sobre os servizos, sobre as paradas, en tempo real, con mecanismos, ademais, de apertura de expedientes. No 2020 foron setecentos vinte e dous expedientes sancionadores, catrocentos son firmes. Penalidades contractuais foron máis de cincocentas. E, por suposto, seguiremos avanzando en materia de transporte público.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Vén aquí terxiversar e dicir, dende logo, mentiras. Nós seguiremos traballando no transporte público: cen millóns de euros este ano, trescentos mil euros ao día para un mellor transporte público. As súas teorías magníficas para querer darnos leccións na Xunta de Galicia eu dende logo que estou expectante sobre elas na licitación do transporte urbano do Concello de Santiago.



Pola miña parte nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Antes de dar o turno de réplica, dou a benvinda e saúdo os alumnos e alumnas de 5º de Primaria do Colexio Los Sauces de Pontevedra. Benvidos ao Parlamento galego.

E agora ten vostede por tempo de cinco minutos o turno de réplica, don Paulo Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Benvidos os alumnos dos Sauces de Pontevedra.

Señora conselleira, hai que medir un pouco, porque está deixando vostede moitos flancos para poder darlle. «A saúde é o primeiro». Señora conselleira, vostedes amañaron un contrato de reparto de mercado de Alsa e de Monbus para o servizo de transporte público das liñas de máis contía economía en plena pandemia, señora conselleira. (*Aplausos.*) ¡En plena pandemia! Cando houbo escritos, tanto ao daquela presidente Feixóo como a vostede, dicindo que parasen, que non había présa, que isto había que velo ben, que se estaban incumprindo as normas de competencia, que parasen de facer iso, que non había présa, que estabamos en medio da pandemia... A vostedes impórtalles tanto a saúde cando é para non facerlle pagar aos seus amigos os canons. Pero para licitar as empresas e para ligar acordos completamente contrarios á competencia, aí non había pandemia. Aí a saúde da xente importaba moito menos, señora conselleira.

Fálame vostede de ideoloxía no transporte por estrada. Bueno, eu cómprollo. Defensa do servizo de transporte público por acá; mercadeo, compadreo e chiringuiteo por esa banda, señora conselleira (*Aplausos.*) Claro que é unha cuestión ideolóxica. ¡Claro que é unha cuestión ideolóxica! Nós favorecemos as pequenas e medianas empresas ou a vocación de servizo público que temos. Vostedes benefician os seus amigos. O compadreo e o chiringuiteo, como nos teñen acostumbrados, señora conselleira.

E vostede hoxe non vén aquí por gusto. Vostede negouse a comparecer sobre esta cuestión, señora conselleira. (*Aplausos.*) E terá que explicar, señora conselleira, tamén neste mesmo marco —ao mellor non é neste foro, ao mellor non o explica neste foro, pero seguramente máis cedo que tarde terá que explicar tamén— a chamada que mantivo o 21 de maio co xefe territorial de Alsa en plena licitación, señora conselleira. Supoño que quedaron para falar do tempo. (*Aplausos.*) Ao mellor vaino facer noutro foro, pero explicacións vainas ter que dar por esta cuestión, señora conselleira.

As pemes no Plan de transporte público de Galiza. O Consello de Contas estalles dando na cara con esta cuestión e vostede bota peito do tema. Señora conselleira, vostede e a súa consellería non poden considerar unha peme, unha pequena empresa illada, a quen ten sentado como único conselleiro delegado a Raúl López. ¡Non pode, señora conselleira, porque iso é fraude! Niso están enganando a xente. Non poden considerar que as empresas de dentro do grupo de Monbus están separadas do grupo Monbus. ¡É que é absurdo! Vostedes xogan con esa historia para xustificar o compadreo e o chiringuiteo.



Vexa a resolución da mesa de contratación do Goberno de Aragón. Vexa o que lle di. Vexa o que di o Consello de Contas con este tema. Vexa o que lle di, señora conselleira. Non é unha opinión miña, que, como vostede di, pois eu non terei nin idea, señora conselleira. Agora ben, un mínimo de decencia, pois intento falar cun mínimo de rigor e, sobre todo, pode estar equivocado ás veces, pero mentir non minto. Mentir non minto, porque non teño necesidade de mentir. Porque a realidade, señora conselleira, é tan contundente e estaa atropelando —a realidade— que eu non necesito mentir. Simplemente con expoñerlle a realidade é máis que suficiente para demostrar o que están facendo co sistema de transporte público neste país.

Señora conselleira, segundo o Consello de Contas máis do cincuenta por cento das liñas do Plan de transporte público de Galiza son baixo demanda. ¿Vostede sabe no ano 2021 cal foi á demanda dese transporte baixo demanda? ¿E está a funcionar? Porque, segundo o que pon a súa memoria anual —datos seus, que ademais lle fabrica esa famosa consultora que teñen para todo; eses son os datos que lle fabrica— teñen a potencialidade —segundo o papel— de chegar a oitocentos mil paradas á demanda en todo o país. ¿Sabe cantas foron as chamadas a ese número para reservar prazas no ano 2021? ¿Vostede sábeo? ¿Sabe cales foron as viaxes efectivas que se fixeron no transporte baixo demanda do Plan de transporte público de Galiza, que se usa para inflar as novas liñas e os novos puntos? ¿Sabe cantos foron? *(Aplausos.)* Segundo o director xeral, en declaracións á Cadena Ser, foron mil consultas nun ano en todo o país, das que cincocentas derivaron na contratación do servizo. Cincocentas persoas en todo o país nun ano, señora conselleira. ¿iQue vén vostede aquí vender, señora conselleira, por favor!? *(Aplausos.)* O papel non o aguanta todo. A propaganda non aguanta todo, señora conselleira. ¡Xa vale! *(Aplausos.)*

Basta xa de poñer as pantallas da publicidade e da propaganda para favorecer uns poucos en detrimento duns moitos. Ideoloxía, si, señora conselleira, sempre. Porque un mundo sen ideoloxía é un mundo que está á mercé dos poderosos, dos ricos, dos seus amigos. Servizo público por un lado; mercadeo e comradeo polo outro. Cada quen que se vexa reflexado onde lle toque. *(Aplausos.)*

Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moita grazas.

Ten novamente a palabra a señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel Vázquez.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): En primeiro lugar, quero saudar os alumnos.

Señoría, señor Ríos, é inaceptable e non admito en ningún caso as súas afirmacións acusando aquí de compadreo e de amaño a Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Totalmente inaceptable, ademais de ser mentira. E dígolle máis, hai que ter rostro, pero rostro e rostro e rostro, cando o BNG no Concello de Santiago lle deu a dedo once autobuses a Monbus, que lles están custando aos santiagueses seiscentos mil euros ao ano. Ten que ter rostro, moita cara,



o BNG para vir aquí facer estas denuncias. Inaceptables, inaceptables as súas afirmacións. (Aplausos.)

Vén aquí co seu papel de sacar peito, a ver se salienta no resto dos deputados. E vén aquí mentir. Eu repito: a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia non alude ao proceso de contratación ou ao procedemento seguido pola consellería. ¡É que non é certo! E volvo repetilo: non se dirixe a esta consellería. Sábeo perfectamente. Nin cuestiona o procedemento de contratación; cuestiona decisións de dúas empresas. Un curso de contratación, señoría, e de procedemento administrativo. O que di o BNG que di o tribunal, dende logo, non é o que realmente di o tribunal. Vostede terxiversa.

E sobre o informe do Consello de Contas tamén fai unha interpretación que lle convén aquí. Menos mal que botou unha ollada ás nosas alegacións para que a súa teoría poida, dende logo, ver todo o procedemento. E ninguén da Dirección Xeral de Mobilidade pasou polos xulgados, como di vostede e como se dixo nestes días pasados. Nós traballamos de xeito continuo para ter cada vez un mellor transporte público, adaptado ás necesidades cambiantes da xente e engadindo reforzos de transporte público onde é necesario.

Se hai algo que obxectivamente non funciona, pois modifícase e actuamos. E, por iso, proximamente sacaremos a licitación a concesión da Coruña-Lugo-A Mariña, porque hai certos datos que estaban mal calculados da empresa anterior. Non se axusta á demanda real e non é viable economicamente como estaba inicialmente previsto. Por iso a sacaremos a licitación e a información pública, primeiro. O certo é que este próximo venres día 10 publicaremos esa resolución para someter a información pública o proxecto de explotación do servizo público A Coruña-Lugo-A Mariña.

Porque o noso obxectivo é que funcione ben o servizo público; que funcione ben o transporte. E demostrámolo con feitos. Somos os primeiros interesados en que o transporte público, o servizo de transporte escolar, o servizo para que todos os usuarios poidan chegar a onde queren chegar de calquera sitio de Galicia, cheguen a tempo e que funcione ben. Facemos un chequeo continuo. Somos os primeiros interesados en que os usuarios estean contentos coa calidade do noso transporte público. Tendo a complicación que temos en Galicia, que temos trinta mil núcleos de poboación. Temos a metade de todos os núcleos de poboación de toda España e temos un transporte público para cada un dos trinta mil núcleos de poboación.

Somos os primeiros interesados en que se cumpran as condicións dos contratos. Aínda que lles pese, Galicia é un referente en transporte público e seguimos, dende logo, traballando. Tomamos medidas. Vendo o incremento desmedido do prezo dos carburantes, tomamos medidas. Tamén neste mes de setembro axudamos para dar viabilidade ao transporte público con medidas de carburantes.

E volvo insistirle: o transporte público chega agora onde antes non chegaba. Antes non chegaba a Riotorto, non chegaba a Ribeira de Piquín, non chegaba á Mesquita. E volvo recordarlle o plano onde antes non chegaba e agora chega, grazas a este transporte público. Polo tanto, funciona razoablemente ben, e son cen millóns de euros ao ano, trescentos mil euros



ao día, para conseguir o noso obxectivo: incrementar a demanda e que cada vez máis xente poida utilizar o transporte público. Por iso temos un incremento de demanda espectacular neste ano 2023, tamén por esas bonificacións. Como lle dixen, o que baixamos nos servizos de transporte públicos son as tarifas: bonificacións do cincuenta por cento, que se suman ás xa realizadas. Por iso temos unha taxa de crecemento do vinte e catro por cento.

Máis nada e seguimos traballando nas tres mil cincocentas rutas de transporte. Estudamos, planificamos, actuamos e a ver se as súas teorías se aplican no transporte urbano de Santiago.

Pola miña parte nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Avanzamos no grupo. Agardamos, que está entrando o conselleiro de Cultura. Imos un pouco adiantados.

Interpelación de D^a Noelia Otero Lago e de D^a Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o funcionamento dos servizos de transporte escolar

A señora PRESIDENTA (Candia López): Infórmanme de que está entrando. Agardamos uns minutos, se non teñen inconveniente.

(Pausa.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Imos coa interpelación de dona Noelia Otero Lago. Para formulala, por tempo de dez minutos ten a palabra dona Noelia, a quen lle agradezo, ademais, a espera.

A señora OTERO LAGO: Nada que agradecer.

Grazas, presidenta.

Moi bo día a todas e todos.

Benvido, señor conselleiro. Acaban de marchar os alumnos do colexio Los Sauces que nos acompañaban.

Reflexionaba agora, antes de comezar esta interpelación, no importantísimo que sería que este Parlamento, máximo órgano de representación da nosa comunidade, e nós todas e todos, como representantes públicos, non perdamos a oportunidade de non poñernos de perfil ante as imaxes que estamos vendo que acontecen nas rúas. Imaxes nas que se arenga á violencia, nas que se anima a asaltar as sedes do Partido Socialista, a queimalas, a plantarlles lume a gritos de «viva Franco, hay que acabar con todos». Decía por parte da nosa vicevoceira esta mañá que sería bo ser coherentes todas e todos e que, como representantes institucionais, nunca nos poñamos de perfil ante a violencia e as actitudes antidemocráticas. *(Aplausos.)*



Eu teño a confianza de que este Parlamento así o faga. Igual que dicimos cando se trata de condenar un acto en concreto, un acto de violencia machista, non aceptamos que a ultradereita diga «condenamos todas as violencias». O que está acontecendo agora, estámolo a ver en directo nos medios de comunicación, mesmo con agresións, molestando xornalistas, con agresións e insultos ás propias forzas e corpos de seguridade e incitando, dicimos, ás violencias nas sedes do Partido Socialista con gritos antidemocráticos de «¡viva Franco!» e dicindo que hai que queimalos a todos. Se non nos poñemos todas e todos de acordo nunha institución como este Parlamento galego para condenar isto, que é o que está acontecendo concretamente, mal imos e mal exemplo con esta equidistancia, que ninguén podería comprender e que sería unha mala mensaxe precisamente para estes estudantes, alumnos e alumnas, que estudan a Democracia, a Constitución e tamén a Ditadura. *(Aplausos.)*

No debate anterior xa se profundou na parte da xestión que se está a facer por parte do Goberno da Xunta de Galicia, favorecendo os intereses privados segundo as últimas informacións, mesmo sentenzas, arredor dese transporte escolar. Semella que ás veces se prima a defensa destas empresas e non a defensa dun servizo de calidade e necesario no que se invisten millóns de euros, non se focalizan no servizo que se lles dá aos usuarios e as usuarias. Neste caso, a interpelación que traemos fala dos usuarios e usuarias máis vulnerables, porque estamos a falar do servizo que se lles presta diariamente, señor conselleiro, ás rapazas e aos rapaces.

Sabe vostede que este ano, pero tamén no comezo do curso pasado, trouxemos esta mesma interpelación arredor das denuncias das queixas que trasladaban as distintas ANPA por todo o país. No comezo do curso pasado vostede minimizaba e limitaba as deficiencias, e dicía «incidencias naturais e razoables tendo en conta a cantidade de liñas e toda a magnitude do transporte escolar e que nos primeiros días sempre había —dicía vostede— que facer algún tipo de axuste». Eu lanzáballe agarimosamente un reto; dicía que, como é algo puntual, podía garantir vostede que non se ía repetir ao longo de todo o curso e que de cara ao curso que vén moitas destas incidencias e casuísticas tampouco se repetirían. Porque lle dicíamos que o que si temos claro é que, despois das novas adxudicacións, de puntuais o que tiñan é que puntualmente se repiten non só cada comezo de curso, senón durante todo o curso.

De feito, antes do verán volvíamos con outra interpelación na que lle preguntabamos tamén datos por concretos de cantos expedientes, sancións e actuacións fixeran durante o curso, para que precisamente o vindeiro curso, o que acabamos de comezar agora, non tivésemos outra vez que estar trasladando estas queixas por parte das ANPA.

Agora veremos algunhas das cuestións que seguen trasladando e que preocupan moito. Líamos aquí unhas mensaxes dunhas nais dun colexio en concreto e vostede dicíanos que era un caso moi puntual, que era algo como case sensacionalista, cando falabamos e liamos esa mensaxe na que dicían que os nenos e as nenas pequenas tiñan que ir de pe nos autobuses, sen cintos de seguridade, algunha vez cos asentos rotos, con portas que non abrían nin pechaban ben e que xa tiveran algún tipo de incidente ou con exceso de velocidade. Era algo puntual, evidentemente, que ninguén desexaba, e denunciabile. E nós preguntabamos: ¿que están a facer? ¿Que fixeron para que isto non se repita?



Onte mesmo recibimos queixas dunha ANPA da comarca de Santiago que situaba como o que máis desacougo lles provoca cada día esa inseguridade no transporte escolar cando deixan aos seus fillos e as súas fillas. E dicía vostede que non se pode medir o éxito e a xestión do transporte escolar, que é magnífico, por cuestións puntuais do comezo de curso de hai un ano.

(A señora Otero Lago amósalles aos membros da Cámara uns documentos que despois comeza a ler.) Miren, estamos en novembro, non falo da primeira semana do curso escolar nin moito menos: «*El palizón que soportan los niños en Galicia para ir a clase. Deberían darles el aprobado sólo por asistir*». El País. «*Las ANPA gallegas denuncian retrasos y falta de persoal en el transporte escolar*». Todo isto é de novo; non son as do ano pasado. «*Concellos y ANPA no descartan movilizaciones ante la falta de plazas en los buses escolares en Redondela*». «*Usuarios del transporte escolar y por carretera cargan contra Monbus. Retrasos, buses que no pasan, dejan a la gente tirada*». «*La vuelta al cole ha puesto de nuevo en tela de juicio el servicio que empresas adjudicatarias como Monbus prestan en el transporte de escolares y viajeros*». «*Las ANPA critican retrasos y falta de plazas en el transporte escolar al inicio de curso en Santiago*». «*Los alumnos van de pie en el autobús, denuncian el estado del transporte escolar en Galicia y retrasos sistemáticos*». «*Lleva a sus hijos en el coche al colegio de Portomouro para evitar que caminen 1,4 kilómetros hasta el autobús*». Esta é unha noticia de antes do verán; non do comezo de curso: «*El primer día de campaña de control al transporte escolar deja cien denuncias en Santiago, Ames, Teo y otros municipios*». Isto foi na comarca de Santiago, na provincia da Coruña: cen denuncias por parte das forzas e corpos de seguridade. «*Los alumnos de Bacharelato de San Sadurniño, Moeche y Doso aguardan una solución para el transporte escolar*». Etcétera, etcétera, etcétera. A Pobra do Brollón... E poderíamos seguir. Son destas últimas semanas, señor conselleiro.

Deixamos pasar, como dicimos, varias semanas. Traemos a interpelación non no comezo de curso. Estamos no mes de novembro e velaí están eses titulares. O transporte escolar, sen dúbida, é un dos servizos máis necesarios no sistema educativo, pero tamén está a ser por desgraza, unha e outra vez, un dos grandes problemas do ensino público, porque afecta case todo o alumnado. Por un lado os que teñen, porque os autobuses non cumpren con eses contratos. Chegan con menos prazas; chegan con menos autobuses; a idade do vehículo moitas veces supera a estipulada nos contratos; están en malas condicións; acoden sen coidadores, sen a figura de coidador... En moitas ocasións chegan antes aos colexios cando están —ou aos institutos, pero aos colexios, porque son nenos máis pequenos— coas portas aínda pechadas e teñen que esperar fóra. Teñen que estar dando varias voltas en rutas distintas para ir collendo nenos. Ou, no caso do rural, moitas veces é que non teñen nin a posibilidade de gozar deste servizo. Ou teñen que camiñar —como se recolle tamén no informe da valedora do pasado ano— máis dun quilómetro por camiños que non están iluminados e que no inverno son absolutamente imposibles, polo que é unha discriminación aínda maior a que sofre o alumnado das zonas do rural. E dicíamos que tamén é un problema cando non existe para ese alumnado de educación non obrigatoria como en FP e outros ciclos, por exemplo, que non se poden, en moitos casos, beneficiar do transporte escolar.

Isto non é ocuparse, entre outras cousas, de que o rural non continúe esmorecendo, como trasladan as propias ANPA galegas e como traslada tamén —como lle dicía— o propio informe da valedora do pobo, que onte estaba neste Parlamento. Lonxe de corrixir os erros, a



volta ao cole supuxo o regreso do problema. Puntualmente regresa e puntualmente se mantén durante todo o curso. Así que é un problema case clásico, por desgraza, co transporte escolar. Co abandono, ademais, da súa obriga, señor conselleiro, como se lle dicía agora á conselleira de mobilidade, de fiscalizar e garantir un bo servizo, cumprimento dos pregos, dos contratos aos que se destinan millóns de euros. Cun número de quilómetros —como di vostede— e cunha magnitude por todo o territorio moi elevada. Pero esa non pode ser a excusa, porque cando se trata de defender as empresas saen correndo, mesmo empregan cartos públicos para presentar recursos ante o Supremo que logo son desbotados. Defenden ás presións a empresas, presentan recursos, pero non alzan a voz para sancionar e exixir a esas empresas con contratos millonarios que non deixen —insistimos— a nenas e nenos menores de idade tirados nas paradas; que poñan os autobuses e os vehículos contratados cuns mínimos de seguridade e de calidade, con coidadoras; e que se cumpran rutas, liñas e prazas.

Agardamos que hoxe non nos diga que está moi orgulloso e que son problemas puntuais. Porque puntualmente imos ter que estar recordando e lembrando cales son as queixas das ANPA dos distintos centros escolares por todo o territorio, que non cesan, señor conselleiro Román Rodríguez, cada semana.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra por tempo de dez minutos o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Bueno, antes de nada, quería pedir desculpas polo lixeiro atraso.

Señora portavoz do Partido Socialista, creo que o presidente Rueda foi moi claro e moi explícito esta mañá. O Partido Popular nunca se pon de perfil nestes casos. Non o fai nunca, con independencia de que cuestións deste tipo sexan na sede dun partido ou na doutro. Hai algúns que só se sitúan neste paradigma cando lles afecta ás súas e cando lles afecta ás dos outros parécelles normal ou parécelles ben ou simplemente non din nada. Pero temos que estar sempre a favor da democracia, con independencia de que estas circunstancias se dean nun partido ou se dean noutro. Sempre. E tamén, do mesmo xeito, cando se fan declaracións políticas que atentan contra a dignidade das persoas. Tamén deberíamos estar sempre convencidos de que así sexa; (Aplausos.) e non só facelo cando nos convén. Porque eu creo que toda España lle escoitou á mesma persoa, para referirse a un feito, que se lle afectaba a uns era «jarabe democrático» e se lle afectaba a outros era un inadmisíbel acoso a un responsable público. Creo que hai que ter a mesma vara de medir para todos, se non realmente é difícil poñernos de acordo.

Igual que vexo a señora portavoz moi preocupada polo cumprimento da legalidade. Ogallá o Partido Socialista estivese sempre preocupado polo cumprimento da legalidade e non intentase cambiar as regras de xogo, cambiar as leis, cando hai un incumprimento da legalidade.



dade que non lle convén ao Partido Socialista. Ogallá as súas palabras sexan escoitadas onde teñen que ser escoitadas e lle fagan caso, señora portavoz.

Entrando xa en concreto neste asunto, Galicia conta co servizo máis amplo de transporte escolar do Estado. Todos o sabemos. Iso implica unha gran complexidade no tocante ás xestións de autocares, das rutas e das paradas. Todo isto réxese por unha normativa precisamente de ámbito estatal, pola LOE, que garante a igualdade de oportunidades no ámbito rural para o acceso á educación. O sistema galego de transporte escolar vai mesmo máis alá, e ten unha garantía estendida do servizo a todo o alumnado de educación obrigatoria que estea a máis de dous quilómetros de distancia do centro educativo. E cando chega ás etapas non obrigatorias, tamén se fai en función das capacidades do propio sistema.

Polo tanto, vostedes creo que son conscientes e deben de darse conta de que facer efectivo este dereito exige o mantemento dunha rede de servizos de autobús moi extensa, que chega a todos os núcleos de poboación de Galicia. Estamos a falar do cincuenta por cento dos núcleos de poboación de España, en torno a trinta mil núcleos e entidades singulares de poboación, e que chega a todos os centros educativos que o precisen. Estamos a falar de máis de mil cen centros educativos, aproximadamente setecentos con servizo de transporte. Todo o alumnado con dereito a transporte escolar gratuíto ten garantidos os seus desprazamentos aos centros educativos, ben sexa polos servizos que xestiona a Consellería de Educación, ben sexa polos servizos que xestiona a Consellería de Mobilidade. E as condicións de acceso están reguladas nunha instrución conxunta.

A verdade é que, xa entrando a responder as súas preguntas concretas, eu quería dicirlle que todo é susceptible de ser mellorado —obviamente todo se pode mellorar—, pero tampouco non parece nin lóxico, nin moito menos responsable, nin moito menos xusto, xerar unha visión coma a que vostede acaba de facer aquí, intentando desprestixiar ou xerando unha serie de sombras que para nada son o que vostede di.

Vostede fala das incidencias —a primeira pregunta— que recolleu a Consellería de Educación respecto ao inicio do curso en transporte escolar. Ben, no ano 2023-2024 houbo constancia de desaxustes horarios nalgúñas expedicións dos servizos. As incidencias, unha vez que as detecta o centro educativo, envíanse ao contratista e, en caso de que estas non se solucionen de xeito inmediato, procédese á apertura dun expediente e a unha penalidade, en caso de que non se solucione.

Eu xa sei que a vostede non lle gusta que lle diga que son incidencias puntuais, pero os datos así o poñen de evidencia. Fíxese, as incidencias puntuais rexistradas ascenden a un total de cento oitenta e unha. Cento oitenta e unha incidencias, a inmensa maioría diarias que ao día seguinte se solucionan. Afectaron a corenta e nove centros educativos. Corenta e nove centros educativos dos catrocentos vinte e catro centros que teñen servizo de transporte prestado pola Consellería de Educación. As rutas afectadas, dentro destas incidencias puntuais, foron 85, o que supón un 5,5 por cento aproximadamente, sobre as 1.593 rutas. Efectivamente, incidencias puntuais en 85 rutas dun total de 1.593 rutas. ¿Cales son as causas? A principal: os atascos. Destas incidencias, cento dezasete son derivadas dos atascos, que derivaron en atrasos do servizo público. Non realizar paradas, sobre todo cando xorden novas paradas: vinte e sete. Autobuses sen prazas suficientes: doce.



Como digo, a maior parte das incidencias débense a atrasos na hora de entrada ou na hora de saída dos alumnos. Os atrasos débense na súa inmensa maioría, como está nos expedientes, ao estado da circulación viaria, fundamentalmente nas grandes cidades ou nas vilas cabeceira de comarca, ou ben á saturación de vehículos de particulares no recinto de determinados centros, fundamentalmente nas áreas urbanas e tamén nas cabeceiras de comarca. Estamos falando de atrasos fundamentalmente derivados de atascos na circulación viaria fóra do recinto escolar e sobre os cales a Consellería de Educación ten cero competencias, como vostede sabe perfectamente.

Pregunta tamén, en segundo lugar, que sancións e actuacións se lle fixeron no curso pasado ás empresas. Pois ben, no curso pasado, no 2022-2023, e a raíz das denuncias presentadas, que foron certificadas polas direccións dos centros, e tamén a raíz das inspeccións realizadas no lote de transporte escolar, abríronse unha serie de expedientes. Dos expedientes que se abriron chegouse á imposición de setenta e cinco penalidades, setenta e cinco sancións ás empresas de transporte. Das setenta e cinco penalidades, as máis significativas outra vez son as dos atrasos derivados dos atascos; vinte e unha, en concreto. Por empregar vehículos distintos dos comunicados, trece. E tamén por usar vehículos con antigüidade máxima superior á ofertada, dez penalidades. Por suposto, ademais da sanción económica, son obrigadas a que cumpran coas condicións do prego. Neste curso, no actual curso, aínda estamos cumprindo o procedemento respecto das cento oitenta e unha incidencias que darán lugar ou non, en función da súa corrección, a penalidades, para ter as garantías xurídicas e administrativas da prestación do servizo público.

Respecto a se a Consellería actuou con contundencia ante os graves incumprimentos das concesionarias, eu direille que a Administración pública actúa con base nos procedementos. ¿Cales son os procedementos? Obviamente, estase a vixiar o cumprimento íntegro do contrato, de acordo coas prerrogativas contractuais que se exercen no marco da legalidade. Hai que executar uns contratos; uns contratos que, por certo, foron adxudicados hai moi pouco tempo. Estes contratos de transporte escolar permiten: primeiro, optimizar as rutas; segundo, permitiron modernizar a frota de vehículos postos á disposición do alumno; terceiro, minimizan o emprego de dobraxes, da dobraxe do transporte; cuarto, permiten establecer un sistema de seguimento da frota; e quinto, melloran a seguridade.

O procedemento é moi sinxelo: hai unhas instrucións fixadas que, dalgún xeito, marcan o que hai que facer. Non é ser máis contundente ou menos contundente; hai un procedemento, señora portavoz, que hai que cumprir dun xeito lóxico. Cando hai unha incidencia, o director do centro educativo comunícallo á xefatura territorial. A xefatura territorial comunícallo á empresa e faise un seguimento. E tamén, ademais deste seguimento, vese se a incidencia é puntual e subsánase. No caso hipotético de que non se subsane, lévase á imposición de penalidades, como acabo de dicir dos datos do ano pasado. Veremos cales son os datos deste ano unha vez que se rematen os procesos administrativos que hai que cumprir.

Dende o mes de maio do ano 2022, lévanse realizando actuacións de comprobación periódica para supervisar a correcta execución dos contratos en función da data de posta en marcha e documentación aportada polas empresas en cada unha das penalidades. Por suposto, neste curso académico imos facer exactamente o mesmo. Hai campañas impulsadas polas xefa-



turas territoriais, hai seguimento absoluto por parte das xefaturas territoriais de todo o que ten que ver coas incidencias remitidas polos centros escolares. Tamén hai controis ordinarios —vostede citou algún feito polas forzas de seguridade—, onde hai moitas cuestións que nada teñen que ver coa relación contractual, que neste caso plantexa a Xunta de Galicia cos contratos de transporte. En todo caso, cando hai unha denuncia de incumprimento por parte dos centros, procédese de inmediato e en todo momento a comunicalo, a ter un contacto directo cos contratistas, a avaliar a incidencia, se é necesario, a subsanala e, se non, a plantexar as incidencias concretas e determinadas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Reitero: dende a Administración non cabe a menor dúbida de que se vivía esta cuestión, o cumprimento dos contratos. Dicar que estamos en convivencia coas empresas é un típico tópico que se fai por parte do Partido Socialista. E, claro, estamos a falar dun servizo que mobiliza —como acabo de dicir— oitenta mil alumnos todos os días, no cal se invisten máis de cento vinte millóns de euros, co cinco por cento dos estudantes, aproximadamente o vinte por cento do gasto do conxunto do Estado. Se cuantificamos todas as rutas que temos, estamos falando case de catro mil rutas, 3.877....

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Estamos a falar practicamente de vinte mil quíntas paradas. Parece razoable, tendo en conta a dimensión deste sistema, deste servizo, que haxa incidencias. Por suposto que hai. E por suposto que se resolven e, se non se resolven, pónense penalidades. Agora, o que non se pode é lanzar unha sombra de dúbida, eu creo que dun xeito bastante irresponsable, dicindo que isto funciona mal ou que hai convivencia coas empresas.

Creo que os datos que acabo de dicir, tanto...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten cinco minutos despois, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ... a nivel de escala como tamén a nivel de correlación entre os datos xerais e os expedientes feitos, ao final déixana quedar a vostede nun intento de xerar unha dúbida política, cando realmente é un dos servizos dos que si verdadeiramente me sinto orgulloso como conselleiro, cos problemas que ten e cos temas que hai que arranxar, pero cuestionar o transporte escolar, señoría, é unha enorme irresponsabilidade.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Rolda de réplica. Ten novamente a palabra a señora dona Noelia Otero.



A señora OTERO LAGO: Ben, señor conselleiro, permítame que lle diga por alusións que fixo vostede o que eu pedía que non fixeramos: «condenamos, pero...» Pero non só «condenamos, pero...» (*Aplausos.*) Xusto o que eu dicía e pedía que estivésemos á altura como parlamento, como institución e como representantes públicos en non poñernos de perfil, sacando os «peros». Falando do que está acontecendo agora en concreto, pero ía máis alá. É que non houbo só un «pero»; a continuación —e aí está á altura— veu a acusación e o facer política. Pero é que o Partido Socialista, ademais, emprega a legalidade. Non só vén o «pero»; despois vén o que vén cando un non ten ganas de condenar —sinceramente, con responsabilidade— actitudes violentas.

E dicía vostede, vou contestar unicamente ao que dicía. É que a legalidade para o Partido Socialista, non. O que é legal ou non é legal dino os tribunais, emana das leis, emana da Constitución. Temos un sistema parlamentario neste país, unha maioría parlamentaria que é a que elixe presidente ou presidenta do Goberno. Ese presidente elixido por esa maioría parlamentaria, que vostedes chaman «ilexítimo». Esa constitución que establece tamén o mandato dun órgano de goberno dos xuíces e xuízas como o Consello do Poder Xudicial, que teñen bloqueado. ¿Entón quen remove e colle a legalidade segundo intereses políticos ou non? (*Aplausos.*) Pregúntome. Pregúntome. Xa que mestura vostede cuestións absolutamente desafortunadas, cando dicíamos que era unha pena e agardabamos dende o Partido Socialista que este Parlamento —máxima institución— non se poña de perfil e con condenas persoais e a medias ou desafortunadas, como a que vén de facer vostede ou o señor Rueda, dicindo: «condeno, pero tamén outras veces». Non algo que está acontecendo nas rúas, grupos ultras organizados, animando a atacar as sedes do Partido Socialista, os seus e as súas representantes públicas e a gritos antidemocráticos de «viva Franco». ¡Ata aí poderíamos chegar! E, se non estamos de acordo nisto, pois xa vemos no momento no que estamos e quen, nesa equidistancia, terá ou non responsabilidades do que poida acontecer. Fin.

Máis cousas. Onde si vostede ten responsabilidades directas —e aquí non acaba tampouco de asumir absolutamente ningunha— é con estas problemáticas que hai no transporte escolar, con lotes mesmo anulados —como se dixo na interpelación anterior coa conselleira— polos tribunais. Por certo, eu vou ler o que din as ANPA, porque vostede vén aquí sempre dicirnos como funcionan os procedementos para trasladar queixas etc., etc., etc. Pero sabemos como se sanciona, con que cantidades, cando e canto tardan en contestar.

Por certo, porque falaba vostede de queixas, a propia Valedora o curso pasado, antes do verán, fixo públicos varios recordatorios de deberes dirixidos á Xunta de Galicia, entre eles á súa consellería, exemplificando o desleixo arredor deste necesario servizo e que se preste en condición dignas. Ante esas problemáticas que trasladan as familias e que afectan as familias, recordaba que teñen que cumprir a lei e contestar en tempo e forma; que non o fan, con demoras de once ou oito meses no traslado de respostas e que nalgúns casos chegaban cando o curso escolar xa remata. (*A señora Otero Lago amósalles un documento aos membros da Cámara.*) Recordatorio da Valedora do pobo á súa consellería e á Xunta de Galicia sobre o incumprimento da lei dos prazos para ter que contestar a esas queixas.

E vou ler, señor conselleiro, para rematar, parte do último escrito das ANPA galegas e as nove federacións que as forman: Estamos a recibir innumerables queixas das familias polo caos



no transporte escolar. Parécenos increíble que todos os anos esteamos cos mesmos problemas. Neste caso o caos ten claros responsables: as empresas adxudicatarias, en primeiro lugar, e a Consellería de Educación, que todo o consente, inmediatamente detrás. Falamos de atrasos sistemáticos, de ata quince ou vinte minutos, o que xa son palabras maiores; de nenas e nenos que quedan abandonados na parada porque non caben nos autobuses e teñen que agardar a que volvan por eles; de autobuses que, segundo os días, non levan persoal acompañante; de condutores que non coñecen as rutas; de alumnado que viaxa de pé porque non hai asentos suficientes. Ou falamos de nenos e nenos que chegan unha hora antes ao centro —junha hora!— e, loxicamente, teñen as portas pechadas; ou que o fan antes que o profesorado e non teñen a atención que necesitan, rompéndose a cadea de custodia e quedando sen á atención á que teñen dereito.

¿E se para organizar os servizos complementarios do ensino pensásemos por unha vez no alumnado como prioridade, señor conselleiro? Señor conselleiro, pregúntanlle a vostede.

Facer levantarse a nenos e nenas ás 6:30 da mañá para coller un autobús é difícil de entender, sobre todo se logo teñen que agardar media hora ou unha hora ata que abran as portas do colexio. Simplemente ocupan ás veces o tempo no autobús, mentres que dá voltas e re- viravoltas para xuntar as paradas no mesmo traxecto.

Isto é o que está a pasar, pero tamén está o que é grave porque non pasa: que o transporte para estudantes de ensino non obrigatorio está sen resolver en boa parte do territorio. Estas son as cuestións que vostede ten que solucionar. Non nos fale de quilómetros, non nos fale de mapas, de cantas rutas, señor conselleiro. Non veña aquí dicir que só hai incidencias puntuais que todo o mundo entende de xeito natural que poidan acontecer. Pero esta problemática reproducése cada inicio de curso durante todo o curso...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora OTERO LAGO: ...con cuestións que afectan á seguridade e ao incumprimento dos contratos, sen consecuencias para esas empresas que incumpren. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para o peche ten novamente a palabra o señor conselleiro, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Otero, a verdade é que vostede segue co argumentario. Bueno, polo que me están dicindo en toda a sesión se está seguindo perfectamente o argumentario do Partido Socialista: intentar falar de cuestións que non teñen nada que ver cos asuntos que se debaten, intentando trasladarlle responsabilidades ao Partido Popular, como se fósemos responsables duns actos dos que non o somos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, gustaríanos que a súa contundencia, a súa forza dialéctica e a súa vontade política fose igual sempre. Creo que aquí ao final se está plantexando unha especie de... como se houbera



un problema coa legalidade. O Partido Socialista non ten ningún problema coa legalidade, cando hai algo que lle molesta ao Partido Socialista ou fai un indulto ou fai una amnistía. ¡Para que vai ter problemas coa legalidade! (Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) É unha cuestión que realmente non ten ningún percorrido e, sobre todo, denota unha dobre moral absoluta, porque cando me afecta a min *me vuelvo increíble* e cando lle afecta aos demais *no pasa absolutamente nada e incluso se jalea* (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Ben, a iso xa estamos acostumados pola súa parte. As condenas deben ser sinceras e deben ser para todos e sempre. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Quedou absolutamente dito, pero vostedes pensan que non. Vostedes xogan a súa baza, tiran do seu argumentario e xa está.

Igual que, señora Otero, eu creo que hai que pór as cousas na súa escala. ¿Quen nega que haxa incidencias concretas e puntuais na posta en marcha do servizo de transporte escolar? Nunca o escoitaría por min, nunca. ¿Como non van existir incidencias puntuais nun servizo desta enorme escala? A vostede claro, cando se lle poñen os datos encima da mesa agárrase á parte para intentar facer un discurso do todo. Pero non se pode, hai que cuantificar a escala. Non se pode desprestixiar, coa alegría coa que vostede o fai, un servizo educativo complementario que é vital para equidade, é vital para a igualdade de oportunidades e é vital para o medio rural. ¿Que se pode mellorar? Por suposto. ¿Que hai incidencias puntuais? Por suposto.

Pero que diga que cando unha empresa incumpre o seu prego ou que cando unha empresa incumpre o seu contrato non se actúa e non se impoñen penalidades é unha auténtica falsidade. ¡Unha auténtica falsidade! Puxen os datos encima da mesa e danlle á cabeza como se fora mentira. Pregúntelles ás empresas se lles impoñemos penalidades si ou non. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Si ou non? E, a partir de aí, poderán dicir vostedes o que queiran. Pero pregunten os datos que lle acabo de dicir. Son as penalidades impostas; as multas, en definitiva, impostas ás empresas por incumprimento de contrato.

Pero, claro, vostedes collen tres, catro, seis ou dez casos puntuais e xeran unha visión de causa. Oitenta mil alumnos ao día. O dato exacto: 3.877 rutas, case catro mil rutas. Xa lle dixen onde tiñamos identificado os problemas. Moitos problemas derivados dos atascos nas cidades, a inmensa maioría, onde en moitas delas gobernan vostedes. Ao mellor o tráfico non o xestionan tan ben e iso ten unha consecuencia e unha deriva para os transportes.

Vinte mil quiñentas sesenta e unha paradas. Que poida haber problemas, casos concretos, en dez, sete, seis ao inicio do curso, que un autobús non pare nunha e pare ao día seguinte, pois si, pasa, iso pasa. Pero non neguemos a realidade, non neguemos a escala. Co cinco por cento dos alumnos, temos en torno ao vinte por cento do gasto público de España. Creo que parece razoable, tendo en conta a dimensión do servizo, ter un pouco de prudencia nas afirmacións. Creo que ninguén desexa que haxa un problema no transporte escolar. Ninguén o desexa. Agora, que xorden, por suposto. Pero xurdiron sempre. En toda a historia da democracia e en toda a historia do transporte escolar xurdiron problemas. E seguirán xurdindo. E cando gobernou o Bipartito xurdían absolutamente igual. E dentro de moitos anos, cando gobernen vostedes outra vez, volverán xurdir. E vostedes dirán: «son cuestións puntuais». E terán razón, porque son cuestións puntuais nun servizo dunha enorme escala.



En todo caso, as incidencias que se plantexan subsánanse de xeito practicamente inmediato. E ao final o que é realmente importante é que estamos. E Galicia inviste —e creo que é un dato moi importante— en torno a setecentos mil euros ao día. O servizo de transporte escolar supón un investimento en torno a setecentos mil euros ao día. Xa dixeran que catro mil rutas e oitenta mil estudantes. E, por suposto, todo, todo se pode mellorar. Agora, o que ten pouco sentido e eu non lle podoo, sinceramente, aceptar é que intente desprestixiar con tanta alegría un servizo público tan importante para a equidade, tan importante para a igualdade de oportunidades. E tampouco lle podoo aceptar que intente xerar unha nebulosa de complicidade coas empresas. Cando hai unha penalidade comunicábase; cando hai un procedemento ábrese a penalidade, ábrese o expediente e soluciónase,...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...en moitas ocasións mediante unha multa ou unha sanción ás empresas.

Creo que ao final estamos ante un dos grandes servizos públicos de Galicia, do cal deberiamos estar orgullosos, sendo conscientes de que sempre existen cuestións concretas que hai que resolver ao inicio de curso; moitas delas —insisto— derivadas de situacións absolutamente alleas. Os atascos de tráfico nas cidades son unha das causas fundamentais de atraso, e son os atrasos a causa fundamental das penalidades impostas ás empresas, que non dependen en ningún caso da Xunta de Galicia. Polo tanto, señoría, eu pediríalle moita prudencia e moito respecto ao servizo de transporte escolar que temos na Xunta de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos co apartado sete, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a María Guadalupe Murillo Solís e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do impacto que terá nas familias galegas o impulso do bono deportivo anunciado polo Goberno galego

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra María Guadalupe Murillo Solís.

A señora MURILLO SOLÍS: Bo día a todos.

Benvido o conselleiro de Deportes e vicepresidente da Xunta de Galicia para falar nesta Cámara sobre o bono deportivo para as familias galegas.

O deporte é saúde, é competir, é traballar, é compartir con máis xente, é socializar. O deporte é para nenos, para nenas, para familias, para maiores. O deporte é para todos. Evidentemente, o deporte está presente na nosa sociedade e está recoñecido pola Xunta de Galicia,



acadando o rango de consellería nesta última lexislatura, o que fai que a aposta polo deporte en Galicia sexa unha realidade. É certo que o incremento nos orzamentos do douscentos por cento desde a lexislatura pasada na partida de deportes pode facer que esta sexa considerada como a maior partida e investimento en deporte nos últimos anos, podería dicir que na historia dos orzamentos da comunidade galega.

A aposta pola igualdade, a aposta pola solidariedade, a aposta pola colaboración coas administracións locais para facer infraestruturas deportivas e melloras que existen, a prevención da violencia no eido do deporte, tamén a colaboración e as axudas con clubs e federacións deportivas, a aposta polo deporte de alto nivel e a tecnificación son os eixes sobre os que vén xirar nos últimos anos toda a política deportiva da Xunta de Galicia. Pero é certo que destaca nestes orzamentos para 2024 unha partida especial, que é a destinada para o Bono Deporte; esa partida da que eu tentarei que vostede fale un pouquiño máis tarde.

Practicar unha actividade deportiva de forma habitual dota de hábitos saudables a quen a práctica, de disciplina, axuda a normalizar certas mobilizacións que noutro ámbito non se darían nunca e tamén axuda a socialización. Fomentar a práctica da actividade física e do deporte é unha obriga das administracións públicas, e axudar e a adoptar medidas que activen o interese dos cativos de entre 6-16 anos para que eles tenten e queiran unirse a practicar esta actividade é unha necesidade.

O deporte é opcional, polo que, se pretendemos a súa reactivación, debemos axudar con medidas que repercutan de xeito importante no eido ao que van dirixidas, no público ao que van ser dirixidas.

O bono que acaban vostedes de presentar fará máis popular o interese das crianzas por participar nunha actividade que non é obrigatoria, polo que entendo que o principal motivo desta axuda vai ser facer que a práctica física destes rapaces sexa a través do deporte. Esta axuda, tal e como a coñecemos polo de agora, é unha medida transversal, axuda a mobilizar recursos económicos dende a Xunta de Galicia e afectará de xeito xeral no eido deportivo e moi particularmente as familias galegas.

Polo exposto, ¿pode vostede, señor conselleiro, facer un pequeno resumo para explicar o novidoso Bono Deporte no ámbito da súa política deportiva?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Murillo.

Para dar resposta, ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, o señor don Diego Calvo Pouso.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente

Bos días, señorías.



Moitas grazas, señora Murillo.

A verdade é que a Xunta de Galicia o que pretendeu facer con este Bono Deporte era, nun momento difícil para as familias, no que os prezos están a subir dende hai moito tempo e cada familia o está a pasar mal porque sobe a hipoteca e soben os prezos da cesta da compra, poñer enriba da mesa dende hai bastantes meses unha serie de axudas para tentar que esta situación complicada se puidese levar cada vez mellor por todas e cada unha das familias. Rebaixamos os impostos, o IRPF e tamén os impostos para a adquisición dun vehículo usado; ofrecemos a educación gratuíta nas escolas infantís; demos axudas para os libros de texto; conxelamos as peaxes nas autovías autonómicas, unha vez máis; demos gratis o transporte interurbano para os menores de 21 anos... En definitiva, fomos quen de conseguir que o deporte, pese a ser unha actividade opcional, como vostede dicía, fose moi importante na vida dos rapaces e das rapazas e introducir o deporte como unha actividade fundamental tamén para as familias.

Queríamos axudar as familias para que a actividade deportiva dos seus rapaces e rapazas fose máis levadeira cun cheque de ata 120 euros por rapaz ou rapaza, por deportista, que vai ter un cofinanciamento por parte das familias. É dicir, que imos financiar o 80 por cento da compra; dunha compra de 150 euros, nós imos dar 120 euros. Pero esa axuda familiar será a primeira das liñas, porque a segunda das liñas, loxicamente, era fomentar o deporte.

Como vostede dicía, este ano temos un investimento ou temos un orzamento récord, no tocante á Secretaría Xeral de Deportes, en toda a historia: subimos un 35 por cento este ano. E o que queremos son dúas liñas moi marcadas. Primeiro, loxicamente, está o deporte de base, que é do que nos estamos a ocupar e do que vostede me preguntaba. Para nós é fundamental conseguir que todos os rapaces en idade escolar practiquen algunha actividade deportiva. Dá igual que ao longo da súa vida vaian cambiando de disciplina, iso non é importante; o importante é que se familiaricen co deporte, que lle collan gusto ao deporte e que sigan practicando deporte, non só na idade escolar, senón que despois, cando deixen ese tramo de educación obrigatoria, sigan sendo deportistas en distintas disciplinas.

E, por outra parte, como sabe vostede, temos os deportistas de alto nivel, que tamén merecen un nomeamento independente, e, ademais, este ano damos unhas axudas moi importantes de cara aos xogos olímpicos de París. No tocante a este bono, hoxe mesmo saen publicadas no *Diario Oficial de Galicia* as bases para poder seleccionar a empresa colaboradora que vai facer posible que eses bonos cheguen aos pais, nais e titores dos rapaces de entre 6 e 16 anos que están federados en Galicia e que pertencen ao programa Xogade.

Loxicamente, apostamos por estes rapaces, porque son os que, ademais, por parte da Xunta de Galicia, como saben, teñen o seguro gratuíto que é obrigatorio, o seguro de accidentes. Somos a única comunidade autónoma en toda España que lles paga o seguro aos rapaces; é dicir, que lles paga o seguro ás familias.

Na segunda seguirei contestando.

Moitas grazas. (Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para a replica, señora Solís, ten dous minutos.

A señora MURILLO SOLÍS: Grazas, señor conselleiro.

No que xa coñecemos deste Bono Deporte, sabemos que vai fomentar a práctica deportiva entre os nenos de entre 6 e 16 anos cunha licenza federativa deportiva e tamén naqueles que están inscritos no programa Xogade no eido escolar. É certo que a partida de 16,2 millóns de euros, que é a que a priori está consignada nos orzamentos iniciais da Xunta de Galicia para este bono deportivo, vai motivar, vai axudar a que, efectivamente, esas familias teñan un custo menos alto se queren que os seus fillos practiquen o deporte, cando, evidentemente, teñen outras prioridades de gasto.

A aposta polo deporte do Goberno da Xunta de Galicia, da súa consellería especialmente, é de todos coñecida, pero é certo que bonos como este ou como o Bono Concilia —que tivo tanto éxito este verán— axudan moitísimo. Efectivamente, axuda que a Administración mobilice certos recursos para que cheguen a quen teñen que chegar, que é á xente. Nós facemos unha política de economía de verdade, que é útil e que chega á xente.

Conselleiro, antes de finalizar a miña intervención, quería utilizar este momento para agradecerlle publicamente o seu apoio e traballo polo deporte.

E, finalmente, para non estenderme moito máis, ¿podería vostede darme datos —datos dos que dispoña neste momento— sobre a estrutura dese bono, prazos, tempos e de como, efectivamente e finalmente, vai afectar as familias galegas?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno.

Por tres minutos, ten novamente a palabra o vicepresidente primeiro.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

A verdade é que, como dicía na primeira intervención, este ano imos adicar 16,2 millóns de euros ao financiamento deste bono. É un bono do que, como lles dicía, hoxe mesmo saía a publicación para a selección dunha entidade colaboradora. Contamos con que ao longo do mes de novembro sexa seleccionada esa entidade e con que ao longo do mes de decembro abramos o prazo para que todos aqueles establecementos ou todos aqueles profesionais que estean relacionados co mundo do deporte e poidan ser susceptibles de prestar estes servizos e de ser beneficiarios en certa medida do bono se poidan adherir. Unha vez que se adhiran, a partir de xaneiro do ano que vén, cando se abra o orzamento, como saben vostedes, os



pais, nais e titores van poder baixar todo o relacionado coa aplicación, co bono, e a partir de aí haberá un prazo —que aínda non está cerrado— de seis ou oito meses para poder gastar ese bono.

Como lles dicía, ese bono supón un financiamento do 80 por cento; é dicir, a familia vai ter dispoñibles 120 euros, pero se a primeira adquisición é de 100 euros, vánelles facilitar 80 euros de sostén, e seguirán tendo unha pequena bolsa —neste caso, de 40 euros— para as seguintes compras. Efectivamente, contamos con chegar a uns 135.000 ou 140.000 beneficiarios en Galicia. Eses son os datos que temos no día de hoxe enriba da mesa, porque eses son os rapaces que están federados no día de hoxe ou que forman parte do programa Xogade, e a eles vai dirixido.

Evidentemente, como falamos estes días con todas as federacións e tamén empezamos a ter reunións agora con clubs, é unha medida moi ben acollida por todo o entramado das federacións, porque, efectivamente, consideran que esta é unha maneira de favorecer a práctica deportiva e que vén moi ben para as familias. Déase conta de que unha familia con dous rapaces que practiquen deporte vai ter un bono de 240 euros, o cal considero que é unha axuda importante para poder seguir practicando deporte por parte dos rapaces.

É certo que este ano temos máis fichas —fichas federativas ou licenzas federativas— que nunca. Nós rematamos o ano 2022 —ano que está pechado— con 292.000 licenzas federativas, case un 30 por cento máis das que tiñamos no ano 2021, e por riba tamén do máximo histórico das 273.000 que houbo no ano 2019, antes da pandemia.

Con este tipo de medidas do que estamos seguros é de que imos seguir incentivando que os rapaces se sigan apuntando a practicar deporte, que se sigan sumando e que cada vez teñamos moitos máis rapaces deportistas en Galicia, que, dende logo, para nós é unha gran satisfacción. E se con estas medidas axudamos as familias e axudamos o deporte de base, nós dámonos por satisfeitos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e D. Pablo Arangüena Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a renovación do convenio da Unidade da Policía Nacional Adscrita

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, por tres minutos, ten a palabra dona Paloma Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Bo día, vicepresidente.

Hoxe traemos esta pregunta para aclarar unha situación e poñer fin a eses bulos recorrentes e reiterados que se están a trasladar dende o Goberno galego. Pretendemos aclarar esa falsa



mensaxe de que se está a culpabilizar o Goberno de España da non reposición dos efectivos da unidade da Policía Escrita. A historia demostra que somos nós, os socialistas, os que dende un inicio da democracia e ata agora sempre apostamos por ter esa policía propia e reforzada no noso territorio, e así o Tripartito de González Laxe foi o primeiro que tramitou ese Proxecto de lei de creación da policía autonómica, que, ao final, non deu tempo a aprobar. Despois, o Goberno de Fraga voltou a unha situación intermedia, a ese acordo de colaboración co Ministerio, que aprobaba ese convenio de creación da Unidade de Policía Adscrita. Foi despois novamente, no Goberno progresista de Touriño, cando se volveu impulsar ese proxecto de lei de Policía de Galicia e cando se reforzou a Unidade de Policía Adscrita con 450 efectivos, o número máximo que teñen ata ese momento. Logo temos esta década de Goberno de Feijóo, e agora de Rueda. Rueda, tamén como conselleiro do rango durante todos estes anos, tampouco foi quen nin sequera de renovar ese convenio, que leva caducado dende o ano 2008; ese convenio para renovar e para poder incrementar esa plantilla, ese cadro de persoal da Policía Adscrita.

E, ademais, é que dende o ano 2014 ata agora esa redución de efectivos da Policía Adscrita é progresiva no noso territorio. E non só iso, senón que esa redución durante os anos de goberno de Mariano Rajoy era paralela á redución que se estaba a facer de efectivos da Policía Nacional, creando no noso territorio unha situación terrible e de inseguridade no ano 2017. Isto foi traído no anterior mandato ao Parlamento e o Partido Popular, como gobernaba Rajoy no Estado, votou en contra. Pero o que pasou é que agora chegou o Goberno de Pedro Sánchez e, entón, o Partido Popular pois faise o máximo defensor das forzas e corpos de seguridade.

Como lle dicía, a redución de efectivos das forzas e corpos de seguridade durante a época de Mariano Rajoy non tivo parangón na nosa historia. Reducíronse 500 efectivos da Policía Nacional no noso territorio, e Pedro Sánchez, dende que leva gobernando, dende 2018, incrementou o número de efectivos ata ter neste momento un 7.8 por cento máis dos que tiñamos no ano 2017.

Polo tanto, o outro día falabamos do incremento das unidades de policía adscrita na comparencia, e nós, dende o Partido Socialista, compartimos esta necesidade de repoñer eses postos que, por causa de baixas ou xubilacións, foron minguando. Nós entendemos isto, pero, para iso, tanto dende o Grupo Parlamentario Socialista como dende o Goberno do Estado dinlles que teñen que sentarse vostedes —e vostedes sábeno; así o señor Villanueva miraba para outro lado o outro día—. Teñen que sentarse co Goberno do Estado e renovar ese convenio porque leva caducado dende o ano 2008. Non entendo por que non queren renovar un convenio nas mesmas condicións nas que está agora e nas mesmas condicións que teñen o resto das comunidades autónomas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a resposta, ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidenta.



Señora Castro, vostede non di a verdade. Non lle vou dicir outra cousa, pero si que non é xusta e que, ademais, o sabe. A sensibilidade que temos todos os grupos parlamentarios —case todos os grupos, supoño, ou todos— con respecto á Policía Autonómica está fóra de toda dúbida. Aquí trouxéronse moitas iniciativas nas que incluso os tres grupos estábamos totalmente de acordo. A última foi traída a este Pleno hai pouco pola señora Prado e nela facíámoslle unha proposta de acordo ao Grupo Socialista para que fixésemos unha transacción e apoiásemos entre todos volver renovar o convenio nas mesmas condicións que tiñamos. Foi o Grupo Socialista o que dixo que non. E o que nós estamos denunciando e denunciámos o outro día na comparecencia de orzamentos é moi claro, e vostede sábeo. Efectivamente, hai un convenio que está caducado hai anos, nos que se leva pedido todos os anos, señora Castro, a renovación dese convenio nas mesmas condicións —nas mesmas condicións, señora Castro— que había. E o Ministerio pretende agora cambiar esas condicións e poñer outras moito máis abusivas ou moito máis lesivas para a Xunta de Galicia. Vostede sábeo. De feito, nesa transacción xa llo explicabamos.

Nós queremos o mesmo convenio que lle ofreceu o señor Marlaska á Comunidade Valenciana cando gobernaba Ximo Puig. Queremos o mesmo, que era o mesmo que tiñamos nós —caducado— dende hai anos. Queremos ese convenio. E dígoo aquí, están todos vostedes de testigos. Se nos ofrecen ese convenio, firmámolo mañá, señora Castro. O problema é que agora non ofrecen ese convenio. O problema é que o Ministerio, dende que en Valencia xa gobernan outros, e en Aragón, en Andalucía e aquí —que temos unidades de policía adscrita similares; nunca son iguais—, cambiou as condicións. Antes, no convenio anterior, o Ministerio pagaba o salario base dos policías e as comunidades autónomas tiñamos que pagar todo tipo de complementos, tiñamos que dotar de vehículos e tiñamos que dotar de infraestruturas, loxicamente. E facíámolo. Agora o Ministerio cambiou e agora o Ministerio quere que paguemos o 50 por cento do salario base dos policías, cando hai uns meses a Valencia lle ofreceron o anterior convenio. ¿Por que Valencia, do presidente socialista, podía firmalo e Galicia, Andalucía, Aragón e agora Valencia, cun presidente do PP, non poden firmar ese convenio? ¿Cal é o cambio, señora Castro? O cambio vén dado porque o señor Marlaska determinou agora que non lle interesa que as unidades de policía adscrita sigan crescendo ou poidan recuperar os postos, ou poidan recuperar todos os efectivos que por ascensos ou xubilación foron quedando vacantes. Esa é a diferenza. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, señora Castro, ten vostede dous minutos.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Señor vicepresidente, eu cóllolle iso. Aquí teño o convenio de Valencia do ano 2018. Se vostede se compromete a firmar este convenio, o Goberno do Estado asegúrolle eu aquí que está seguro de firmar este convenio, que é o que ten aprobado Valencia, do ano 2018. Se quere, eu podo deixarllo para que lle bote un ollo. *(Aplausos.)* O problema é quen lle pasa a vostede a información, porque quen mente máis que fala pasará tamén información falsa. Pero, bueno, despois déixao a vostede aos pés dos cabalos. E o problema da non renovación vén dende o ano 2018. Pasaron uns cantos anos de goberno de Mariano Rajoy tamén polo medio,



da súa mesma cor política. E Valencia firmou co anterior goberno, con Ximo Puig e firmou co ministro Marlaska este convenio. Tiña unha vixencia ata o 2022, e, grazas a iso, convocouse ese concurso da ampliación das prazas na Unidade de Policía Adscrita.

Eu insístolle, se quere este convenio, sen problema; o Goberno de España vai firmar este convenio. O que pasa é que vostedes non se queren sentar, porque están metidos nesta campaña de dicir que o Goberno do Estado, o Goberno de Pedro Sánchez, discrimina a Galicia e, polo tanto, seguen vostedes nesta campaña, nesa actitude de dar escusas e de facer política directa contra o Goberno do Estado. E a verdade é que dá moita pena a senda, o camiño no que están agora inmersos. Sinceramente creo que non o vexo a vostede nin á maioría das persoas que ten vostede sentadas detrás, na bancada —digo á maioría; a algún si que o vexo—, compartindo espazo con esas persoas que onte gritaban proclamas fascistas, que onte portaban símbolos como fascistas ou proclamas antiautonomistas. Eu, sinceramente, creo que non poden vostedes seguir por ese camiño. Creo que que ten que volver ese «sentidiño». Teñen vostedes que cambiar de rumbo e, sobre todo, non só cambiar de rumbo, senón que tamén teñen vostedes que cambiar de compañeiros de viaxe. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Castro.

Réplica do Goberno.

Ten novamente a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

Señora Castro, o outro día, na comparecencia de orzamentos, falaba vostede de moitas cousas e, entre elas, daba datos e falaba ou preguntaba tamén polos consorcios provinciais de bombeiros. Eu dicíalle que o que tiña que facer é falar co seu xefe, co secretario xeral do Partido Socialista en Galicia. E isto ten a mesma relación.

Di vostede que o que non nos queremos é sentar. Claro que me quero sentar. Eu ofrecínlle a vostede, na comparecencia de orzamentos do ano pasado —e nesta tamén—, que nos faga de intermediario con Costas, e faleille do problema que temos co CGTD. Estamos dispostos a sentarnos xa, queremos firmar e queremos chegar a un acordo. Pero non sei se sabe vostede que no Goberno do Estado... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —escoite— levan seis meses sen poñerse ao teléfono; que é imposible falar con ninguén. E isto non vén de hai seis meses, vén de moito máis atrás. O cambio que propuxeron despois da firma do convenio coa Comunidade Valenciana está claro. Pero aínda ten moito máis —digamos— culpa, cando a mesma semana —día arriba, día abaixo— que vostedes lle queren perdoar 1.500 euros de débeda a Cataluña, lle veñan dicir a Galicia que ten que poñer 20 millóns de euros máis para a policía. ¿Pero sabe vostede que no acordo entre o Partido Socialista e Esquerza Republicana tamén levaban o que ten que ver cos Mossos d'Esquadra? ¿Sabe o que poñían? Pois miren, nese acordo di: «*El Gobierno se compromete a transferir anualmente, al objeto de que Cataluña ejerza competencias transferidas no homogéneas vinculadas a la seguridad ciudadana desde el 2024 hasta el 2030, el resultado de aplicar al módulo acordado*



la diferencia entre el número de efectivos de Mossos d'Esquadra certificado de cada año y los efectivos certificados en el 2021».

Todo o que vale para Cataluña non vale para o resto. ¡E na mesma semana na que firman isto, na mesma semana na que fan ese atentado á Constitución e na que enchen, porque están gabándose todo o día neste plenario, veñen vostedes traer unha iniciativa para que Galicia poña 10 millóns de euros máis para a Policía Autonómica! Será unha broma, ¿non? ¡Será una broma! ¡Supoño que será unha broma! (Aplausos.)

Señora Castro, a Cataluña regálanllo, tamén isto, tamén na súa policía autonómica. ¿E vostedes veñen aquí pedirnos...? O único que queremos, señora Castro —están de testigos todos, queda no *Diario de Sesións*—, é o mesmo convenio que tiñamos. Aquí farémonos cargo de todos os custos adicionais, de produtividade, de todos os complementos..., igual que ata o de agora. Darémoslles as comisarías e todas as infraestruturas necesarias para desempeñar a súa función. E dotarémolos tamén de todos os vehículos necesarios para desempeñar as súas funcións. ¿É tan gravoso iso nesta situación na que van regalando cartos por toda España? Pois eu creo que ten bastante sentido común, e créame que estou seguro de que a maior parte dos galegos tamén cren que ten bastante sentido común o que nós dicimos e non o que está a facer o seu partido en España.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.) (Murmurios.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Prégolles silencio, por favor.

Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a modernización e a urxente renovación da frota da rede ferroviaria de ancho métrico que opera en Galicia

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, por tempo de tres minutos, ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, señora Vázquez, non pasa unha soa semana na que non atopemos algunhas noticias sobre o desastroso funcionamento dos servizos ferroviarios en Galicia desde que Pedro Sánchez é presidente do Goberno, e sempre co voto cómplice do Bloque Nacionalista Galego e da señora Pontón.

Todos os días centos de galegos quedan tirados nas estacións, sen billetes. Son do máis habitual as avarías e atrasos nos trens, e todas as grandes promesas sobre reforzos e a renovación da rede ferroviaria quedan, na práctica, en papel mollado.

A situación é xeneralizada na rede convencional, nas conexións con Madrid e incluso no ferrocarril de vía estreita, na antiga FEVE. Sabémolo ben os veciños das comarcas da Mariña



lucense, de Ferrolterra e de Ortegal, que sofren —sufrimos— a diario centenaes de pasaxeiros da liña entre Ferrol e Ribadeo; ata tal punto, señora conselleira, que xa empezamos a sospeitar que este declive poida ser intencionado, que detrás haxa unha vontade de Sánchez e de quen os apoia e do seu goberno por desmantelar o tren FEVE.

Señora conselleira, non o inventa o Partido Popular. Onte mesmo liamos nun xornal —e aquí teño o xornal—: «*Los usuarios del tren FEVE se rebelan contra el desastre del servicio*». Cada semana quedamos sen servizo e sen que poñan transporte alternativo. Doe ver os chavales que van ao instituto tirados nos apeadeiros. Despois dirán nas estatísticas que non viaxa ninguén. (*Murmurios.*) Pasamos dos trens de FEVE que non cabían polos túneles aos trens de FEVE que nin tan sequera circulan nin polos túneles nin polo resto da liña. E, ante esta realidade, señora conselleira, pedimos a axuda da Xunta de Galicia, de vostede mesma, para que Sánchez non enterre o ferrocarril galego de vía estreita.

E a pregunta é directa: ¿que opina o Goberno galego dos reiterados incumprimentos do Goberno Sánchez coa rede ferroviaria de vía estreita que opera en Galicia? ¿Que opina sobre o desmantelamento intencionado de FEVE? Como comprenderá, señora conselleira, non lle vou explicar que na zona de Ferrolterra, na Mariña de Lugo, por suposto, e en Ortegal pois é imprescindible este ferrocarril, que leva moitos anos funcionando, e é certo que funcionou nalgunha ocasión mal, pero nunca funcionou tan mal como está funcionando agora, igual que está funcionando todo aquilo do Goberno de España na nosa comunidade autónoma.

Nada máis e moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Para dar resposta, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel Vázquez.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Pois, señoría, o ferrocarril en Galicia, pese ao fito importante da chegada da alta velocidade a Ourense, dende logo que non está a vivir o seu mellor momento en Galicia; un momento que todos desexariamos que tivese o seu esplendor, sobre todo vendo como é a aposta da Unión Europea, dando fondos para esa mobilidade limpa e sostible. En vez de ser o tren protagonista, o que estamos a ver é que o desmantelamento do tren ten o seu reflexo en Galicia como consecuencia de decisións do Goberno central; polo tanto, do Goberno actual de España.

Se poñemos o foco en Ferrolterra, pois vemos que aí está, e máis aínda é preocupante se falamos do tren de vía estreita, do FEVE, porque a situación é moitísimo máis desalentadora.

O resumo, dende logo, é penoso. A alternativa é ineficaz, ineficiente, non é fiable e, por suposto, que non é atractiva para moverse entre Ferrol e Ribadeo. As incidencias son innumerables e constantes, e o resultado eu creo que é de dominio público: trens obsoletos, que directamente caen a anacos, avarías un día si e outro tamén, servizos que se suspenden



—dende logo, un desastre para todos os usuarios, e a súa desesperación—; falta de mantemento, convois, dende logo, que non circulan xa pola vía, unha rede sen electrificar e tamén un servizo que non ten nin operarios. Hai unha desatención de tal magnitude que o certo é que vemos que nesa liña FEVE entre Ferrol e Ribadeo nin sequera se conta con revisor.

E, como dicía vostede, os usuarios do tren, do FEVE, entre Ferrol e Ribadeo, quedan practicamente tirados; é unha desidia que vemos no Goberno de España, porque o certo é que nin sequera temos datos oficiais dos usuarios que utilizan esa vía. E que xa non é que racaneen nos trens, no material rodante, racaneen nos investimentos e racaneen na información.

Polo tanto, hai un desmantelamento, unha baixada, dende logo, estrepitosa nas liñas que, dende logo, é espectacular. Esa baixada noutras liñas é do 30 por cento. É, por suposto, in-sólito o que vimos sobre ese material rodante que non cabía polos túneles, eses trens que non cabían polos túneles, que agora nin caben porque xa non van.

E, polo tanto, nós, como Xunta de Galicia, seguiremos demandando un transporte competitivo, un transporte público para que incrementemente viaxeiros; de feito, o bus nesa zona incrementouse case un 20 por cento. Hai demanda, e, polo tanto, debería de haber servizos de tren.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

Turno de réplica.

Señor Balseiro, ten dous minutos.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Moitas grazas tamén, señora conselleira. E téñolle que dar a razón en todo o que dixo vostede. É que, ademais da progresiva deterioración deste servizo, aínda temos que aguantar o agravio de que os galegos paguen aquilo que para outras comunidades é gratis. Comprobeino onte pola tarde. Se vostede está en Ribadeo —que é o último concello de Galicia— e quere ir a Ferrol, paga un billete de 11 euros, e, se quere ir a Xixón, paga un billete de 13 euros. A 10 quilómetros de Ribadeo, o primeiro concello de Asturias é Vegadeo. Aquí, en Galicia, págase cada vez que se quere viaxar, e en Vegadeo sácase un billete para Ribadeo, sácase un billete para Ferrol ou sácase un billete para Xixón as veces que queiran no día e viaxan gratis.

Polo cal, para o Goberno de España, entendo que os galegos somos cidadáns de segunda e os cántabros e asturianos son cidadáns de primeira. Porque, ademais, señora conselleira, sabe vostede que para Asturias e para Galicia é a mesma liña, que, de feito, como vostede dixo, é a única liña que queda sen electrificar. Polo cal, o motivo desa gratuidade é: mentres non veñan os trens que caiban polos túneles; e iso foi motivo dos trens que non cabían polos



túneles. Por iso, Cantabria e Asturias viaxarán gratis durante tres anos, que é máis ou menos cando está previsto que eses trens poidan operar, alá polo ano 2026.

Polo cal, señora conselleira, o que lle pedimos desde o grupo maioritario desta Cámara é sentido común e pedimos que o Goberno de España deixe de discriminar os galegos e as galegas. Xa está ben que paguemos as débedas de Cataluña, pero, cando menos, en España, e no norte, que nos traten ás comunidades autónomas e ás rexións cun trato igualitario, que neste caso non o temos: cidadáns de segunda, os galegos; cidadáns de primeira, os cántabros e os asturianos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Para a réplica do Goberno, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Pois, señoría, o único claro —porque é o único que ten admitido o Goberno de España— é que vai haber un atraso de dous ou tres anos para que Galicia teña material rodante necesario para esa liña Feve de ancho métrico; un material rodante que no seu día anunciou o Goberno de España que viría a Galicia, e agora vemos que o Goberno de España nos deixa fóra e nos quere eliminar ese material rodante. A ver se dentro de dous ou tres anos veñen eses trens para as vías de ancho métrico.

O único claro é que o Goberno de España excluíu a Galicia da medida excepcional de manter a gratuidade ata o ano 2026, dende comezos deste ano, para compensar ese despropósito deses trens que non cabían polos túneles. Polo tanto, é un agravio. Galicia está excluída desa medida compensatoria que teñen outras comunidades autónomas. Tampouco incluíu a Galicia nese grupo de traballo que o Ministerio conformou con Asturias e Cantabria para facer seguimento desa incidencia catastrófica, que, dende logo, deu a volta a España.

O pasado mes de febreiro dirixímonos ao Goberno central para que corríxise de xeito inmediato esa discriminación cos galegos. Tamén se dirixiu Castela e León. Seguiremos denunciando publicamente esta discriminación, porque se segue discriminando a Galicia e elimínase esa medida compensatoria que si ten Cantabria e ten Asturias. Tampouco queren que se incorpore Galicia a ese grupo de traballo onde están Asturias e Cantabria.

O Goberno central, evidentemente —aí están os datos e as hemerotecas—, non atendeu as nosas demandas e nin sequera tivo un mínimo de respecto institucional contestando oficialmente a información que pedimos. Cada vez que se produce unha incidencia, poñémonos en contacto con representantes de Renfe e trasladamos a nosa preocupación e que nos informen do que aconteceu, e nunca temos unha resposta nin clara nin satisfactoria do que está a acontecer no desmantelamento da liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo, na liña de ancho métrico. Sempre o silencio. O silencio é a resposta do Goberno de España cando podemos preguntar e preguntamos por información das incidencias constantes no tren do ancho métrico Ferrol-Ribadeo.



Non nos resignaremos, dende logo, a aceptar o que está a facer, é cuestión de vontade política, e seguiremos demandando o mesmo trato —porque non debe de haber comunidades de segunda e de primeira— que teñen Asturias e Cantabria.

Poña miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

Continuamos coa pregunta referenciada na orde do día no punto 4.

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Xunta verbo dos recentes informes do Consello de Contas relativos á eficiencia da colaboración público-privada nas autovías galegas e á ordenación e inspección do transporte

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, e por tres minutos, ten a palabra dona Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

A verdade é que, escoitando a anterior pregunta, queda unha abraiada. ¡Que un voceiro do Partido Popular, precisamente da Mariña, fale do Feve da Mariña, cando o deixaron ferido de morte os gobernos do Partido Popular...! ¡Ata lle quitaron os revisores, señor Balseiro! Xa no ano 2017 andaba a xente viaxando gratis nese tren, e non estaba a gobernar Pedro Sánchez. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Hai que ter un peito, a verdade!

Mire, conselleira, nós hoxe o que queremos é que nos resposte se nos vai seguir metendo ese pufo a todos os galegos e a todas as galegas por esa mala xestión da súa consellería; se nos vai facer seguir soportando a todos os galegos e a todas as galegas unha gran carga económica polo seu mal facer e por saír só en auxilio das concesionarias.

Vostede parece que obvia os distintos informes de fiscalización do Consello de Contas que entraron nesta Cámara a semana pasada e que son moi clariños. A verdade é que preguntan para quen traballan vostedes. Modifican incluso normas para poder saír en auxilio de determinadas empresas concesionarias.

Vostede sabe coma min que no 2014, cando determinadas empresas concesionarias das autovías, competencia do Goberno galego... E non me veña agora con que foron autovías licitadas polo Partido Socialista, porque a maior parte foron licitadas polo Partido Popular, e algunhas tamén executadas polo propio Partido Popular. Polo tanto, non veña con ese mantra, señora conselleira.

E o que din é que vostedes, no ano 2014, á metade do xogo, modificaron unilateralmente as regras do xogo para beneficiar, como dicía, determinadas empresas concesionarias. ¿Que pasou? Que no ano 2014 determinadas empresas concesionarias das autovías competencia do Goberno galego pediron un reequilibrio económico das súas concesións, porque había



menos volume de tráfico nesas autovías, algo que xa se vía vir porque o propio informe do Consello de Contas así o reflicte. ¿E a Xunta de Galicia que fixo? Acudir en auxilio desas empresas concesionarias, sen valorar nin sequera outras posibilidades, que, como di o propio informe do Consello de Contas agora mesmo, eran máis rentables economicamente para todos os galegos e para todas as galegas.

Vostedes non valoraron nin sequera a posibilidade de rescindir eses contratos e de volveros sacar a licitación. As empresas concesionarias pedían que as axudasen, e foi a Xunta de Galicia e deulles 205 millóns máis de euros do que estaba previsto, e agora, por calcular mal ese reequilibrio económico, estamos a pagar todos os galegos e todas as galegas 44 millóns de euros máis.

Eu hoxe o que lle pregunto, señora conselleira, é se vai ter en conta esa recomendación que lle fai o Consello de Contas, e dígolle que analice eses reequilibrios económicos e que os vaia rebaixando para non ter que afrontar eses 44 millóns de euros —que o di o propio Consello de Contas, non o digo eu—.

Señora conselleira, ¿que vai facer? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra a señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel Vázquez.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Pois, señoría, eu agradézolle que me dea a oportunidade hoxe aquí de abordar estas cuestións da súa pregunta e de aclarar, dende logo, as medias verdades, imprecisións e, por suposto, algún engano, terxiversando e modificando moitas cuestións co obxectivo que ten vostede, que é atacar a Xunta de Galicia.

Eu, por aclarar as diferentes cuestións da súa pregunta, hai un anaco contestei en materia de transporte público, e volvo trasladarlle a vostede, porque así facía referencia na súa pregunta, que a sentenza xudicial en materia de transportes, dende logo, non cuestiona o procedemento de contratación da Xunta de Galicia, do Plan de transporte público, senón que cuestiona a práctica de dúas empresas en termos de competencia, e por iso a Comisión Galega da Competencia abriu o expediente correspondente.

O mesmo aconteceu co AVE a Galicia. No AVE a Galicia o desenvolvemento das obras non se afectou... Estou contestando a súa pregunta, que ten... (*Murmurios.*) Estou contestando a súa pregunta. O AVE, dende logo, non afectou o desenvolvemento das obras en materia de competencia, e foi sancionado pola Comisión Nacional da Competencia.

Como dicía, o Plan de transporte público quedou avalado polo Tacgal: favorables 58, de 60, e tamén 40 resolucións favorables do Tribunal Superior de Xustiza, dos contenciosos. Polo tanto, non son verdade moitas das afirmacións que traslada vostede na súa pregunta.



Tampouco é verdade a participación das pequenas e medianas empresas, das que fala na súa pregunta —o falar non ten cancelas—. Son 110 lotes dos 127 lotes do Plan de transporte vinculados ás pemes. Corenta e oito lotes foron adxudicados ás unións temporais de empresas, constituídas ao cen por cento por pemes. Tamén 194 das 196 empresas que se presentaron foron pemes. E o que tamén é un mantra para vostedes son os canons, que foron en época de pandemia, como contestei esta mesma mañá. Tamén hai certas cuestións sobre eses cargos de demanda, que, como dicía, foron unicamente 4 empresas dos 127 contratos que xa están pagados.

En materia de transporte público, dende logo, que saiba que o Ministerio de Transportes nos pon como exemplo. Eu agardo que non dubide sobre o proceder e a valoración que fai o Ministerio sobre o transporte público da Xunta de Galicia, porque o propio Ministerio nos pon como exemplo, reconece a nosa experiencia e tamén, sobre todo, o seguimento co Saegal.

E sobre a cuestión das peaxes en sombra, señoría, contestarei na seguinte intervención. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, ten dous minutos, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Mire, presidenta, eu voulle pedir un favor: déanos outro turno, e que realmente á señora conselleira lle traian o tarxetón para a miña resposta, porque a verdade é que eu non lle preguntei nada diso, señora conselleira. Vostede estaba a respostar coa mesma tarxeta que respostou a interpelación que lle fixo o Bloque Nacionalista Galego. ¡Un pouco de seriedade, por favor, un pouco de respecto a esta Cámara parlamentaria e un pouco de respecto aos deputados que tamén formamos parte da oposición neste Parlamento, señora conselleira! ¿Trabuouse? Pois, por favor, presidenta, déalle máis tempo, e que lle traian a tarxeta na que debía respostar a miña pregunta.

Eu preguntáballe, señora conselleira —e lea a pregunta—, que valoración fai dos informes remitidos polo Consello de Contas. Eu dicíalle se vai ter en conta esa recomendación do Consello de Contas, que lle di que hai que revisar os acordos con incrementos de tarifas das concesionarias e reducir eses pagos ao estritamente indispensable para asegurar a viabilidade dos contratos asinados. Nada me respostou. Non sei se ten resposta vostede.

A verdade é que están bastante liados no Goberno galego, porque o outro día, cando denunciabamos esta situación dende o Grupo Parlamentario do PSdeG, saía moi rápido o director da Axencia Galega de Infraestruturas a dicir que non había outra posibilidade no ano 2014 que saír en auxilio desas empresas concesionarias, que non había posibilidade —que nin sequera valoraron vostedes— de rescindir ese contrato ás empresas concesionarias, volvelos sacar a licitación e aforrar 205 millón de euros por un lado, máis 44 do mal recálculo dese reequilibrio económico.

Iso díxoo o director da Axencia Galega de Infraestruturas. ¡Ah!, pero agora o presidente da Xunta de Galicia di que está a favor de rescatar as autovías con peaxes en sombra, despois



de que Feijóo renegociase un modelo máis caro para a Xunta; non máis caro para a Xunta, máis caro para todos os galegos e todas as galegas. Claro, eu entendo que vostede non me queira dar resposta á miña pregunta porque nin sequera no propio Goberno galego están de acordo; un di unha cousa e outro di outra. Pero, por favor, señora presidenta, déalle máis tempo, porque a verdade é que se trabucou literalmente no que me veu hoxe vostede aquí responder.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Réplica do Goberno.

Señora conselleira, ten vostede tres minutos.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Eu veño responder unha pregunta escrita que teñen rexistrada vostedes sobre os informes do Consello de Contas de transportes e de peaxes en sombra; polo tanto, veño responder a pregunta rexistrada.

E falemos de peaxes en sombra. Vostede agárrase como un cravo ardendo a iso para atacar a Xunta de Galicia, e vén aquí falar, respecto do informe do Consello de Contas e das peaxes en sombra, sobre unha cuestión que é facer autovías con pago aprazado; unha práctica que activou e utilizou —por non dicir da que abusou— tremendamente o Bipartito: as concesión de pago aprazado. *(A señora Otero Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Téño aquí, señoría. *(Murmurios.)* Téño aquí, déixoo. *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, pon un documento enriba do seu escano.)*

Contrato asinado, *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, colle o documento do seu escano e pasa a lelo.)* María José Caride Estévez. ¿De que grupo parlamentario é? Partido Socialista. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Está no uso da palabra a señora conselleira. Prego que garden silencio.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Asinado o contrato, autovía da Barbanza. Deixo aquí o contrato: María José Caride. Responsabilidade patrimonial, a concesionaria. A ver se o leo ben: 85.287.807 euros para pagar a tocateja, nun único pago. Como responsabilidade patrimonial, a concesionaria. María José Caride, Bipartito, Partido Socialista. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, le outro documento.) Contrato, autoestrada do Salnés, asinado, María José Caride. Déixoo aquí para que teña vostede a documentación. Na autoestrada do Salnés, se imos á cláusula de responsabilidade patrimonial, vemos: responsabilidade patrimonial, 42.500.000 euros, para pagar, por responsa-



bilidade patrimonial, se entran en quebra; 85 millóns de euros, unha... *(A señora Otero Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señora Otero, déixelle rematar a contestación da pregunta. Creo que neste momento houbo un respecto absoluto aos turnos de palabra.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Deixo á disposición da Cámara, de todos os deputados, os contratos asinados polo Partido Socialista, por María José Caride. *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, pon o documento que leu enriba do seu escano.)*

É, polo tanto, un procedemento empregado polo Bipartito, con contratos do Bipartito, onde, se hai afeccións de caída de tráfico ou risco de quebra, hai que pagar. Xa non sei nin sumar os millóns de euros que hai aí de responsabilidade patrimonial. *(Murmurios.)*

E no 2014, estando en crise económica, con caída de tráfico, había risco de quebra e había que pagar 190 millóns de euros consecuencia de todo isto, señoría. *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, mostra novamente os documentos.)* Este é o regalo envelenado que deixaron vostedes, de pago a tocateja. *(Murmurios.)* Pero, ¿vostedes non ven que os concesionarios prefiren que lles pagásemos 190 millóns de euros nunha atacada? ¿Quen non quere iso? Con 190 millóns de euros fariamos 16 centros integrais de saúde, 79 centros de saúde como A Milagrosa, 10 Roldas Leste...; con 190 millóns de euros. Sentidiño, señoría.

Nós reducimos a débeda envelenada que deixaron vostedes nos canons da demanda en dous terzos, 4.100 millóns de euros de hipoteca de concesións de pago aprazado e de autovías. Doulle o listado cando queira... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): ...dos 4.100 millóns de débeda que reducimos en dous terzos.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Prégolles aos servizos da Cámara que recollan a documentación para facerlle entrega...

Moitas grazas.

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación que se produce no CEIP María Barbeito, da Coruña, en relación coa oferta de prazas de comedor escolar

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, e por tres minutos, ten a palabra dona Mercedes Queixas.



A señora QUEIXAS ZAS: Obrigada, presidenta.

Señor conselleiro, a comunidade educativa do CEIP María Barbeito, da Coruña, viuse obrigada, de forma totalmente involuntaria, a vivir un inicio de curso convulso, que aínda continúa. Estamos a falar dun colexio que está situado no populoso barrio da Agra do Orzán. É un dos colexios que presentan maior matrícula de todos os da cidade e que este curso supera os 600 alumnos e alumnas. Evidentemente, o medre continuado de alumnado matriculado implica tamén unha maior demanda de prazas de comedor escolar, e na actualidade máis de douscentos alumnos e alumnas xantan neste centro nun servizo de comedor xestionado con grande esforzo, compromiso e responsabilidade pola ANPA, unha vez que a Xunta de Galiza renunciou a ofrecer un servizo complementario básico coma este.

O comedor escolar está a cumprir dous obxectivos fundamentais: por unha banda, dá resposta ás necesidades de conciliación familiar e, pola outra, compensa a imparábel suba de prezos de alimentos básicos que tantas dificultades está a crear nas familias que viven en barrios de clases populares coma este. O servizo de comedor ofrécese neste centro no pequeno e único salón de actos, que obriga a renunciar ao único espazo dispoñíbel para poder celebrar no centro eventos e actos escolares, extraescolares e complementarios que axuden a construír comunidade.

O esforzo da ANPA non é suficiente para responder as demandas das familias, debido ás limitacións deste espazo e tamén á incapacidade da Consellería de Educación, que non é quen de dar unha alternativa a este problema que se vén producindo dende hai anos e que chegou este curso ao seu cénit, onde 40 familias solicitantes de praza de comedor quedaron excluídas. A desatención destas 40 crianzas ten consecuencias sobre a precarización da vida das familias, e temos que dicir e non esquecer nunca, maiormente sobre as nais, que xa se viron obrigadas nalgúns casos a reducir a xornada laboral ou mesmo nalgún caso a renunciar a traballar para coidaren dos seus fillos e fillas nesta hora de xantar.

Quero pensar que vostede comparte que este é un grave problema que precisa solución, e quero pensar tamén que vostede está a traballar na procura dunha solución.

Por iso lle pregunto, señor conselleiro: ¿que xestións está a realizar para que o CEIP María Barbeito, da Coruña, dispoña dun espazo de comedor escolar que garanta a oferta de prazas necesarias conforme a demanda das familias?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Queixas.

Para dar resposta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra o conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, presidenta.

Señoría, comparto con vostede que hai un problema neste centro, pero creo que ten vostede un diagnóstico errado. Ou lle deron mal a información ou a ocultou de xeito deliberado, porque



non identifica a causa da problemática, e creo que é fundamental identificar a causa do problema para poder dar unha solución.

Neste comedor, como vostede dixo, o servizo préstao a ANPA, que presta un servizo de conciliación non só no ámbito do comedor, senón tamén no ámbito dos madrugadores. Para ambos os servizos recibe unha beca, unha subvención, por parte, neste caso, do Concello da Coruña, tanto para o servizo de madrugadores como para o servizo de comedor escolar. A Xunta de Galicia colabora cos servizos de comedor escolar aportando o espazo e aportando unha cantidade económica moi significativa, que, por certo, este ano se incrementou en xeral para o conxunto das ANPA nun 30 por cento, cun acumulado respecto do ano anterior dun 20 por cento; en dous anos, un 50 por cento. ¿Para que? Precisamente para o que dicía vostede, para que a infracción e o sobrecusto non repercuta nas familias, fundamentalmente naquelas familias con menos recursos.

¿Cal é a causa do problema? Todo funcionaba perfectamente, pero, por parte do Concello —eu creo que dun xeito non mal intencionado— o que se fai é que a unha serie de alumnos que non solicitaran praza no comedor lles outorgan unha beca comedor; outórganlles a beca madrugadores e outórganlles, ao mesmo tempo, a beca comedor. De repente, dáse unha infracción dos demandantes, sen ter constancia nin o centro, nin a xefatura territorial, nin a dirección do centro. Iso pasou ao final do curso pasado. A partir de aí, temos 33 nenos —que vostede dixo moi ben..., bueno, vostede dixo 40 e son 33— que teñen bolsa comedores do Concello, pero que non teñen espazo, porque non lle foi comunicado en tempo, forma e prazo, neste caso, ao centro educativo.

Eu non discuto que o Concello tivese boa intención, non o discuto, o que pasa é que o fixo mal, porque non llo comunicou a quen ten que prestar o servizo e a quen ten que acondicionar o espazo para poder dar cobertura ou dar espazo para prestar o servizo de comedor.

A partir de aí falouse coas familias —estase falando coas familias—, pero eu quero dicirlle que todos aqueles alumnos —uns 220— que estaban dentro do servizo de comedor por un servizo de conciliación teñen praza. O problema deste centro é ese, non hai outro problema. É unha mala praxe administrativa, aínda que fose ben intencionada, pero é unha mala praxe administrativa, que xera —non sei se a expresión é a máis adecuada— unha infracción de demanda que non está comunicada ao centro educativo, e os espazos non se dan creado dunha hora para outra. Estase traballando, estase falando. E, obviamente, aquí o que se pretende é dar servizo a todos. Obviamente, se nós non temos constancia e se o centro educativo non ten constancia porque non se lle comunicou que hai máis demandantes do servizo de comedor dos que había dentro do servizo de conciliación, xera un problema que, por suposto, hai que resolver, pero hai que dicir todo, porque, se non, temos un diagnóstico errado da situación. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, por dous minutos, ten novamente a palabra a autora da pregunta.

A señora QUEIXAS ZAS: Obrigada, presidenta.



Señor conselleiro, a política é a arte que permite mellorar a vida das persoas, e vostede, como conselleiro, renunciou a facelo ao longo dos últimos anos, porque este problema non é de agora, é un problema que vén herdado de moitos cursos, ¡de moitos cursos! Non improvise agora, porque este é un problema do que tiñan coñecemento na Consellería dende hai varios anos. Por favor, non diga vostede que menten as familias e o equipo directivo.

As familias, a ANPA e o equipo directivo do CEIP María Barbeito xa lle propuxeron unha solución en diferentes ocasións, que era: construír e habilitar, nunha zona que está en desuso, infrautilizada, ese comedor escolar, e vostede nin respondeu. Pedíronlle máis de 900 asinantes agora recentemente, máis de 900 persoas, que puxese unha solución, que é habilitar este espazo que xa está no centro como comedor escolar. Vostede non respondeu.

Ante a idea de que 40 persoas queden sen poder acceder ao comedor escolar, vostede tampouco respondeu. ¿Cando chegou a solución casualmente? Pois parece que chegou onte pola mañá co anuncio desa obra do comedor. Convocaron a ANPA e o equipo directivo para comunicarlles que non se preocupen, que agora a obra vai para adiante. A solución chegou cando o BNG incluíu na orde do día deste pleno (*Aplausos.*) este problema que ten a comunidade educativa do María Barbeito. Eu, desde logo, en nome do BNG, quero darlles as grazas a vostede e ao Partido Popular por demostrarlle á sociedade galega que o BNG somos unha forza política seria e que traballamos para mellorar a vida das persoas, porque coñecemos os problemas das persoas e sobre todo porque sabemos poñerlles solución.

Grazas por evidenciar que imos ser un goberno útil e que vai estar á altura da sociedade galega a partir do próximo 2024. Se vostede quere ir despedíndose con dignidade deste goberno que xa está en tempo de desconto, entón, converta ese anuncio verbal, exprés, de onte nun compromiso, nunha proba de compromiso firme que quede incluído na orde do día da sesión, no libro de actas de hoxe.

¿En que prazo vai construír ese comedor no colexio María Barbeito e con que orzamentos? E de paso tamén aproveite para recuperar o profesorado de educación especial e AL, que se lle eliminou a este centro neste curso porque hai moitos nenos e nenas con necesidades educativas sen atender.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Rematou o seu tempo, señora Queixas.

Moitas grazas.

Réplica do Goberno.

Ten novamente a palabra, por tres minutos, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Vexo que o Bloque Nacionalista Galego ten unha liña de autocompracencia ben significativa. Leva moitas sesións situándose xa constantemente como



presidenta do Goberno — non sei que pensará o Partido Socialista, non o sabemos— e xa gobernando case na sombra. A verdade é que, mire, ao final, o tempo dá e quita razóns, e a soberbia dialéctica pode diluírse como as lágrimas na choiva. (*Murmurios.*)

Veremos, cando remate este período de sesións e cando comece o próximo, onde están vostedes e onde estamos nós. Verémolo, e veremos o que os galegos deciden, e aceptarémolo todos democraticamente. (*Protestas.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Silencio! Silencio, por favor, que estamos rematando, respecten os turnos de palabra.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Non se alteren, señores do Partido Socialista, que os vexo moi nerviosos, ¡moi nerviosos! Aceptarémolo democraticamente. (*Murmurios.*)

Agora, eu supoño que se algún día o seu partido chega a ter responsabilidade de goberno terá un pouco máis de seriedade nas argumentacións que fai, e non intentará ocultar a causa concreta deste problema. A causa concreta deste problema foi e é unha mala praxe do Concello da Coruña, que lles deu unhas becas comedor a uns nenos sen comunicarllelo nin ao centro nin ao equipo directivo. A partir de aí, aparecen 33 casos que ninguén sabía deles, e non se pode improvisar un espazo para un comedor. Vostede dálle á cabeza porque o Partido Socialista pasa por ser o seu socio. Ás veces, si; ás veces, non; ou ás veces, depende. Pero o certo é que esa é a causa do problema. E non se pode dicir que nós non axudamos esta ANPA; primeiro, axudámosos cunha cantidade económica tremendamente significativa, que incrementamos nun 50 por cento practicamente en dous anos, e dándolles solución.

Vostede falou de que grazas a vostedes se recibiu a ANPA. Isto xa estaba planificado de hai moito tempo. E plantexouse unha solución, que é a casa do conserxe. Vaise habilitar a casa do conserxe para ampliar o comedor.

Pero —insisto— se esta vehemencia, se esta reivindicación, a plantexasen vostedes e se preguntasen como é posible que un concello dea becas comedor a quen non as pide... ¡É que é sorprendente! Eu non dubido, insisto, de que neste caso o Concello o fixese de boa fe, pero, por favor, avisen o centro educativo. ¿Como di vostede que nós estamos en contra do centro educativo e en contra da ANPA, se temos neste asunto unha concordancia absoluta no diagnóstico e na solución? Non ten moito sentido, señoría; non ten moito sentido.

Se vostedes queren pensar que se fixo grazas a vostedes, pois alá vostedes. Pero o certo e verdade é que a causa deste problema ten unha orixe, un diagnóstico, que vostede nin citou, o cal xa lle quita lexitimidade. Xa lle quita, digamos, lexitimidade democrática e política facer esta reivindicación porque non identifica o problema por non molestar os señores do Partido Socialista, que todos os anos e todos os días os enganar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.



Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos cun debate acumulado das preguntas números 60749 e 60957.

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia ante o anuncio da venda do pazo de Montesacro, en Cambados

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a oportunidade de que a Xunta adquira o pazo de Montesacro, en Cambados, para que siga prestando, baixo xestión pública, funcións de asistencia social

A señora PRESIDENTA (Candia López): Van formular a pregunta cada un por un tempo de tres minutos, e responderá conxuntamente a conselleira por seis minutos.

En primeiro lugar, formula a pregunta dona María Montserrat Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Moi bo día, conselleira.

Desde mediados do mes de setembro a Xunta é coñecedora de que o a orde relixiosa propietaria do pazo de Montesacro, no concello de Cambados, o ten á venda.

Consta dunha superficie construída de 2.375 metros, nunha parcela de máis de 12.000 metros cadrados. Este pazo ten un dobre valor. O primeiro é o valor social-asistencial, toda vez que este pazo alberga unha residencia de maiores cunha capacidade de aproximadamente 70 prazas. Todas están ocupadas, non só con veciñanza do concello de Cambados, senón da contorna deste concello. E o segundo é o seu valor histórico e patrimonial. Este é un pazo construído no século XVIII, de estilo barroco, que conta, á parte de co pazo en si mesmo, con capela, con piorno, con pombal e con zona axardinada. Polo tanto, é unha infraestrutura de moita valía.

Esta residencia é a única que existe no concello de Cambados, nunha comarca, como é a comarca do Salnés, de máis de 100.000 habitantes, onde non existe absolutamente nin unha soa praza pública para atender os nosos maiores.

O BNG comparte o sentir da veciñanza de Cambados, que considera, primeiro, este pazo como propio —aínda que é de propiedade privada, sénteo como propio—, e tamén considera que a súa venda é unha oportunidade; que é unha oportunidade para que a Administración o adquira, para que pase a titularidade pública e para que siga mantendo a prestación asistencial e a atención aos nosos maiores; unha oportunidade porque en Cambados e no Salnés, ao igual que no conxunto de Galiza, aumenta a poboación de máis de 65 anos —arredor do 30 por cento da nosa poboación ten máis xa de 65 anos—; unha oportunidade porque faltan dispositivos e recursos para atender as necesidades dos nosos maiores, e é unha constante; unha oportunidade



porque as listas de espera para conseguir unha praza residencial para persoas maiores é enorme, na maioría dos casos de máis dun ano; e é unha oportunidade porque en Galiza 3 de cada 4 prazas de residencia de maiores son privadas. É a quinta comunidade autónoma que ten máis prazas privadas e é a terceira en déficit. En Galiza hai 3,3 prazas por 100 persoas maiores de 65 anos. No Estado está en 4. E na provincia de Pontevedra, onde está o concello de Cambados, aínda é peor, xa que na provincia Pontevedra son 2,5 prazas por 100 persoas maiores de 65 anos. Moi lonxe, polo tanto, do rateo do 5 por cento de persoas que establece a Organización Mundial da Saúde. É unha oportunidade porque está demostrado que as prazas concertadas ou privadas lle saen máis caras ao erario público, arredor dun 8 por cento.

Polo tanto, a pregunta, señora conselleira, é se vai aproveitar esta oportunidade de que está á venda este pazo e se van facer algo para adquirilo, para que siga prestando esa actividade residencial e para incorporalo ao que é o patrimonio público de todos os galegos e galegas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Formula agora a pregunta, por tempo de tres minutos, don Julio Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, falamos hoxe do que se coñece como o asilo de Cambados; un nome feo e desfasado —penso eu persoalmente—, pero que vostede coñece.

Foi descrito aquí o pazo, xa non é necesario estenderse.

Cremos, dende o noso grupo, que a clave disto está en que Cambados viviu xa antes deste problema unha anomalía previa, e é que da atención sociosanitaria aos maiores en Cambados se ocupa todo o mundo menos quen ten que facelo, que é a Xunta; a súa consellería, de feito. E a súa consellería, a «Consellería Poncio Pilatos», lavando as mans.

A realidade é que en Cambados hai un problema porque, claro, non hai Xunta de Galicia que se ocupe da súa competencia. Pero é que agora —e este é un dos problemas de deixar a xestión da ocupación dos centros de residencias dos maiores en mans privadas— as mans privadas toman decisións en función dos seus intereses privados —lexitimamente, por outra parte—. E a decisión é que van pechar. Foi anunciado que van pechar, e, por tanto, hai dous problemas —algo foi mencionado—. Hai un problema patrimonial do valor do edificio —que é moito, e ao que Patrimonio terá que responder, pero ninguén sabe nada, o conselleiro non se sabe nada— e hai un problema coa función sociosanitaria. E a función sociosanitaria é a súa competencia, señora conselleira, e ninguén podería entender que se perdesse, salvo que alguén queira interpretar que a única alternativa existente para os maiores naquel contorno é unha residencia nun concello da comarca, titularidade de DomusVi, pero entendemos que iso non debería ser influente para a súa decisión —cremos nós—.

¿Que fixo a Xunta ata este momento e que fixo o conxunto do Partido Popular? A Xunta en particular o que fixo foi bastante claro: nada. Basicamente vostede nin contesta ao teléfono,



nin contesta os correos electrónicos. E o alcalde de Cambados —non unha, nin dúas, senón tres veces— pediulle —dende setembro, jeh!, xa non lle digo dende moito máis atrás— reunirse para tratar esta situación, pero vostede non existe. É máis, vostede lanzou aos seus arietes —que é o Partido Popular de Cambados— a dicir que o centro o compre o Concello —case catro millóns de euros— e que a xestión a faga o Concello. E o seguinte que lle pedirán é que o Concello compre edificios para facer centros de saúde, colexios, que pague profesores, que pague médicos...; se, ao final, a culpa é do outro sempre. Así están vostedes con esta cousa. Iso si, pídenllo en Cambados, jeh!, porque en Ribadeo, por exemplo, que hai un problema cun centro de similares características, xa anunciou o alcalde que vostede lle comprometeu case un millón de euros para a reforma do centro. E en Pontevedra o seu último candidato á Alcaldía, para un centro xestionado pola mesma orde relixiosa que o de Cambados, pedía que a Xunta de Galicia entrase, o comprase e o utilizase para a función sociosanitaria. Exactamente o mesmo que lle están pedindo en Cambados. Valía para o PP de Pontevedra, vale para o PP de Ribadeo e non vale para Cambados. Dá a sensación de que vostedes o que querían é que cambiase o alcalde, pero o alcalde segue sendo o mesmo. Polo tanto, igual o que hai cambiar é a Consellería e, de paso, xa cambiamos o Goberno enteiro. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Torrado.

Para dar resposta, ten vostede seis minutos, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, señora presidenta.

Deputadas e deputados, moi bos días.

Señor Torrado e señora Prado, o apoio e a atención do Goberno galego ás persoas maiores eu penso que está fóra de toda dúbida, porque levamos moitos anos demostrándoo.

Demostrámolo ao triplicar dende o ano 2009 o número de prazas sostidas con fondos públicos. Xa son máis de 15.000 prazas nestes momentos espalladas por toda a xeografía galega, fronte ás 5.500 que existían cando vostedes gobernaban.

Demostrámolo co maior orzamento da historia destinado ás persoas maiores, 540 millóns de euros, un 18 por cento máis que o ano pasado, e 100 millóns máis que o que destinaba o Goberno do Bipartito a toda a área da política social no ano 2009.

Demostrámolo tamén con ese amplo programa de medidas axustadas ás necesidades de todas as persoas de máis idade, tanto para aqueles que queren continuar, que queren seguir sendo coidados na súa propia casa, como para os que precisan atención residencial 24 horas ao día.

Señorías, para todos aqueles que necesitan a atención dun centro residencial a Xunta de Galicia continúa creando cada vez máis centros. Estamos a construír novas residencias en Antas de Ulla e en Ribeira; por certo, a primeira á que se aplicará ese novo modelo de coidados de forma íntegra e ao que imos destinar 10 millóns de euros. Tamén crearemos 900 novas prazas públicas a través dos centros que nos está a entregar, chave en man, a Fundación Aman-



cio Ortega nas sete cidades galegas, que contarán, ademais, coa experiencia e a xestión das entidades sociais da nosa comunidade. E tamén impulsaremos un complemento universal ao Bono de Coidados na Residencia, cun apoio extra de 1.200 euros máis ao ano para todas as persoas que necesitan dunha praza nun centro da súa elección.

Pero, ademais de todo isto, ofreceremos aos concellos galegos —e así o fixemos— un plan de investimentos de 18,5 millóns de euros para a construción de centros de servizos sociais de carácter municipal.

O curioso de todo isto é que o alcalde socialista de Cambados non se interesase por esta orde de axudas. Non se interesou en construír no seu concello un centro residencial, nin se interesou en construír no seu concello un centro de día ou outro tipo de centro de servizos sociais. Pero o que non se interesou antes é agora o primeiro en reclamarlle á Xunta de Galicia que asuma a compra dun pazo.

Miren, señorías, se o alcalde de Cambados considera que hai esa necesidade no seu concello, comprenderán vostedes que, cando menos, se presente a unha orde de axudas de todos os concellos que pon á disposición o Goberno galego. Porque con este plan de investimentos moitos concellos que si se presentaron e lle presentaron ao Goberno galego ese proxecto, van ter o financiamento necesario para a construción dunha residencia, dun centro de día ou doutro tipo de centros sociais.

O que non é responsabilidade da Xunta de Galicia é controlar que os alcaldes soliciten as axudas que nós poñemos á súa disposición para que poidan crear servizos, que agora vostedes din que son necesarios para os seus veciños.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para a réplica, na mesma orde, dispoñen de dous minutos.

Ten primeiro a palabra dona María Monserrat Prado Cores.

A señora PRADO CORES: ¡Que lamentable, señora conselleira, que vostede practique o deporte que mellor sabe facer, que é escaquearse e botarlle o problema a outro! Eu voulle facer unha pequena lembranza: as competencias en materia de dependencia son da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* ¿Como que un alcalde ou un equipo de goberno se ten que presentar a ordes de axuda? Vostedes teñen a responsabilidade de atender esas necesidades e, en todo caso, poden pedirlle colaboración, se están en disposición de facelo. Pero hai que ter pouca vergonza para vir aquí, intentar darlle a volta á tortilla e que pareza que a responsabilidade é doutros. A responsabilidade é súa e mentres estea na Xunta de Galicia o Partido Popular é responsabilidade do Partido Popular. E agardemos que lles quede moi pouco para estar aí nese posto; agardemos que lles quede moi pouco. *(Aplausos.)*

Como practicamente non falou do que lle estamos preguntando, que é se vai facer algo para mercar este pazo, pois intúo que non van facer absolutamente nada, que non van mover ni un dedo para que sigan operativas 70 prazas de residencia no concello de Cambados.



Vostede di que están a traballar para que as persoas escollan un centro da súa elección. ¿Que centro poden escoller as persoas maiores de Cambados, señora conselleira? ¿En Pedrafita do Cebreiro?, ¿na Coruña? Porque en Cambados non vai quedar absolutamente ningunha praza.

Eu, dende logo, pídolle que actúe para protexer esas 70 persoas que viven no asilo de Cambados e que asuma a súa responsabilidade para evitar que queden desprotexidas e que sexan espalladas por Galiza adiante, como xa teñen feito noutras ocasións. A Xunta é a administración con competencias, cos recursos e coa responsabilidade de tomar estas decisións. Acaban de anunciar a bombo e prato unha residencia pagada por Amancio Ortega, en Santiago, que custou 25 millóns de euros. Son 120 prazas. Suponse que entre 3 e 4 para 70 prazas é un bo negocio, ¿verdade, señora conselleira?

Polo tanto, demándolle que asuma as súas responsabilidades, que protexa esas persoas que están no asilo de Cambados e que compre ese pazo de Montesacro, porque é un bo investimento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Señor Torrado, dous minutos.

O señor TORRADO QUINTELA: Señora conselleira, mire que vemos cousas neste pleno, jeh!, pero esta foi das máis sangrantes que eu teño visto en moito tempo.

Mire, vostede é conselleira de Política Social. Entre as súas competencias está a capacidade e a competencia de xestionar o necesario para ter residencias, centros; para que as nosas persoas maiores teñan a capacidade de estar atendidas. ¿Cre vostede de verdade —de verdade, jeh!, eu preguntollo de verdade— que isto ten que funcionar con base en que os alcaldes concursan en ordes de subvencións? ¿De verdade vostede pensa isto? ¿De verdade cre que non se constrúe unha residencia nun lugar porque os alcaldes ou alcaldesas non se presentan ás ordes de subvencións?

Doulle a volta á pregunta: ¿dime vostede que non se construíu ningún centro nun lugar onde os alcaldes non se presentaran a esas ordes? ¿De verdade vostede sostén isto? A ver, vostede, obviamente, sabe que iso é mentira. A min o que me sorprende é que sexa capaz de mentir con tanta naturalidade. Mente vostede con total sinceridade; a verdade é que é bastante sorprendente. *(Murmurios.)*

Xa non lle vou discutir o das prazas, porque, en fin, imos entrar nun bucle. Vostedes crearon cero prazas de titularidade pública e xestión pública directa, ¡cero prazas! Pero acusou o alcalde —do que dixó «socialista», coma se fose algún ataque jeh!—... *(Murmurios.)* Que xa llo digo eu, custa falar en nome doutros jeh!, pero el está moi orgulloso —e eu tamén— de ser socialista. Dígo por se a vostedes lles parece mal que sexamos socialistas, que mandan a xente a atacarnos ás sedes; xa llo digo eu de man, jeh! *(Aplausos.)*



Pero, en todo caso, señora conselleira, xa que vostede di que a culpa é do alcalde, podía telo recibido para explicarllo. Mire, está aquí ¡eh!, seguindo este debate. Pode vostede explicarlle isto de que se van construír centros se concursan a ordes de subvencións.

Por certo, que vostede mencionou que podían implantar un centro de día. Vostede non se entera de nada, porque xa teñen un centro de día. É que xa lle ofreceron terreos para construír unha residencia, é que xa lle ofreceron varias solucións, e vostede dicindo que concursan en ordes de subvencións... ¿Pero vostede sabe cal é o seu cargo, señora conselleira? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno.

Por seis minutos, ten a palabra a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Torrado e señora Prado, ao mellor, os que non se enteran son vostedes, porque a Xunta de Galicia o que está facendo é traballar cada día para crear cada vez máis recursos. E, ao mesmo tempo que nós creamos recursos, vostedes compran pazos; e o Bloque Nacionalista Galego, ademais, sabe moito disto.

Eu póñolle un exemplo que me queda cerca: o Concello de Rianxo. O Concello de Rianxo, tanto quería construír un centro de día, que meteu 1,6 millóns de euros, empeñando todo o Concello, para comprar o pazo de Rianxiño. *(Aplausos.)* ¡Vós si que sabedes comprar pazos! Nós, creamos recursos. *(Protestas.)* *(Aplausos.)*

E, mire, señora Prado, supoño que vostede non poñerá en dúbida as entidades sociais que van xestionar as residencias que nos entregou a Fundación Amancio Ortega. Eu recórdolle: entidade social sen ánimo de lucro. Supoño que vostede compartirá con nós que lles estamos moi agradecidos ás entidades sociais, porque, ademais, uns días antes a súa patroa, a señora Pontón, reuníase con todas as entidades sociais... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)* Bueno, a xefa, a portavoz..., como lle queiran chamar. Non se enfaden. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): A ver, imos ver...

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Poño máis sinónimos, presidenta, para que a ninguén lle sente mal.

A señora Pontón reuníase con todas as entidades sociais para criticar o sistema de atención á dependencia. Supoño que a señora Pontón estará de acordo coa Xunta de Galicia en que sexan de xestión social, por parte de todas estas entidades sen ánimo de lucro.



Mire, señor Torrado, vostede fala de mentir. Os que mellor menten son todos vostedes, xunto co Partido Socialista e co Goberno central. Mente o Goberno central e tamén mente o seu satélite aquí, en Galicia, o delegado do Goberno. Hoxe mesmo: «O Goberno central financia a gratuidade da educación infantil». Mentira, a gratuidade da educación infantil finánciada a Xunta de Galicia co peto dos galegos, con 55 millóns de euros cada ano, e iso é grazas a este goberno, señor Torrado. *(Aplausos.)*

Pero miren, señores deputados, nós imos seguir polo noso camiño, pola nosa folla de ruta, mellorando e incrementando a atención residencial para todas as persoas maiores... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que precisan atención especializada 24 horas ao día. E ímolo facer cos orzamentos da Xunta de Galicia, os orzamentos máis sociais da nosa historia, e que nos permiten, ademais, poñer en marcha o Bono Coidado no Fogar, con 5.000 euros anuais para que poidan acceder a el máis de 20.000 persoas que desexan e que queren continuar vivindo na súa propia casa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ímolo facer tamén cuns orzamentos que permitirán aos maiores de 65 anos viaxar de forma totalmente gratuítas no transporte interurbano, pero é que, ademais, van contar con novas vantaxes e novos descontos en distintos establecementos.

E imos, como non, continuar apoiando as entidades sociais, como dicía; entidades ás que tanto lle debemos o seu traballo os 365 días do ano. Pero, ademais, imos apoiar todos os concellos que se impliquen, que queiran e que desexen crear novos servizos.

Ao que non imos apoiar é ao Concello de Cambados, porque non solicitou a convocatoria de 18,5 millóns de euros para construír un centro residencial e agora vén e dinos que ben que facía falta no seu concello. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Respecten o turno de palabra, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Imos seguir mellorando, queiran ou non queiran, a rede pública de residencias, pero, ademais, imos resolver todas esas ordes que están destinadas aos concellos galegos, porque o coidado, a atención e o mimo dos nosos pais e avós é competencia de todos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día, coa última pregunta, neste caso referenciada no punto 7.9.

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información facilitada polo Goberno central ás comunidades autónomas respecto do proceso de acollida das persoas chegadas ás Canarias na presente crise migratoria

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra don Alberto Pazos.



O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidenta.

Conselleira, de todos é coñecida a teima do Goberno presidido por Pedro Sánchez por tensionar permanentemente a relación con calquera institución gobernada polo Partido Popular, e a ninguén lle escapa que, se falamos de Galicia e das súas institucións, esa teima deriva en obsesión.

O señor Sánchez e os distintos membros do seu goberno non deixan pasar unha soa ocasión para utilizar de xeito partidista as institucións para confrontar, para tensionar e para quebrar o principio de lealdade que debería presidir as relacións entre as institucións, governe quen governe, xestione quen as xestione.

Mostras desa deslealdade institucional non faltan. Permítanme que cite só algúns exemplos:

O 27 de xaneiro o Goberno nomeaba un comisionado para o Corredor Atlántico Noroeste, e, transcorridos máis de nove meses, aínda non atopou un só minuto para reunirse coa Xunta de Galicia.

O pasado 29 de outubro a ministra de Facenda, a señora Montero, aproveitaba unha entrevista realizada en Ser Galicia para atacar o presidente Rueda, acusándoo de inventar noticias falsas sobre a condonación da débeda a Cataluña, días antes de firmar un pacto que inclúe a condonación da débeda en Cataluña.

O pasado 10 de outubro o Goberno anunciaba o recurso contra a Lei do litoral de Galicia, aprobada por este Parlamento en desenvolvemento da competencia de xestión do litoral contida no Estatuto de autonomía de Galicia. Tomábase esta decisión a piques de vencer o prazo de interposición de recurso, sen ningún tipo de diálogo previo ou de calquera contacto e negando aos galegos o informe do Consejo de Estado, que supostamente fundamenta ese recurso.

Aínda máis. Nunha mostra de cinismo político sen precedentes, o Goberno do señor Sánchez chegou a comparar esa lei cunha declaración de independencia. No mesmo país onde hoxe se pode ceder a xestión dunha infraestrutura ferroviaria que hai escasas semanas o Goberno cualificaba de absolutamente ilegal, no mesmo país onde hoxe é plenamente constitucional o que hai escasas semanas era absolutamente inconstitucional, no mesmo país onde hoxe se amnistía os responsables de cometer graves delitos contra a Constitución e a democracia, parece ser que Galicia, a leal Galicia, a Galicia «dos bos e xenerosos», é a comunidade que merece ser levada ao Tribunal Constitucional por romper España. ¡Vivir para ver, señorías! (*Aplausos.*)

O último episodio deste esperpento sanchista foi protagonizado polo delegado do Goberno, o señor Blanco, en relación coa xestión da crise migratoria que está sufrindo Canarias. Ante as demandas de información detallada por parte da Xunta de Galicia e dos concellos galegos sobre a chegada de inmigrantes á nosa comunidade autónoma, o Goberno, lonxe de recoñecer os erros cometidos, ataca o Partido Popular por insolidario, ocultando, iso si, que o único alcalde que se negou a facilitar o acollemento destas persoas foi un alcalde socialista.



E ante esta nova ao respecto, quixemos formular esta pregunta: ¿que valoración fai a Xunta de Galicia da información facilitada polo Goberno de España ás comunidades autónomas no proceso de acollida das persoas chegadas a Canarias durante a recente crise migratoria?

Máis nada, por agora. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Pazos.

Para dar resposta, ten vostede tres minutos, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Señor Pazos, nas últimas semanas a Xunta está asistindo con perplexidade á xestión que está a realizar o Executivo central nunha das maiores crises migratorias que recordemos nos últimos anos. Entre facer as cousas ben e facelo de forma coordinada e en colaboración coa Xunta de Galicia e os concellos e facer as cousas mal, de espaldas a administracións competentes e aos cidadáns, o Goberno central, como sempre, elixiu facer as cousas fatal.

Acostumados a decidir sobre o futuro dos galegos en despachos de Madrid e tamén en Bruxelas, a porta pechada, o Goberno central trasladou ás comunidades autónomas e aos concellos a chegada de persoas migrantes, unha vez que xa estaban decenas delas asentadas na nosa comunidade.

Envían, ademais, mensaxes contraditorias sobre o tempo que van permanecer na nosa comunidade, sobre o número de persoas e tamén, finalmente, sobre se van vir a Galicia e en que localización exacta van estar.

Non nos aclaran os criterios que seguiron para facer esta repartición, chegando a enviar —ou están a piques de facelo— a un concello como Sanxenxo, de 18.000 habitantes, tantas persoas migrantes como a toda unha comunidade como é o Principado de Asturias.

Pero o máis grave é que non informan a Xunta de Galicia como administración competente sobre as necesidades sanitarias de todas estas persoas, sobre se hai ou non hai persoas menores de idade, como parece que si que hai, ou tamén sobre as necesidades asistenciais que poden estar precisando.

Tal e como lle trasladamos ao Goberno central na reunión celebrada a semana pasada —á petición, por certo, das comunidades autónomas—, o que estamos a reclamar creo que entra dentro de toda lóxica. Necesitamos información para estar á altura das circunstancias que require unha crise humanitaria e migratoria como a que estamos vivindo. (*Aplausos.*)

Por suposto que imos colaborar. Por suposto que imos colaborar na atención de todas estas persoas, porque así o fixemos sempre que se nos requiriu axuda, e tamén o demostramos coa crise dos refuxiados ucraínos ou tamén coa dos afgáns. Por suposto que imos poñer todos os servizos que sexan competencia da Administración autonómica ao servizo de todas estas



persoas para atendelas o mellor posible. Por suposto que Galicia é unha terra solidaria e acolledora, porque o foi sempre e o vai seguir sendo.

A solidariedade é unha característica propia e intrínseca de todos os galegos, exactamente igual que «o sentidiño»; un sentidiño ou un sentido común que estamos a botar en falta, por certo, na xestión desta crise migratoria por parte do Goberno central e do señor Pedro Sánchez xa nos últimos anos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, o señor Pazos. Ten dous minutos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidenta.

Conselleira, eu lamento constatar as nosas sospeitas e lamento comprobar que ata nunha materia tan sensible como esta o Goberno de España antepón o interese partidista ao interese xeral. Creo, sinceramente, que as máis de 30.000 persoas que chegaron nos últimos meses ás costas canarias, despois de facer unha viaxe en condicións que apenas podemos adiviñar, merecen máis respecto. Creo que as comunidades autónomas que amosaron unanimemente a súa disposición a colaborar co Goberno para aliviar a grave situación que está a padecer Canarias, claramente desbordada pola onda migratoria que está recibindo, merecen máis respecto. Creo que os municipios, que de forma inmensamente maioritaria amosaron unha vontade de máxima colaboración para acoller a quen o precisa, practicando a solidariedade da que sempre fixeron gala, merecen máis respecto. E, dende logo, estou absolutamente convencido de que Galicia, as súas institucións e os seus cidadáns merecen moito máis respecto do que amosou o Goberno de España a través do seu delegado, cuestionando a solidariedade dunha terra que ten sobradamente acreditada a súa xenerosidade.

A xestión do Goberno foi simplemente nefasta e debería ter a humildade de desculparse e, aínda máis importante, de rectificar, porque, sendo difícil entender que se teña xestionado de maneira tan chapuceira esta crise, aínda resulta máis incomprensible a súa teimuda persistencia no erro. Ou talvez si sexa entendible se consideramos que, por exemplo, unha das asesoras do gabinete do ministro Escrivá é a responsable da asociación que lidera a acollida de emigrantes en Sobrado dos Monxes.

¿Será que se lles facilita máis información aos cargos socialistas que ás institucións galegas? Empeza un a sospeitar que o Goberno socialista está máis preocupado por facer partidismo, aproveitando as institucións públicas, que por garantir unha axeitada coordinación das administracións para prestar unha boa atención a estas persoas, que tanto a precisan e a merecen. Esperemos que pronto...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...o Goberno rectifique e facilite a información precisa para que Galicia poida darlles a acollida que merecen. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas, señor Pazos.

Ten a palabra a señora conselleira, para a réplica do Goberno, por tres minutos.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Señor Pazos, a Xunta de Galicia é consciente de que xestionar unha crise migratoria destas dimensións non é doado e de que os tempos de actuación non son sempre os desexados, pero o que xa é difícil de comprender é por que en todo este tempo, tras demandas continuadas de información por parte da Xunta de Galicia e dos concellos, o Goberno central aínda no día de hoxe non nos trasladou a información completa sobre as necesidades de todas estas persoas.

Temos que coñecer por fontes extraoficiais que posiblemente menores de idade estean entre as persoas que están chegando á nosa comunidade, de maneira que se estarían a romper todos os protocolos de actuación que hai que activar nestes casos. Tamén tivemos que coñecer por outras fontes que varias persoas tiveron que ser trasladadas ao Punto de Atención Continuada do Porriño e outra persoa ao Hospital Álvaro Cunqueiro para recibir atención sanitaria. Algo que entra dentro, por suposto, do lóxico e do normal e que podería ter acontecido de oficio, de facerse as cousas doutra maneira.

Como digo, hai maneiras e maneiras de facer as cousas: ou facelas ben ou de facelas mal. Nós queremos facelas ben, e así o estamos reclamando; estamos reclamando esa información por parte do Goberno galego. Estámolo reclamando dende que tivemos noticias desta situación, e tamén, como reclamou o alcalde socialista de Sobrado dos Monxes, que é, como di vostede, o único que rexeitou este acollemento.

E hai maneiras —como dicíamos— de facer as cousas mal, de xeito opaco, de costas a administracións autonómicas, municipais e tamén de costas a todos os cidadáns; un xeito de actuar no que, polo visto, o Goberno central se sente moi cómodo e ao que xa está moi habituado.


Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

Rematou o pleno. Levantamos a sesión.

Remata a sesión ás tres e oito minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

